



Sección de Lingua / Seminario de Onomástica

Toponimia de Padrón e Pontecesures

Fernando Cabeza Quiles

Colección Terra Nomeada

Asociación Galega de Onomástica



REAL ACADEMIA GALEGA

Fernando Cabeza Quiles

Toponimia de Padrón e Pontecesures

Consello de redacción
da colección **Terra Nomeada**

Ana Boullón (Real Academia Galega, Universidade de Santiago de Compostela)

Luz Méndez (Real Academia Galega)

Gonzalo Navaza (Real Academia Galega, Universidade de Vigo)

Antón Palacio (Real Academia Galega, Universidade de Vigo)

Edita:

Real Academia Galega

© Real Academia Galega

© Fernando Cabeza Quiles

Fotografías:

© Fernando Cabeza Quiles

Mapa:

© Ángel Duarte Campos
Xeosfera.com

Maquetación:

Real Academia Galega

Impresión:

Lugami Artes Gráficas
A Infesta, 96. 15319 Betanzos

ISBN: 978-84-17807-49-8

Depósito Legal: C 788-2025

<https://doi.org/10.32766/rag.451>



**REAL
ACADEMIA
GALEGA**



Asociación Galega
de Onomástica



En honor e recordo dos meus devanceiros padroneses e cesureses, apelidados *Sierra* e despois *Cabeza Sierra*, que chegaron ao Baixo Ulla no século XIX procedentes da localidade asturiana de Luarca, onde vivían polo inverno, e da comarca tamén asturiana de Ozcos, onde pasaban o verán. Este *modus vivendi*, con residencia durante os invernos na costa e no verán na montaña, invítame a pensar na posibilidade de que fosen vaqueiros de alza-da dedicados á gandería estacional, logo asentados en Pontecesures, onde se dedicaron ao comercio de ultramarinos e de coloniais a grande escala.

Á memoria de Elizabeth Núñez, á que os seus amigos levamos nos nosos corazóns, pois “nunca se morre de todo”, porque “a vida dos mortos está na memoria dos vivos” (Cicerón *dixit*).

Toponimia de Padrón

Introdución

O concello de Padrón creouse no ano 1836 con parroquias que pertencían ás antigas xurisdicións de Padrón, Quinta e O Xiro da Rocha, incluídas na provincia de Santiago. Situado no extremo sur da provincia da Coruña, limita ao norte cos de Rois e Teo, ao sur cos de Dodro, Valga e Pontecesures, ao leste cos de Teo e A Estrada e ao oeste cos de Rois e Dodro. Ten a súa capital municipal na vila de Padrón e está formado por cinco parroquias. A súa poboación de 8355 habitantes (censo do ano 2023) e os seus algo máis de 48 quilómetros cadrados de extensión soportan unha densidade de poboación elevada, de case 175 habitantes por km².

En canto ao relevo, que determinou a distribución da poboación, gran parte do concello esténdese sobre o amplo val do río Sar, antes de desembocar no Ulla, coincidente coa Depresión Meridiana galega neste punto. Nesta chaira aluvial de bo rendemento agrícola, ocupada polas parroquias de Padrón, Iria Flavia e Cruces, instalouse o groso da poboación, dedicada nas súas orixes maioritariamente á agricultura. Ao leste deste val, aproveitado tamén para o trazado das vías de comunicación, érguense os montes, aumentando en altitude de norte a sur, da Pena da Grela (410 m), O Lapido (432 m) e o monte Meda, tamén coñecido como Pico de Meda (447 m), cumio ou parte máis alta do monte Miranda. Polo oeste, case enriba da vila de Padrón, o val vese abrigado polas alturas máis modestas dos Altos de San Gregorio (237 m) e do Santiaguiño (233 m), que descende ata o santuario de Santiaguiño do Monte.

Despois de pasar en rápidos ao pé do monte Lapido, o río Ulla ábrese a partir do monte Meda, ensanchamento libre de obstáculos orográficos por onde entran, procedentes da contigua ría de Arousa, as chuvias de vendaval ou sur-suroeste que polo inverno regan de maneira abundante a comarca do Sar, a contigua da Maía e a próxima Terra de Santiago. Ao leste do concello, nas parroquias de Herbón e Carcacia, esténdese o val, tamén de gran potencialidade agrícola, do río Ulla nas súas marxes dereita e esquerda, que segue, río arriba, polos concellos de Teo (A Coruña) e A Estrada (Pontevedra).

Outra unidade topográfica non montañosa e tamén densamente poboada constitúea o pequeno interfluvio formado polo antigo curso do Sar (o chamado neste punto do seu percorrido río Vello) e o Ulla, pouco antes de se xuntaren nun territorio antano frecuentemente inundado pertencente ao extremo sur da parroquia de

Iria, onde están, entre outros lugares, as aldeas da Ponte, A Aduana, O Paraíso e unha fábrica de taboleiros; conxunto situado, cos seus molles fluviais, na banda dereita do Ulla, fronte aos da vila de Pontecesures.

Do pasado remoto do territorio pertencente ao actual concello consérvanse, entre outras manifestacións deste tipo, varios petróglifos no monte da Lomba, na parroquia de Iria Flavia, non todos prehistóricos, porque os que presentan *coviñas* poderían ser medievais e corresponder a un taboleiro de xogo gravado na rocha. Outros, situados no límite entre as parroquias de Iria e Herbón, puideron ser feitos para sinalizar o linde destas dúas freguesías.

En canto á mámoa do Castelo, situada un poucos metros ao norte do monte do Castrelo e este a carón do antes citado da Lomba, trátase dun enterramento neolítico de grandes dimensións. No monte *Castrelo* hai, como nos anuncia o seu nome, un pequeno castro da Idade de Ferro chamado castro do *Castelo* sobre o que se puido edificar, segundo parece indicar este segundo topónimo, un castelo medieval.

A práctica de aproveitar as favorables condicións para a defensa dunha mesma altura coa construción de dous recintos fortificados de distintos períodos históricos, un protohistórico (o castro) e outro medieval (o castelo), parece darse tamén no chamado castro de Arretén ou da *Barronca*, microtopónimo referido ao seu outrora gran foxo. Sobre este recinto castrexo, pertencente tamén á parroquia de Iria, parece que se construíu o castelo, logo derruído polos irmandiños, da Rocha Branca. Coma o da Rocha Forte de Santiago, así mesmo da mitra compostelá, servíalles de refuxio en tempo das revoltas dos burgueses composteláns aos arcebispos de Santiago e de residencia de verán a algúns deles, como don Lope de Mendoza. Este prelado mandouno reparar e adornar con hortas de laranxeiras e azulexos de Manises, e engadiulle varios edificios. O luxoso complexo residencial estendíase pola actual aldea chamada *A Horta* e polo castro de Iria, contiguo ao de Arretén e situado a curta distancia da Colexiata. Este segundo recinto castrexo, tamén moi deteriorado, non amosa sinais de que o reconvertesen en castelo, como tampouco as mostra o castro do Barco ou castro de Arriba, así mesmo na freguesía de Iria, situado xusto enriba da aldea do Barco. En canto ao monte do Castro Valente, o seu topónimo refírese a un gran recinto fortificado, situado entre os concellos de Padrón e A Estrada. Este gran castro, que ten signos de ser romanizado, quizais lle serviu de refuxio á poboación da contorna iriense no tempo das invasións marítimas, primeiro normandas e despois sarracenas, que chegaban pola ría de Arousa e a súa continuación navegable, o río Ulla. A este respecto, lemos na *Crónica de Santa María de Iria*, escrita ente os anos 1467 e 1468:

Et logo comesçou a rreparar o castello do Est [As Torres de Oeste] por gardar a terra dos ysmaelitas et normanos que entrauã porla rria e estraguã toda a terra.

Coa romanización dos castros e a posterior baixada dos seus habitantes a lugares máis agrícolas e chans e menos defensivos, imponse outro tipo de hábitat e de vida, que se manifesta na potenciación da cidade romana de Iria Flavia, así nomeada por Claudio Ptolemeu no século II e no *Itinerario de Antonino* como unha *mansio* da vía romana número XIX que ía de Braga a Astorga, a cal, coa súa poboación xa cristianizada, acadou en época sueva a categoría de sé episcopal, logo trasladada a Santiago de Compostela.

Produto da cristianización tamén é o lugar de Santiaguíño do Monte, posible centro pagán colonizado pola nova crenza coa icona do apóstolo Santiago, cuxa figura pétrea coroa, sobre unha peaña, o que parece ser un lugar de antigos cultos litolátricos, formado por dez grandes penedos que aínda conservan sinais do seu antigo paganismo e posterior cristianización, consistentes no recordo de ritos efectuados entre os penedos e en cruces gravadas sobre eles.

O culto a Santiago dispensado no Monte do Santiaguíño repítese na advocación da parroquia de Santiago de Padrón, segregada da de Iria Flavia no ano 1877, cunha primeira igrexa prerrománica construída, coma as tres posteriores, incluída a actual, na ribeira esquerda do río Sar, moi próxima ao significativo monte xacobeo do Santiaguíño.

Á desaparecida igrexa románica de Santiago de Padrón, mandada construír por Xelmírez (seguíronlle unha con reformas góticas e a actual), cómpre engadir a así mesmo románica da parroquia de Santa María de Herbón, tamén do tempo de Xelmírez. Esta, que conserva a maior parte da súa fábrica orixinal, é robusta e de grande alzado e os seus contrafortes garanten a súa estabilidade. No tempo deste templo e do tamén románico de Padrón, o rei Fernando II, enterrado na catedral de Santiago, asina no ano 1164 o *Foro de Padrón*, no cal recoñece certos privilexios e franquías aos veciños do burgo padronés, coas vantaxes económicas que isto supón.

No devir relixioso, histórico e mesmo económico (os famosos pementos de Herbón débense á súa iniciativa ou influencia) tivo un papel importante o mosteiro franciscano de Santo Antonio de Herbón, construído no século XIV a carón da ribeira dereita do Ulla, xusto no punto ao que chegan as mareas procedentes da ría de Arousa.

Cómpre resaltar tamén, aínda que sexa brevemente, o convento dominico (nun principio carmelita) de San Xosé ou do Carme. Data do século XVIII e está situado nun alto rochoso dende cuxo miradoiro, situado sobre a ribeira dereita do Sar, coa artística fonte do Apóstolo Santiago ao seu pé, se domina unha ampla e fermosa panorámica da veiga deste río. Tamén son destacables a Casa do Concello e o Alfolín do Sal; este, adaptación de edificios anteriores, é hoxe de propiedade particular e funcionou como albergue de peregrinos do Camiño Portugués.

Fóra da vila, na parroquia de Santa María de Cruces, érguese o santuario da Nosa Señora da Escravitude, tamén do século XVIII (a súa segunda torre levantouse no XIX). Cara ao sur, máis preto da capital do concello, atópase a igrexa da

parroquia de Santa María de Iria, que é o último dunha serie de templos sucesivos, todos construídos no mesmo espazo, o primeiro dos cales puido ser unha igrexa do período da Galicia sueva, cando Iria era bispado, o que non imposibilita, dado que o cristianismo adoita constituírse no contexto da romanidade tardía, que non houbese outra anterior á chegada dos suevos e á constitución do seu reino.

Os molles fluviais de Padrón e de Pontecesures, construídos un fronte ao outro en ambas as dúas ribeiras do río Ulla, ata aquí navegable e seguramente activos con outros embarcadoiros anteriores dende os tempos da cidade romana de Iria Flavia, foron perdendo importancia a medida que os sedimentos foron cegando os canais de navegación do río.

Malia que ata hai relativamente poucos anos a fertilidade das veigas dos ríos Sar e Ulla propiciou que a agricultura fose un dos principais motores económicos do concello, hoxe non é así. Dende a década de 1980 cambiou radicalmente a estrutura económica e produtiva, e o cultivo do campo foi substituído en gran parte polo traballo na industria con importantes empresas de transformación do aluminio e da madeira e de curtidos.

O pasado agrícola do concello manifestouse na especialización e posta ao día do cultivo dos famosos pementos de Herbón. A calidade e a boa comercialización deste produto a través do réxime de cooperativa ten contribuído a un certo impulso económico do sector agrario. Así e todo, o Padrón actual é un municipio fundamentalmente industrial e de servizos dunha ampla comarca que acode cada sábado ao frecuentado mercado que se celebra no Campo do Souto da vila padronesa e no contiguo paseo do Espolón. Ao abeiro desta gran concentración comercial xurdiron tendas e almacéns de produtos para o campo.

A lingua que se fala no concello de Padrón (e Pontecesures) pertence, segundo a clasificación establecida polo profesor F. Fernández Rei (1991) ao bloque do galego occidental, onde é característica a gheada (*amigho*, *ghato*), á que cómpre engadir o seseo explosivo en posición inicial de sílaba (*vesiño*, non *veciño*, o topónimo *Sesures*, na pronunciación popular, non *Cesures*) e o ímplosivo en posición final de sílaba (*rapás*, *lus*, o topónimo padronés *Romarís*, non *Romariz*). Estes fenómenos están moi presentes na poesía de Rosalía de Castro, a eximia poeta de Padrón, quen, ao apoiarse na variedade lingüística e dialectal da terra, a empregaba de maneira frecuente e recorrente en, por citar só algúns exemplos, palabras como *corasón*, *nasín* ou *maldesir*, *sombrisas*, *despreso*, *corasonsiño*, *conós* etc. En canto ao fenómeno da gheada, xunto co seseo a variante fonética máis importante de Galicia, tamén é un trazo característico das terras do Ullán, pero cando o *g* vai precedido dunha nasal, o máis frecuente é que non se faga (*sangue*, *domingo*, *ninguén*, *ningún*).

Tamén son propias e características da fala da Terra de Iria, en comuñón co resto do bloque do galego occidental, as terminacións *-án(s)* < latín *-ANO(S)* / *-ANA(S)* para o masculino e para o feminino (*a miña irmán*, *as miñas irmáns*, non *a miñá*

irmá, as *miñas irmás*), solución que atopamos no microtopónimo do concello de Pontecesures *A Poza das (Ar)ráns*, non *das Ras*, resultado que ademais pode estar presente no topónimo padronés *Luáns*, se ben, o tamén xentilicio *Berxaos*, no canto de **Bexáns*, situado no extremo leste do concello, no seu límite co de Teo, semella sinalar que nesa parte do termo municipal debeu darse para a terminación latina -ANOS a solucións -aos.

Aínda que no extremo sur da banda coruñesa da ría de Arousa próxima a Padrón existe a crase ou a contracción en -ó do hiato -oa, resultado da caída do -l- e o -n- intervocálicos (*mo* < MOLA), este fenómeno non se dá na fala do Baixo Ulla, que di *moa* (non *mô*) e *avoa* para o feminino, non *avó* etc. Padrón e Pontecesures entran na área xeográfica das formas *catro* e *cando*, ao contrario do que sucede na estrema sur da provincia de Pontevedra e en Portugal que usa *cuatro* e *quando* ou topónimos como *A Guarda* e non *A Garda*.

Outras características da área lingüística á que pertencen Pontecesures e Padrón, concellos por onde tamén pasa a isoglosa do cheísmo, son os plurais en -ns das palabras rematadas en -n (*cans*, *ladróns*) e -ales para as que acaban en -al (*animales*, *toxales*). É propio tamén das terras padronesas e cesuresas o uso do ditongo -oi (*moito*, *troita*) e do pretérito perfecto de indicativo *dou*, no canto do estándar ou xeral *deu*. Aínda que noutras zonas próximas do galego occidental, como a subárea do Barbanza, *che* é dativo e acusativo, sendo xeral e rotundo o fenómeno do cheísmo (*vinche na festa*), no galego falado de Padrón e Pontecesures non se oe tanto e hai vacilación (*vinte na festa*).

A lingua de Pontecesures-Padrón tampouco coincide coa do Barbanza, da que está preto, no emprego da forma do pretérito dos verbos da primeira conjugación tipo *cantín*, *pensín* ou *atopín*, xa que os seus falantes tamén vacilan (*marchei*, pero *cheguín*). Contando con que o galego estándar é o normativo que se ensina nas escolas, antes da súa implatación como materia regulada este fenómeno debeu ser frecuente e seguro. Así, Rosalía de Castro nos seus *Cantares gallegos* escribe sempre *cheguín*, *pasín*, *falín* e *gardín*. Os galegofalantes dos concellos de Padrón e Pontecesures empregan a vogal temática *e* (non *i*) na terceira persoa de singular do pretérito perfecto de indicativo da segunda e terceira conjugación (*colleu*, *ven-deu*) como é maioritario en Galicia, fronte ás formas coa vogal temática *i* (*colliu*, *vendiu*), usadas na comarca de Bergantiños e noutras do occidente da provincia da Coruña, como Xallas ou Soneira.

Outra característica do galego da que poderíamos chamar zona do Ullán, que comparte co galego occidental das provincias da Coruña e Pontevedra, é o uso de *ti* como pronome suxeito (e *nós*, *vós*). Nos demostrativos neutros úsase *este*, *aquel* e *esto* (non *aquil*, *isto*, *iso*). Como *grosso modo* na metade sur do galego occidental, o falado nas terras bañadas polo Ulla e polo Sar emprega o verbo *cheirar* (e non *ulir* e as súas variantes) con significado neutro, de aí que se teña que especificar con adverbios como *ben* ou *mal* de que olor se trata. Como sucede en case todo o territorio de Galicia, o galego que se fala nas terras do Ullán ou do Baixo Ulla distingue semanticamente os verbos *mirar* e *ver* (non te *vin* na festa), malia que

a poucos quilómetros, nalgún punto da comarca do Salnés non se fai a distinción (non te *mirei* na festa).

En canto ao léxico, para o *prebe*, sobre todo da empanada, os padroneses e os cesureses usan a palabra, con seseo e gheada, *saraghallada*. Xosé Pumar Gándara, cura párroco de Padrón durante varios anos, recolleu en 1989 como signos diferenciadores no vocabulario *pan de millo* no canto de *broa*, *pucho* en vez de *cucho* e *meniño/a* por *neniño/a*. Hoxe, aínda que tamén se usa *broa*, *pan de millo* é maioritario na fala, o mesmo ca *pucho* fronte a *cucho* e *meniño/a* con respecto a *neniño/a*, propio, por exemplo do concello coruñés de Carballo, mentres que *meniño/a* o é do de Ribeira.

Unha característica da fala de Padrón e de Pontecesures e das terras veciñas do Ullán ou O Baixo Ulla é a utilización do substantivo *lata* co significado de ‘entramado sobre o que se estenden as parras’, palabra que utilizou moito nas súas dúas novelas ambientadas na zona o escritor Anxo Angueira, nado no concello de Dodro.

Os mariñeiros chamados baleiros de Pontecesures usan, o mesmo que os mariñeiros da comarca do Barbanza, o verbo *arriar* ‘soltar, deixar de agarrar’.

Un trazo que atopamos na toponimia do concello de Padrón e no contiguo de Pontecesures, compartido con outras áreas, é a perda dunha sílaba por síncope ou desaparición dunha vogal átona. É o caso do nome de lugar da parroquia de Carcacia, *Cruxeiras* (*de Abaixo* e *de Arriba*), cambio por subtracción que, loxicamente, tamén se dá na fala popular e na poesía de Rosalía, con exemplos como *esprito* ou, este tamén con seseo, *adresos*, no canto de *aderezos*.

Ao contrario que na fala dialectal doutras partes de Galicia, que pronuncian o seu topónimo *Xoane* como tal, na de Padrón pechan o *o* en *u*, resultando *Xuane*. O mesmo para o tamén nome de lugar *Berxaos*, na fala *Berxaus*.

O topónimo padronés *Pazos* amósanos que a lingua de Padrón e de Pontecesures non ten iode (*pacio*) nesa palabra. O cesurés *Fenteira* demostra que, no momento da creación deste topónimo, a voz para denominar a planta era *fento* e non *feito*. Hoxe, malia que se usan as dúas, predomina a primeira.

No fala do concello de Padrón atopamos a palabra *turro* (procedente do verbo *turrar*) co significado de ‘pedra labrada cun ollo ou burato que serve, mediante unha corda (maroma) de amarre, de propulsión e guía ás barcas de pasaxe do río Ulla’. No concello de Valga, limítrofe co de Pontecesures, temos visto turros parecidos tirando das viñas, o mesmo que no de Cambados.

Agradecementos

Quero amosar o meu agradecemento e gratitude aos revisores que coas súas suxestións, contribucións e correccións melloraron o texto. Conste tamén o meu agradecemento aos informantes anónimos que, nas miñas viaxes dende Carballo a Padrón e Pontecesures, me deron valiosas informacións dos lugares onde traballan e viven. Colaboraron de maneira especial contestando as miñas preguntas Josefa Vicente Enrique, veciña da aldea cesuresa de San Xulián, e Marta Amo Doce, da de Porto de Abaixo, así como María Teresa Codesido, do lugar padronés do Paraíso. A profesora Anxa González Refoxo, nada na aldea padronesa de Porta dos Mariños, indicoume algunhas particularidades da fala dialectal do Baixo Ulla.

Explicación dalgúns termos

antropónimo: s. m. Nome propio de persoa.

asimilación: s. f. Proceso polo que unha vogal ou consoante exerce a súa influencia articulatoria e acústica sobre outra contigua e se fan iguais.

crase: s. f. Contracción ou fusión de dúas vogais en contacto nunha mesma palabra ou da vogal final dunha palabra coa inicial da seguinte.

cultismo: s. m. Palavra procedente das linguas clásicas, latín e grego, que se incorpora directamente ao idioma sen sufrir as transformacións fonéticas das palabras patrimoniais.

cheísmo: s. m. Fenómeno lingüístico que se rexistra en partes do bloque occidental das falas galegas; consiste en non rexistrar na fala a oposición entre *che* (obxecto indirecto) e *te* (obxecto directo), utilizando *che* para ambas as dúas funcións. Por exemplo “vinche no cine”, no canto de “vinte no cine”.

disimilación: s. f. Proceso polo que unha vogal ou consoante exerce a súa influencia articulatoria e acústica sobre outra contigua e se fan diferentes ou desaparece unha das consoantes disimiladas. Exemplos: *Guimaráns* > *Guimeráns*, *Orvón* > *Herbón*.

etimoloxía: s. f. Disciplina lingüística que estuda a orixe e a evolución fonética, morfolóxica e semántica das palabras, incluídos os topónimos.

fitotopónimo: s. m. Topónimo que se refire ao mundo vexetal. *O Piñeiro*, *Queiruga*, *O Souto*, *Lestido*, *A Horta*, *A Toxeira*.

galicismo: s. m. Vocábulo ou xiro procedente do francés empregado noutra lingua (no noso caso, no galego). Exemplos: *A Rocha*, *A Rúa*.

gótico: s. m. Lingua da rama do xermánico oriental que falaron os godos.

haxiotopónimo: s. m. Topónimo que se refire a un santo ou santa ou a cultos relixiosos. Exemplos: *A Igrexa*, *A Escravitude*, *Santa Cruz*, *O Santiaguíño do Monte*.

hidrotopónimo: s. m. Topónimo que se refire a un elemento xeográfico relacionado coa auga. Exemplo: *Os Lagos*, *Ribadulla*, *O Rego da Manga*, *Sar*, *Tarrio*.

indoeuropeo/-a: adx. Pertencente ou relativo á lingua falada dende a India ata Europa ao final do Neolítico e nos comezos da Idade de Bronce. Trátase dunha lingua prehistórica e hipotética reconstruída polos lingüistas a partir de comparacións das linguas que supostamente proceden dela.

iode: s. m. Nome que recibe no alfabeto fonético o *i* semiconsonántico (*fiel*) ou semivocálico (*reino*).

isoglosa: s. f. Liña imaxinaria que nun mapa lingüístico sinala o límite entre a presenza e a ausencia dun fenómeno lingüístico determinado e separa dúas áreas dialectais.

litolatría: s. f. Culto ou adoración ás pedras.

litolátrico: adx. Relativo ou pertencente á litolatría.

sintagma toponímico: Topónimo formado por unha unidade maior que a palabra.

metátese: s. f. Alteración da posición dun fonema dentro da palabra.

microtopónimo: s. m. Nome de calquera elemento xeográfico ou lugar non habitado.

orotopónimo: s. m. Topónimo que se refire ao relevo do terreo. Exemplos: *Meda*, *Pousada*, *A Serra*, *Sobrerribas*.

posesor: s. m. O que posúe, propietario. Un topónimo de posesor é aquel que contén o nome persoal, de orixe latina ou xermánica, do antigo propietario ou proprietaria dunha terra. Exemplos: *Bandín*, *Estramundi*, *Romarís*, *Rumille*, *Sande*, *Xoane*.

seseo: s. m. Fenómeno que consiste en pronunciar como /s/ o fonema interdental /θ/. O seseo pode ser implosivo ou explosivo: o implosivo dáse en posición final de sílaba e o explosivo, en posición inicial.

tautoloxía: s. f. Repetición dun mesmo pensamento expresado de maneiras distintas.

tautolóxico: adx. Pertencente ou relativo á tautoloxía.

topónimo: s. m. Nome propio de lugar.

únicum: adx. Único, este adxectivo latino designa topónimos únicos.

viario/-a: adx. Pertencente ou relativo ás vías de comunicación. Un topónimo viario é aquel que se refire a elas. Exemplos: *A Calzada*, *O Confurco*, *A Rúa*.

xenitivo: s. m. Caso da declinación indoeuropea e linguas derivadas (o latino en singular remata en *-i* e tradúcese ao galego por *de* + substantivo) que nos topónimos de posesores territoriais expresa a súa propiedade.

xentilicio: adx. Dise da palabra que denota relación cun lugar xeográfico.

xermánico/-a: adx. Pertencente ou relativo á rama do indoeuropeo de que proveñen o inglés, o alemán, as linguas de Escandinavia etc., e a lingua antiga chamada gótico.

Parroquias e lugares do concello de Padrón

Nesta relación de topónimos recóllese a lista dos nomes das entidades de poboación do concello distribuídos por parroquias, como aparecen no NG (*Nomenclátor de Galicia*). Indícanse en cursiva os nomes que se modificaron en relación ao anterior nomenclátor (2003) de acordo coas propostas feitas polo Seminario de Onomástica da Real Academia Galega e as novas identidades de poboación.

As modificacións son as seguintes: *A Angueira de Suso* da parroquia de Cruces corrixiuse como *Angueira de Suso*; *A Santiña da Devesa* da parroquia de Padrón como *A Devesa*; e *Vilar* da mesma freguesía como *O Vilar*. As novas entidades de poboación son *Os Lagos* e *O Montiño*, na parroquia de Cruces. Eliminouse tamén o topónimo *Riba da Fonte* por denominar unha rúa da aldea de Herbón.

Carcacía (San Pedro)

Bandín
Berxaos
Casal
Corral
Cruxeiras de Abaixo
Cruxeiras de Arriba
Guimaráns
Igrexa, A
Lamas
Outeiro, O
Pousada
Rial
Ribadulla
Rumille
Sande
Sinde

Sobrerribas
Xoane

Cruces (Santa María)

Abelina, A
Angueira de Suso
Areal, O
Baiuca, A
Bascuas
Cruces
Escravidude, A
Lagos, Os
Loureiro, O
Montiño, O
Muíños, Os
Pedroso do Norte, O
Pedroso do Vendaval, O

Picaraña, A
Prada
Queiruga
Tarrío
Vigo
Vilar, O

Herbón (Santa María)

Barca, A
Casas Baratas, As
Condes, Os
Confurco
Cortiñas
Herbón
Igrexa, A
Morono
Rego da Manga, O
Rocha, A
Santa Cruz

Iria Flavia (Santa María)

Aduana, A
Anteportas
Arretén
Barco, O
Calzada, A
Cambelas
Couto, O
Horta, A
Iria Flavia
Lestido
Luáns
Matanza, A
Montiño, O
Muelle, O
Paraíso, O
Pazos de Iria
Pedreda
Piñeiro, O
Pombal de Abaixo, O
Pombal de Arriba, O
Ponte, A
Porta dos Mariños
Pousa, A

Quintáns
Romarís
Roucón, O
Rúa, A
Rueiro, O
Souto, O
Vista Alegre

Padrón (Santiago)

Agronovo
Estramundi de Abaixo
Estramundi de Arriba
Lamas
Padrón
Pedreira, A
Santiagoño do Monte, O
Devesa, A
Serra, A
Souto, O
Torre, A
Toxeira, A
Trabanca, A
Vilar, O

Outros elementos xeográficos

Castro Valente, (monte)
Lapido, O (monte)
Meda (monte)
Río Vello, O (río)
Sar (río)

Estudo dos topónimos

Abelina, A

Lugar da parroquia de Cruces

A forma orixinal deste topónimo puido ser **A Veliña*, diminutivo da *vela*, ou **A Valiña*, diminutivo de *val*, o cal, co seu *a* inicial palatalizado en *e* por influencia do *i* tónico, daría *Veliña*. Estas formas con *ñ*, e non a da *Abelina*, con *n*, deberíanse a unha interferencia do castelán, o que se repetiría no topónimo tamén padronés *Morono*, que pola mesma intromisión converteríase en *Morono* e na palabra *zanfona*, que en bo ou auténtico galego sería *zanfoña*.

Calquera destas dúas posibilidades, **A Veliña* ou **A Valiña*, estaría de acordo coa realidade do lugar, xa que a aldea hoxe chamada *A Abelina* está situada sobre un pequeno outeiro ou lugar de vela ou vixilancia, que dende a súa altura forma un pequeno val polo que corre o río de Tarrío.

A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) cita un muíño de pedra negra, sen maquía e de *hermandad* (de varios propietarios) no río de *Velina* (non *A Abelina*); “en el lugar de *Pedroso* [non sabemos se se trata do *Pedroso do Norte* ou do *Pedroso do Vendaval*] y río dicho de *Velina* [trátase do río de Tarrío]”, que é o topónimo *A Abelina* sen o seu *A-* inicial. O *Nomenclátor* do ano 1864 rexístrao como *Beliña*. En Carre Aldao (1928) figura *Belina*. *Beliña* volve aparecer no *Nomenclátor* do ano 1970.

Este topónimo é único en Galicia entre os nomes de lugar habitados, malia que existe o microtopónimo, recollido en *Galicia Nomeada*, *O Alto da Abeliña* no concello coruñés de Lousame.

Aduana, A

Lugar da parroquia de Iria Flavia

Como o seu nome indica, no lugar chamado *A Aduana*, da voz árabe AD-DIWANA, estivo a aduana que houbo na marxe dereita do porto fluvial de Padrón-Pontecesures, sobre o río Ulla. Esta oficina pública controlaba e cobraba os dereitos de paso das mercadorías que subían en barco dende a ría de Arousa polo río, outrora máis

navegable. Foi xefe desta aduana durante un tempo o militar catalán José Gasset Montaner, quen había ser bisavó do notable filósofo e ensaísta español, José Ortega y Gasset. Gasset Montaner tamén foi administrador, cara ao ano 1800, do antigo Almacén das Rendas Estancadas do Tabaco, situado na actual vila e concello de Pontecesures, na outra banda do río Ulla, cando a parroquia de San Xulián de Requeixo (ata 2003 San Xulián de Pontecesures) era anexa da de Herbón e pertencía a Padrón. Segundo recollemos en Piñeiro Ares (1989), o derradeiro administrador da aduana de Ponte Cesures - Padrón foi José Varela Fontán.

O dicionario de Madoz (1845-1850) non rexistra o topónimo. Tampouco os nomenclátors dos anos 1864 e 1888. Cara a 1928, a aduana era, segundo Carré Aldao, de cuarta clase: “Su *aduan*a es de cuarta clase y se denomina Ponte Cesures - Padrón. Es estación sanitaria de segunda clase”, xa que, á parte da súa función recadadora das correspondentes taxas sobre o tráfico das mercadorías, as antigas aduanas, así como os portádegos, exercían xa un certo control sanitario dos produtos alimenticios que pasaban por elas.

O topónimo *A Aduana* aparece como *Aduana* por primeira vez no *Nomenclátor* do ano 1920. Como amosa a fotografía que acompañamos, o edificio desta aduana segue en pé. A súa actual propietaria, María Teresa Codesido, sinalounos os ocos, hoxe cegos, onde os gardas metían os seus mosquetóns dende dentro, co fin de protexer a aduana en caso de ataque ou intento de roubo das mercadorías que gardaba, as máis grandes das cales eran almacenadas nunha especie de curral en fardos e caixas e as máis delicadas e valiosas noutra dependencia con barrotes.

Un segundo lugar chamado *A Aduana*, referido a outra alfándega dun porto fluvial, dálle hoxe nome a unha rúa da vila de Ponteceso (A Coruña), situada a carón do río Anllóns, outrora navegable ata este punto por barcos de pequeno calado, ao que chegaban para desembarcar os seus portes e embarcaban, na súas viaxes de retorno, mercadorías como as daquela moi solicitadas olas de Buño, con destino ao porto da Moureira, na cidade de Pontevedra, segundo nos informa, o ano 1745,



| O edificio da aduana

Un dos ocos, hoxe cego,
onde os gardas metían
os seus mosquetóns



o padre Sarmiento. Esta aduana, segundo recollemos en Carré Aldao, cara ao ano 1928 era de terceira clase:

Ponte-Ceso, en la desembocadura del Anllóns y puerto habilitado, con aduana de tercera clase [...] El puerto de Ponte-Ceso es de algún movimiento [antes de cegarse o leito do río, como en Pontecesures], exportándose cereales, habichuelas [o outrora afamado trigo de Bergantiños e as súas non menos apreciadas fabas] y maderas [as dos desaparecidos serradoiros da vila de Eduardo Pondal].

Á parte dos dous *A Aduana* anteriores, tamén existen os topónimos *A Aduana de Corón*, no concello de Vilanova de Arousa (Pontevedra), e *A Aduana*, no de Arbo, na mesma provincia, e algún máis entre a toponimia menor, que recolle a plataforma *Galicia Nomeada*.

Agronovo

Lugar da parroquia de Padrón

O de *Agronovo* é un topónimo transparente que se refire a un agro ou terreo cultivado (en latín AGRU) novo (en latín NŌVU) en relación con outros agros da súa contorna próxima que empezarían a ser traballados anos antes.

A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) cita o topónimo como segue: “Otra [peza de terra], *Agronobo*, labradío secano, ocho concas, tercera calidad”. Non atopamos atestacións do topónimo antes desa data.

Angueira de Suso

Lugar da parroquia de Cruces

O topónimo *Angueira de Suso* é escuro. Semella reproducir na súa primeira parte a voz homónima *angueira*, procedente da latina *ANGĀRIA*, e esta da grega, á súa vez procedente do persa, *angareia*, ‘tarefa obrigatoria de transporte’, servizo que os vasalos debían prestar ao seu señor coas súas bestas de carga ou carros.

Corominas e Pascual documentan as voces latinas *angariae* ‘prestacións de transporte, transporte obrigado en caballería o en carro’, *angaria*, ‘acarreo forzososo’ e *angariare* ‘requisar para un acarreo’, familia de palabras que segundo os autores “está representada copiosamente y desde muy antiguo; se nota la referencia casi constante a obligaciones de transporte: *animalia in angaria praestita* en la Lex Wisigothorum, *angarias cum carro faciant* en la Lex Bajuvariorum (Du C.)”. Este tipo de traballo antigo pode ser ao que faga referencia o primixenio topónimo *Angueira*, logo diversificado nos actuais de *Angueira de Castro* (no concello de Rois, limítrofe co de Padrón) e *Anguiera de Suso*. En relación co significado máis xeral da voz *angueira* ‘ocupación, labor, traballo’, Iván Sestay Martínez dálle ao nome dun lugar chamado *As Angueiras*, en orixe *A Angueira*, da parroquia viguesa de Sárdoma, o significado de ‘lugar onde se traballa a terra’.

Verbo de *Suso*, a segunda parte do topónimo, semella ser a evolución do adverbio latino *sŭRSU* ‘arriba’. Malia isto, o feito de aparecer o topónimo como *Angueira de Iuso* nunha atestación do ano 1563 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago (en diante AHUS) e como *Angueira de Juso* noutras dúas de 1576 e 1590 do Arquivo da Catedral de Santiago (en diante ACS) induce a pensar que, no canto do adverbio *sŭRSU* ‘arriba’, o topónimo conteña o seu contrario *deorsu* ‘abaixo’, e que a primeira consoante de *Xuso* pasase á actual de *Suso* por un fenómeno de despalatalización. Outra posibilidade sería que as devanditas atestacións se debesen a confusións dos amanuenses, o que parece improbable ao tratarse de tres. A este respecto hai que dicir que a aldea *Angueira de Suso* non está nun lugar especialmente alto, senón situada ao pé de lugares moito máis elevados.

Como indicamos antes, aínda que hoxe existen, próximos entre si, o topónimo padronés *Angueira de Suso* e o roisense *Angueira de Castro*, a documentación medieval semella confirmar que os dous naceron a partir dunha soa forma simple *Angueira*, nun principio *Angaria*. Así, nunha atestación do ano 1175 do mosteiro de Toxos Outos cítase un tal “Cresconius Martini, conf. Magister de *Angaria*”, noutra de 1191 de San Martiño Pinario, unha *hereditate de Angaria*, e nunha terceira do ano 1273, esta do cenobio de Camanzo, que pertenceu á igrexa de Santiago e máis tarde ao mosteiro de San Paio de Antealtares, noméase unha testemuña chamada “Michael Lupi dictus de *Angeyra*”. Seguindo con esta pauta, o actual lugar de *Angueira de Suso* aparece como *Angueira* na Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) e no nomenclátor do ano 1864. O de 1888 ofrece a forma composta.

Outra posibilidade para o topónimo *Angueira de Suso*, se o seu primeiro compoñente non reproducise a palabra *angueira*, consistiría en consideralo un hidrotopónimo prerromano relacionado co nome do río *Angueira*, de *Angueira*, do Manzanillo ou de Bascuas, pequena corrente fluvial que nace a carón da Pena de Angueira, lugar de orografía especialmente irregular, e pasa, dando constantes voltas e reviravoltas, ao pé da aldea de *Angueira de Suso* para logo desembocar uns metros ao sur da do Sisto do concello de Rois, na marxe esquerda do río Sar.

Na parroquia viguesa de Sárdoma, o devandito lugar antigamente chamado *A Angueira*, hoxe *As Anguieras*, está situado nunha orografía semellante por onde discorre o río da Freixa. En canto ao río *Angueira*, que nace na localidade zamorana de Alcañices e axiña se mete en Portugal, tamén presenta ao longo de todo o seu percorrido moitas viravoltas, especialmente ao pasar por unha aldea chamada *Angueira* do concello de Vimoso, onde describe unha gran curva ou ángulo fluvial, tipo de orografía que se repite no concello de Dodro, limítrofe co de Padrón, con relación, segundo nos informou xa hai ben anos Julio Vázquez Angueira, O Saleiro, oriúndo de Lestrobe e rexistrou por escrito Manuel Lorenzo Baleirón, a un monte especialmente accidentado do lugar de Lestrobe, chamado *As Angueiras*, topónimo que debe ser un plural secundario referido, respectivamente, a dúas partes próximas entre si do monte, a saber: *A Angueira Grande* e *A Angueira Pequena*.

Nas mesmas ou parecidas circunstancias de relevo atópase un río catalán chamado *Anguera*, afluente do Francolí, que presenta moitas curvas ou meandros no seu percorrido. Non sabemos as condicións orográficas dun lugar chamado *A Angueira*, microtopónimo do concello de Santiago de Compostela. As características topográficas comúns dos ríos chamados *Angueira* e *Anguera* poderían poñer en relación, é só unha hipótese, o topónimo coa palabra prerromana *anco* ‘ángulo que fai un río ou o cume máis ou menos agudo dunha montaña’.

Aínda que esta nosa conxectura ten inconvenientes dende o punto de vista fonético e non está de acordo coa forma antiga *Angaria* do topónimo *Angueira*, existen testemuños que parecen relacionar o topónimo *Angueira* co devandito río que pasa a rentes da aldea *Angueira de Suso*. É o caso dunha atestación do ano 1390 do *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG) que cita “hũu casal et outro no camño de Padrón, cabo do [a carón do] rrýo d’*Angeyra*”, e dun rexesto de 1524 do AHUS onde figura “el molino de Ponte de *Angueira*, sito en Santa María de Cruces”, ponte que puido estar no mesmo lugar dunha súa sucesora, situada, segundo puidemos comprobar, xunto a *Angueira de Suso*, a cal ten ao seu carón un muíño hoxe arruinado e cuberto de hedra que podería ser o citado no documento.

O apelido *Angueira* rexistra o seu maior número de ocorrencias no concello de Padrón.



A posible porta
nomeada no topónimo
Porta dos Mariños

Anteportas

Lugar da parroquia de Iria Flavia

A aldea de *Anteportas* está inmediatamente antes, vindo dende o sur, da de *Porta dos Mariños*. Esta ten varias casas antigas, hoxe restauradas, con grandes portas nos seus xardíns e leiras, unha das cales amosa unha gran cruz no lintel, que podería ser á que se refire o topónimo *Porta dos Mariños*, cunha segunda parte que podería corresponder ao apelido da familia propietaria da porta, da casa e do predio.

Unha atestación de 1587 do ACS cita unha tal *Ines Marina (Mariña)* filla de *Alonso Marino (Mariño)* “del lugar d’*Anteportas*”, contiguo ao de *Porta dos Mariños*, o que nos fai pensar que *Alonso Mariño* e a súa filla *Inés Mariña* pertencesen á familia ou a estirpe dos *Mariños*, citada neste segundo topónimo.

O Real de Eclesiásticos do Catastro de Ensenada (1752), en *Galiciana*, rexistra o topónimo como “el lugar de *Ante Portas*”. A mesma fonte antiga nomea no termo de Padrón un *Agro da Porta* que quizais se refira á primeira parte do topónimo *Porta dos Mariños*.

O topónimo *Anteportas* é único en Galicia. En canto ao de *Porta dos Mariños* tamén, malia que neste caso hai outros que seguen a mesma fórmula coa palabra *porta* máis o apelido dunha familia propietaria e residente, como *Porta dos Caos* (Frades, A Coruña), *Porta dos Condes* (Ordes, A Coruña) ou *A Porta dos Galanos* (Guitiriz, Lugo).

Areal, O

Lugar da parroquia de Cruces

Este topónimo é un abundancial de *area* co sufixo de colectivo *-al* (> latín *-ALE*). A aldea chamada *O Areal* está debaixo do Monte do *Areal*, que debe ser abondoso en *area* e onde, polo tanto, se atopa o detalle natural a que se refire o topónimo.

Unha atestación do ano 1563 do AHUS refírese a este topónimo como “lugar y casal do *Areal*”. Outro testemuño escrito do ACS de 1585 rexístrao como “lugar del *Areal*”. A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) cita “Otro [muíño] en el lugar do *Areal*”, que debía aproveitar para mover o rodicio a forza da auga do río do *Areal*, que pasa polo lugar do mesmo nome, tamén coñecido como do Manzanillo, Angueira, de Anguiera ou de Bascuas, segundo cometamos noutra entrada.

Levan así mesmo o nome *Areal* lugares dos concellos de Carballo, Cabanas, Muros e Laxe (A Coruña). Na provincia de Pontevedra *O Areal* e *O Areal de Fontes*, no concello de Pontearreas, e *O Areal* no das Neves. Na de Lugo, *Areal* no concello de Baralla e *O Areal* nos de Becerreá, Begonte, Vilalba e Viveiro. Por fin, no concello de Ourense existe un lugar tamén chamado *O Areal*.

Arretén

Lugar da parroquia de Iria Flavia

Arretén é un topónimo é para nós de etimoloxía e significado descoñecidos. O profesor Edelmiro Bascuas (2002) propón como hipótese que proveña dun derivado da palabra latina *abruptu*, posibilidade que estaría de acordo coa realidade orográfica do rosaliano lugar, situado, como manifesta a propia poeta, moi familiarizada coa súa paisaxe, no seu poema “Como chove miudiño”, nun territorio costento, áspero e abrupto: “na *Arretén* no monte duro”.

Á parte do castro de Arretén e das súas encostas, despois castelo baixomedieval da Rocha Branca, a uns 500 metros da aldea érguese, un ramal da estrada N-550 e a AP-9 por medio, o castro de Castrelo nun monte de 171 metros de altura de pendentes moi pinas. O outro lugar galego chamado *Arretén*, parroquia de Saiar, Caldas de Reis (Pontevedra), tamén está en territorio irregular e costento.

Segundo anotou no seu día o profesor Moralejo Laso, o topónimo *Arretén* semella ter a mesma terminación en *-en* cós de Angorén (Pontevedra), Lebesén (Lugo), Rosén, Senén e Tinén (Ourense) e Visén (A Coruña).

Nunha atestación do ano 1575 do ACS lemos “el lugar que se dize e nombra da *Reten*”. O Real de Eclesiásticos do Catastro de Ensenada (1752), en *Galiciana* cita “el lugar de *Retén*” e “la *Arretén*”.

Baiuca, A

Lugar da parroquia de Cruces

A voz de xerga ou xermanía *baiuca*, propia dos ambientes marxinais, é sinónimo de *taberna*. Descoñécese a súa etimoloxía. A partir da segunda metade do século XVIII, a toponimia galega encheuse de *Baiuca(s)*, feito que se debeu probablemente ao regreso de emigrantes galegos procedentes das grandes urbes das colonias españolas de América do Sur á súa terra, onde fundan tabernas ou baiucas, nun proceso comparable, gardando as distancias, co dos emigrantes galegos que regresaron de traballar en Suíza, os cales investiron os seus aforros en churrascarías, asadeiros e demais establecementos de hostalaría.

A maioría das baiucas instaláronse nas provincias costeiras de Pontevedra e da Coruña (onde, loxicamente, o topónimo é máis frecuente), que son as máis poboadas de Galicia e, en consecuencia, as de maior índice de emigración. En coherencia con isto, as 24 entidades de poboación rexistradas no *Nomenclátor de Galicia* (2003) están nesa zona. O feito de ser *baiuca* unha palabra de xermanía invita a pensar que nun principio tivese connotacións xocosas e despectivas e que a eses establecementos acudise a comer e a beber xente de condición humilde.

A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) cita na parroquia de Santa María de Cruces o seu lugar da *Baiuca* nos seguintes termos: “A la ventinuebe [pregunta] dijeron que en esta feligresía ay seis tabernas. La una es de Francisco Blanco Pardal en el sitio que llaman *Baiuca*”, taberna ou baiuca que podería ser a nomeada no topónimo homónimo, pois moitas destas tascas foron fundadas, como indicamos antes, no século XVIII e non atopamos en documentos máis antigos o lugar da *Baiuca* citado.

Bandín

Lugar da parroquia de Carcacia

Coma na inmensa maioría dos topónimos galegos rematados en *-in*, antes en *-ini*, no de *Bandín* recóllese o nome dun posesor da terra de época medieval. Podería ser *Vandinus*, antropolónimo documentado do que o xenitivo *Vandini* daría hoxe o topónimo *Bandín*. Ou **Vanatinus*, derivado de *Vanatus*, cuxo xenitivo *Vanati* deu o topónimo *Bande*. Así, dun xenitivo VANDINI ou *VANATINI teríamos hoxe conformado o topónimo *Bandín*.

Nun documento do ano 1242 do mosteiro da Armenteira cítase un antigo lugar chamado *Bandín*, que hoxe non recolle o *Nomenclátor de Galicia*, na parroquia de Covas do concello pontevedrés de Meaño: “sub aula de Sancte Christine in loco certo in *Bandim*”. Verbo do *Bandín* que nos ocupa, nun documento do ano 1489 do ACS cítase un tal “Alonso de *Bandín*”, labrador e veciño da parroquia de Herbón, limítrofe coa de Carcacia. O Catastro de Ensenada (1752) cita o “monte de *Bandín*”. A súas Comprobacións (1763) rexistran un muíño neste lugar e unha barca de pasaxe no río Ulla propiedade do santuario da Nosa Señora da Mercé:

Tiene una el santuario de Nuestra Señora [xa citado en 1607 por Jerónimo del Hoyo] en el río Ulla y solo sirve para el pasaxe de los vecinos del lugar de *Bandín* y la limosna que estos dan voluntariamente sirve para adorno y desensia de dicho santuario.

O apelido toponímico *Bandín*, que deberon portar os primeiros habitantes da aldea do mesmo nome, é abundante no concello de Padrón e nos limítrofes e próximos de Pontecesures, Valga e Catoira.

Na toponimia maior de Galicia non existe hoxe outro lugar chamado *Bandín*.

Barca, A

Lugar da parroquia de Herbón

No lugar chamado *A Barca* houbo unha barca (> latín BARCA) de pasaxe para atravesar o Ulla entre a aldea así chamada e a parte do convento de Herbón que dá ao río. Esta e outras barcas tamén eran utilizadas para a pesca da lamprea e do salmón con redes. Carré Aldao cítaa cara ao ano 1928: “*Barca* toma su nombre de la que allí hay para cruzar el río”. Deixou de funcionar bastantes anos despois, cando se construíu a ponte da *Barca*. Esta barca e a de *Bandín*, xa citada na entrada anterior, nun principio propiedade do santuario da Mercé e que unía o lugar de *Bandín* coa actual área recreativa do Areeiro xunto á aldea de Ribadulla, eran as dúas que funcionaron neste tramo do Ulla, se ben unha amable comunicante da zona comentounos que houbo outro paso ou pasaxe de barcas noutro areeiro próximo ao da área recreativa.

Nós recordamos que, de nenos, hai sesenta anos, existía un paso destas barcas (non sabemos precisar se sería o da *Barca* ou o de *Bandín*), guiadas por unha corda, tendida de ourela a ourela, da cal o barqueiro tiraba para lograr a propulsión e co fin de que a embarcación non se apartase do seu rumbo, indo polo río abaixo, e de que puxese en comunicación os dous puntos establecidos de ambas as dúas ribeiras. Esta corda, chamada na fala local dos barqueiros *maroma*, amarrábase nunhas pedras habilitadas para o efecto chamadas *turros*, dúas das cales, unha chantada a poucos metros da outra, puidemos fotografar hai pouco na citada área recreativa do Areeiro. A presenza de dúas destas pedras de guía, propulsión e amarre, situadas en paralelo e a moi curta distancia unha da outra, suxire un paso de barcas dobre.

As barcas de pasaxe, chamadas *dornas*, segundo nos comentaron no lugar de Ribadulla, aínda son recordadas polos veciños ribeiráns das parroquias de Herbón e Carcacia. Os máis vellos contáronnos que transportaban persoas, animais, mercadorías e mesmo eran utilizadas para levar os mortos de *Bandín* a enterrar ao cemiterio da parroquia de Carcacia, antes de que a aldea pasase a pertencer eclesiasticamente á freguesía de San Miguel de Barcala, A Estrada (Pontevedra). O mesmo pasaba cos defuntos das aldeas da parroquia de Herbón situadas na banda esquerda do Ulla, entre elas a da *Barca*, que eran enterrados no cemiterio de Herbón. Como



Un dos turros
de turraren as barcas de
pasaxe no lugar do Areeiro

o proban fotografías antigas, as barcas construíanas nos montes inmediatos ao río, aproveitando a madeira das súas árbores.

A Comprobación do Catastro (1763) cita na parroquia de Herbón sete barcas de pasaxe: “también se hallan en el término de dicha feligresía siete *barcas* de pasaxe y se emplean en la cosecha de lampreas al echar las redes en las pesqueras”.

O topónimo *A Barca* tamén aparece nos concellos coruñeses de Trazo e Negreira, e sinala nos dous unha antiga barca de pasaxe para atravesar o río Tambre. No de Mugardos, o nome de lugar *A Barca* debe ser un orotopónimo referido á superficie do chan en forma de depresión ou fondal que recordaría o casco cóncavo dunha barca ou dun barco, como ocorre co topónimo tamén padronés *O Barco* (véxase deseguido).



Unha barca fluvial en
construción nun monte
situado a carón do río

O anterior suposto tamén lle debe corresponder ao lugar de interior chamado *A Barca de Arriba*, no concello de Ferrol. Na provincia de Pontevedra existe o topónimo *A Barca* no concello de Cambados na desembocadura do Umia, o cal, loxicamente, debe referirse a unha antiga barca de pasaxe para atravesar este río. No de Salvaterra de Miño, hai un lugar chamado *A Barca* sobre o río Miño e outro terra dentro, situado a carón dunha valgada moi definida. Entre os concellos de Pontevedra e Poio, a actual ponte da *Barca*, situada na desembocadura do río Lérez, sinala outro antigo paso de barcas, que desaparecería coa construción da ponte. No concello pontevedrés de Pontearreas existe un lugar chamado *A Barca*, afastado do río Tea, polo que corre un regato insignificante que non precisa de barca ningunha para ser cruzado. No de Arbo, *A Barca de Loimil* e *A Barca de San Xoán* refírense a dúas antigas barcas de pasaxe entre Galicia e Portugal para atravesar o ancho río Miño.

Na provincia de Lugo, o topónimo *A Barca*, nos concellos limítrofes de Sober e de Pantón, nomea unha antiga barca que cruzaba o río Cabe na desembocadura do Sil, poñendo en comunicación as ribeiras de ambos os concellos e mais o de Nogueira de Ramuín. No concello de Quiroga, os topónimos *A Barca de Mancebico* e *A Barca do Castelo* descóbrennos outras dúas antigas e desaparecidas barcas de pasaxe sobre o río Sil. Na provincia de Ourense, o lugar chamado *A Barca de Barbantes*, pertencente á parroquia do mesmo nome do concello de Cenlle, descóbrenos outro paso de barcas sobre o río Miño.

Barco, O

Lugar da parroquia de Iria Flavia

Así como o topónimo *A Barca*, situado moitas veces á beira de correntes fluviais grandes e caudalosas, se pode referir a barcas de pasaxe ou a depresións do terreo, non ocorre exactamente o mesmo co do *Barco*, seguramente procedente dun raíz prerromana **barc-* ‘concaidade, depresión, fondal’, o que se corresponde e coincide coa orografía dos lugares que coñecemos chamados *O Barco*, entre eles o que nos ocupa, que se atopa, a uns 200 metros do río Ulla, xusto debaixo do castro do mesmo nome, o cal é, á súa vez, o derradeiro elo orográfico da cadea montañosa formada, de norte a sur, polos montes do Lapido e Meda.

Un documento do ano 1540 do AHUS cita o “lugar do *Barco*, sito en la felegresía de Santa María d’Iria”. O Real de Eclesiásticos do Catastro de Ensenada (1752), en *Galiciana*, cita *O Barco* sen artigo, como “*Vega de Barco*”: “una pieza [de terra] llamada *Barco*” e “*Vega do Barco*, una pieza de nombre *Barco*”. O apelido *Barco* existe no concello de Padrón, no limítrofe de Teo e noutros máis ou menos próximos.

O topónimo *O Barco* repítese nos concellos coruñeses de Santiso, onde dá nome a un territorio costento que forma unha vagoada alongada situada debaixo do microtopónimo *Os Agros de Sobrebarco*; no de Outes, localizado tamén nunha depresión moi definida; e no de Trazo, en similares condicións orográficas, debaixo

do tamén microtopónimo *Coto do Barco*, nun fondal que remata no río Tambre e preto doutros dous topónimos, só en aparencia similares, cales son *A Barca* e *A Barca Vella* (este, microtopónimo) que fan referencia a barcas fluviais de pasaxe, o que non debe suceder co moito máis antigo, referido á forma do relevo, *O Barco*. En canto ao topónimo *O Barcón* do concello coruñés de Ortigueira, dá nome a unha aldea hoxe deshabitada que está situada nun terreo moi montañoso que baixa para formar unha gran depresión, a cal ten nun dos seus bordos ou alturas orográficas un lugar chamado *A Serra*. Polo que respecta aos *Barcós*, que sería *Os Barcóns* no galego padrón ou estándar, é o nome dun lugar do concello de Mañón situado enriba de dous fondais. *A Bárcula*, lugar do concello de Ordes, localízase debaixo dos *Montes da Bárcula* e dos Montes de Bruma.

Na provincia de Pontevedra, o lugar nomeado *Barco* do concello da Estrada está debaixo da estrada PO-841 nunha clara depresión fluvial que segue baixando ata rematar no río Ulla nunha composición orográfica similar á do topónimo *O Barco* do concello de Padrón, cuxa concavidade de terreo chega ata o mesmo río. O lugar do *Barco* do concello pontevedrés de Gondomar está no fondo dun territorio moi abrupto.

Na provincia de Lugo deben pertencer ao mesmo sistema os topónimos *O Barco*, do concello de Portomarín, e *Os Barcós* no do Vicedo. O primeiro está debaixo dunha altura chamada *Coto do Barco*, nun fondal que remata na cola do encoro de Belesar, e o segundo tamén está rodeado de terreos máis altos que rematan nunha pequena corrente fluvial.

Polo que respecta ao topónimo *O Barco de Valdeorras*, nome de vila e concello ourensáns, pensamos, malia a existencia do microtopónimo *O Porto da Barca* no núcleo urbano, que sinala de maneira segura un *porto* ou paso de barcas no río Sil, que o topónimo, en masculino, *O Barco* se refire, unha vez máis, pero neste caso magnificado polas súas grandes dimensións, á enorme depresión rodeada de altas montañas que hoxe ocupa a vila, fondal que tamén abrangue a ribeira oposta do río.



A orografía do lugar do Barco recorda a forma dun barco, a costa da esquerda da imaxe sería un dos seus costados

Bascuas

Lugar da parroquia de Cruces

Bascuas é un topónimo étnico ou xentilicio procedente de VASCÖNES, en referencia a xentes vidas do País Vasco ou da Gascuña francesa que se instalaron no lugar. Topónimos paralelos ao de *Bascuas*, tamén co primeiro a tónico ou forte, semellan os de *Brantuas* (< BRANTÖNES, nome de parroquia e de dous lugares, *Brantuas de Abaixo* e *Brantuas de Arriba*) do concello de Ponteceso e *Canduas* (< CANDÖNES), nome de parroquia do concello coruñés de Cabana de Bergantiños, limítrofe co de Ponteceso, que poden referirse a dous pobos ou grupos familiares.

Unha atestación do ano 1583 do ACS cita o “lugar de *Bascoas*, sito en la feligresía de Santa María de Cruces”. No *Nomenclátor* do ano 1864 este topónimo *Bascuas* aparece coa forma *Báscuas*. No de 1888, sen acento gráfico.

No concello de Padrón hai unhas poucas persoas apelidadas *Bascuas*, polo que os seus antecesoros provirían do lugar do mesmo nome. Noutros concellos galegos, tal apelido estará relacionado con outros topónimos *Bascuas* que sinalan o lugar de asentamento doutras tantas comunidades ou familias vascoas ou gascoas.

Existen outros lugares chamados *Bascuas* na provincia da Coruña nos concellos de Val do Dubra e de Arzúa. Na de Pontevedra, nos de Silleda e Vila de Cruces, aquí como nome de parroquia. Na de Lugo, no concello do mesmo nome, *Bascuas* é tamén o nome dun lugar e o da súa parroquia e doutros dous dos concellos respectivos de Castroverde e de Guitiriz. Tamén de VASCÖNES, pero co sufixo tónico, proceden *Bascois* (*Basconis* na documentación medieval), no concello ourensán de Carballada de Valdeorras, e *Vascós* no de Maceda.

Berxaos

Lugar da parroquia de Carcacia

A orixe do topónimo *Berxaos* é escura. Semella que pode conter unha terminación -ANOS > -aos, propia de xentilicios, en referencia a un grupo de xente ou familia instalada no lugar procedente doutro cuxo nome descoñecemos. Polo concello pasa a isoglosa do resultado do latín -ANUS (> -ao/-án, como en, por exemplo, *irmao* / *irmán*), por iso temos o topónimo *Berxaos* fronte ao de *Luáns*, se este, como pensamos, é xentilicio de Luou.

Nun documento do ano 1571 do AHUS o topónimo amósase como *Berjaos*. Outra atestación de 1613 do ACS cita o topónimo coa forma *Brejaos*. Tamén figura como *Brexao*s na Comprobación do Catastro de Ensenada (1763). Os habitantes do lugar pronuncian o topónimo como *Berxaos*.

Berxaos é un topónimo único en Galicia.

Calzada, A

Lugar da parroquia de Iria Flavia

O *Nomenclátor de Galicia* recolle 25 entidades de poboación co substantivo *calzada* —latín CALCEATA ou *(VIA) CALCEATA— en referencia a unha antiga vía de comunicación empedrada. O lugar chamado *A Calzada* que nos ocupa, topónimo claramente viario, está situado á beira da actual N-550, polo que esta estrada moderna puido ser construída sobre a antiga calzada nomeada no topónimo, que podería ser o Camiño Real de Santiago a Pontevedra e Ponte Sampaio, logo chamado Carrileira de Malvar. Este camiño, á súa vez, debeu seguir o mesmo traxecto que a vía romana de Braga a Astorga, sobre a que sería construído, que pasaba segundo o *Itinerario de Antonino* pola poboación, tamén de época romana, de Tria, deturpación de Iria, lugar moi próximo ao da *Calzada*.

A coincidencia no trazado das tres vías —a romana, o Camiño Real, alias a Carrileira de Malvar ou a calzada, e a N-550—, aínda que non noutros puntos, parécenos moi probable na gran recta, situada á beira do lugar da *Calzada*, que empeza inmediatamente despois da ponte de Pontecesures e que remata en Padrón. Segundo documentos dos séculos XVI e XVII, a antiga calzada pasaba a carón da Porta do Reloxo, alias A Porta da Calzada, desta vila e, xa que logo, a rentes do espazo que anos despois ocupou o seu xardín botánico, a carón do cal está a chamada Casa da Calza do século XVIII, para logo continuar a estrada actual polas inmediacións da Colexiata de Iria. Malia que noutros tramos o itinerario da N-550 pode non coincidir cos trazados dos camiños e vías anteriores, consideramos que no devandito treito a estrada moderna non tivo outra alternativa, ao cruzar nese punto unha zona ata hai pouco moi inundable polas enchentes do río Sar, inconveniente que xa atoparían os enxeñeiros da vía romana, que a elevarían e dotarían —é só unha nosa hipótese— dun sistema de pontes consecutivas para facilitar o paso das augas baixo a vía, obra que quizais continuou e perfeccionou no século XVIII o arcebispo Malvar. Algúns deses arcos aínda se poden ver no Campo da Insua, situado moi preto do lugar da *Calzada* e, máis escondidos, noutros lugares próximos, como a devandita gran recta e, xa máis pequenos, quizais indicando o remate da obra coas súas pontes sucesivas, no Campo do Souto da vila de Padrón.

Nas ordenanzas da vila de Padrón de 1604, que glosa Antonio García Folgar, cítase “la puerta de la *Calçada*”, que era a antedita Porta do Reloxo tamén chamada Porta do Sol. O padre Sarmiento nos anos 1754-1755 denomínaa *la Calzada Grande* e a *gran Calzada*.

Nun fragmento do *Libro de actas e acordos* do ano 1869 do Arquivo Municipal de Padrón, publicado por Carlos Rodríguez Dacal no seu libro *Xardín Botánico-Artístico de Padrón*, o xardín municipal de Padrón, inaugurado un ano antes e situado case en fronte da *Porta da Calçada*, aínda recibía o nome *Jardín de la Calzada*.

Entre a toponimia maior, o nome de lugar *A Calzada* é abundante nas provincias da Coruña, Pontevedra e Lugo. Na de Ourense non se rexistra.

Cambelas

Lugar da parroquia de Iria Flavia

Topónimo diminutivo, co sufixo *-ela* (latín *-ĒLLA*), da voz de orixe prerromana, probablemente celta, **camb* ‘curvo, curva, cousa curva’, que pode facer referencia ás pequenas curvas que fai unha pequena corrente fluvial, chamada rego da Pastoriza, que por alí descorre para desembocar, despois de pasar por debaixo da vía do tren, no río Sar. A Comprobación do Catastro de Ensenada (ano 1763) cita un terreo cultivable preto deste lugar: “una pieza tras *Cambelas*”.

Fóra do *Cambelas* que nos ocupa, leva o nome de *Cambela* un lugar do concello de Carral (A Coruña), situado a carón do curvilíneo rego *Cambelo*. Na provincia de Ourense, outro lugar chamado *Cambela*, do concello de San Xoán de Río, atópase en parecidas circunstancias a carón do regueiro das Veigas e dun aínda máis pequeno, seu afluente. No concello do Bolo, da mesma provincia, a aldea de *Cambela* da parroquia de igual nome, situada debaixo e a pouca distancia do castro dos Bois, adapta a disposición das súas casas ás sucesivas curvas de nivel deste poboado da Idade de Ferro, situado a máis altura.

Carcacia (San Pedro)

Parroquia

O topónimo *Carcacia*, quizais de orixe prerromana, é un topónimo escuro. Segundo Gonzalo Navaza, podería estar relacionado coa voz *cárcava* ‘escavación profunda producida no terreo polas correntes de auga das arroiadas’, referida ao grande e accidentado fondal do río Ulla na súa marxe dereita, que ao seu paso pola parroquia se estreita e discorre moi encaixado, ao pé das pedrosas ladeiras do montes Meda e a garganta do Lapido.

As cárcavas ou barrancos
aos que se podería referir
o topónimo *Carcacia*



O outro lugar galego chamado *Carcacia*, situado na parroquia de Oleiros, en Carballedo (Lugo), localízase nun desnivel de terreo moi pronunciado e escarpado que remata no río Búbal, o cal flúe tamén moi encaixado neste punto. O sitio da *Carcasia*, que hoxe dá nome a unha rúa da vila de Noia, está nun lugar completamente chan.

Fóra de Galicia, podería ter relación co topónimo galego *Carcacia* o de *Carcabuey*, nome dunha localidade da provincia de Córdoba situada nunha cárcava calcaria, no cume da cal se atopa o seu castelo medieval.

A parroquia de *San Pedro de Carcacia* aparece por primeira vez nas fontes antigas nunha atestación do ano 830, publicada por López Ferreiro, na que se le: “*Sanctum Petrum ad Carcacia*”. Na mesma fonte, ano 867, *villa vocitata Carcacia*. En 899, tamén López Ferreiro: “*Carcatiam integram cum ecclesia Sancti Petri ibi fundata*”.

Casal

Lugar da parroquia de Carcacia

O topónimo *Casal* acolle o apelativo *casal*, derivado, co sufixo *-al* (> latín *-ALE*), de *casa*, que na Idade Media designaba unha explotación agrícola máis ou menos grande formada por unha casa principal ou de morada, outras dependentes, as súas correspondentes construcións anexas e as terras de labranza. Non atopamos este topónimo ata o *Nomenclátor* do ano 1864.

Dadas as características da poboación rural galega, moi fragmentada e dispersa, os topónimos *Casal* e *O Casal* son abundantes e sinalan a noutroira actividade agrícola practicada.

Casas Baratas, As

Lugar da parroquia de Herbón

Este topónimo naceu, segundo un gran cartel colocado nun dos dous edificios de que consta o conxunto de vivendas, no ano 1954 e contén a denominación que se lle daba ás casas dirixidas aos obreiros que se construían coa promoción de institucións públicas. O adxectivo *barato*, que xa se documenta na Idade Media, provén dun antigo verbo *baratar* ‘negociar’, común a todos os romances hispánicos, gálicos e itálicos, e de etimoloxía escura.

Aínda que durante a ditadura de Franco se levantaron moitos grupos de casas deste tipo, que na súa maior lles foron concedidas a familias adictas ao réxime, dentro da toponimia maior só existe outro lugar en Galicia chamado *As Casa Baratas*, no concello coruñés de Laxe.

As casas baratas nomeadas
no topónimo homónimo



Castro Valente

Monte do concello

O nome de *Castro Valente* provén do substantivo latino CASTRU e o adx. VALĒNTE, participio presente do verbo *vāleo* ‘valer, ser forte’. Como o -l- intervocálico do adxectivo *valente* non se perdeu, debe ser un topónimo relativamente moderno en comparación cos máis antigos *Vente*, *Vilarvente* e *Celavente*, provenientes do xenitivo *Valentii*, do nome persoal latino *Valentius*.

A composición do topónimo *Castro Valente* ‘castro valente’, no sentido de que é válido ou vale para a defensa, é comparable ás de *Monforte* e *Rochaforte*, topónimos en que a palabra *castro* foi substituída polas de *monte* e *rocha*, en referencia a un monte ou a unha rocha aproveitados para construír neles unha fortaleza considerada pola súas boas prestacións defensivas *forte*. En canto a *Penafiel*, nome dun pico inexpugnable da serra coruñesa do Pindo sobre o que se construíu un castelo, fálanos dunha pena considerada fiel > latín *fidēle*, no sentido de forte, valente, firme, segura ou que nunca falla.

De acordo co seu significado, no monte chamado *Castro Valente* debeu haber un castro prerromano, logo reconvertido e ampliado sucesivamente quizais nun campamento romano (no recinto fortificado atopáronse tellas curvas ou ímbrices dese período e tellas planas con rebordo ou *tégulas*) e máis tarde altomedieval. López Ferreiro descríbeo da seguinte maneira:

Como a unas leguas al noroeste de Iria hay un formidable castro, el Castro Valente, que aún conserva [don Antonio escribiu isto nos últimos anos do século XIX] gran parte de la muralla que lo rodeaba. No sabemos si sería un campamento romano o un lugar de refugio para los irienses en caso de apuro.

Aínda que o monte só ten 397 metros de altura, ocupa unha elevación moi estratéxica, dende a cal os devanceiros padroneses e irienses terían un excelente control visual do curso navegable do río Ulla, polo que subían en antigo tempo invasións marítimas, primeiro de normandos e despois de sarracenos, atraídos pola fama e as riquezas da sé de Iria e, posteriormente da de Santiago de Compostela. A súa gran muralla, chamada *a cerca* polos habitantes das aldeas de Bandín e Morono, de algo máis de 1000 metros de percorrido, contaba, segundo deducións históricas, con trinta torres de vixilancia, a base dalgunha das cales atoparon recentemente os arqueólogos.

A carón dunha das portas actuais do castro ou gran recinto fortificado sitúase (hoxe seca) a fonte de San Xoán, que se completaba cunha capela dedicada ao mesmo santo da que fala o cardeal Jerónimo del Hoyo no ano 1607: “Hay una hermita en lo alto del monte que se llama de San Juan de *Castro Valente*, donde dicen que había en años pasados gran devoción y concurso de gente”. Anos despois a ermida baixou de localización para instalarse —seguramente construída de novo, conservando a súa advocación e engadindo a de santo Huberto— no lugar do Caeiro da parroquia estradense de Santa Mariña de Barcala, onde a rexistra o dicionario de Madoz (1845-1850). De aí a súa actual denominación de capela de San Xoán do Caeiro e de Santo Huberto, onde participamos de nenos, a principio dos anos sesenta do século pasado, varias veces nunha romaría deste santo cazador á que acudían moitas familias e cazadores procedentes da achegada vila de Pontecesures e arredores.

Condes, Os

Lugar da parroquia de Herbón

O lugar chamado *Os Condes* puido recibir ese nome por estar aforado durante varios anos a uns condes nobiliarios. Outra posibilidade é que se refira a unha familia apelidada *Conde* residente no lugar. Sexa como for, a palabra *conde* vén da palabra latina CŌMITE, nun principio ‘compañeiro, acompañante’ dun soberano nas súas expedicións de guerra. O apelido *Conde* existe no concello de Padrón, nos límites de Teo e Rois (A Coruña) e no pontevedrés de Pontecesures.

O padre Sarmiento na súa *Viaxe a Galicia* dos anos 1754-1755 rexistra este lugar coa súa forma actual. A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) cita “un horno sitto en el lugar de *Los Condes*” e “Alverto *Conde*. Casa la en que vive de un alto en el lugar dos *Condes*”, atestación que proba que o apelido *Conde* naceu na aldea dos *Condes* ou lle deu nome. Caso quizais distinto podería ser o do mesmo apelido rexistrado de maneira moi numerosa en Catoira, o cal podería estar relacionado co topónimo *O Condado* dese concello.

Tamén levan o topónimo *Os Condes*, na provincia da Coruña, un lugar do concello de Boimorto; outro no de Covelo, na provincia de Pontevedra; e outro no de Sober, na provincia de Lugo. En canto a *Condes*, é nome de lugar no concello

coruñés da Laracha e no ourensán de Allariz. Na mesma provincia, os lugares de *Condes de Abaixo* e *Condes de Arriba* sitúanse no concello de Punxín, mentres que *O Conde* pertence ao coruñés de Ortigueira.

Confurco

Lugar da parroquia de Herbón

O do *Confurco*, situado ao pé do monte Castro Valente, é un topónimo viario procedente do latín CUM ‘con’ e FURCO < *furca* ‘galla, póla ou pau bifurcado’. Refírese á confluencia de dous camiños en forma de forca ou Y. O *Glosario* de Du Cange, de latín medieval, recolle a súa variante *confurtium* cos significados de ‘Forum vel Compitum’, é dicir, foro ‘praza principal dunha cidade romana onde se xuntaban varias rúas’ ou *compitum*, palabra latina que significa ‘cruzamento de vías ou camiños’.

Segundo unha atestación de 1176 do mosteiro de Toxos Outos, preto da aldea de Cures do concello coruñés de Outes, había antigamente un *confurco* ou encrucillada de camiños: “et vadit ad illum *confurcum* [...] de illa encruzelada”.

O padre Sarmiento rexistra o topónimo na súa viaxe a Galicia de 1754-1755 coa forma *Conforco*. A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) cita “Vega de *Confurco*” e “Domingo Pardal. Casa, la en que vive en el lugar de *Confurco*”.

Hai outros lugares chamados *Confurco* no concello coruñés de Moeche e no ourensán de San Cristovo de Cea. *O Confurco* sitúase no coruñés de Ferrol e no pontevedrés de Pontearreas.

Corral

Lugar da parroquia de Carcacia

O *Diccionario da Real Academia Galega* (de aquí en diante DRAG) rexistra a palabra *curral* co significado de ‘espazo situado preto ou a carón da casa labrega, descuberto e xeralmente valado, onde se ceiban certos animais domésticos, se gardan os apeiros ou o carro, a leña ou o toxo etc.’, que é o significado do topónimo *Corral*, procedente do latín vulgar **currale*. Do valor que noutro tempo tivo o gando como garantía de pago e da función que tiveron os currais para gardalo dá boa conta Du Cange, quen recolle a seguinte glosa do latín medieval: “Qui pignorat boves, bravos, (brana) equas, vacas, vel oves, et miserit eos in *Currali*”, é dicir, “Quen deixa en fianza bois, bestas de carga [?], eguas, vacas ou ovellas e os solta en corrais”.

A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) da parroquia cita “una pieza llamada hortta do *Corral*” e “una casa de un alto en el lugar do *Corral*”.

Os topónimos *Corral*, *O Corral* e os seus compostos e derivados son bastante abundantes nas provincias da Coruña e Lugo.

Cortiñas

Lugar da parroquia de Herbón

A palabra *cortiña* foi na súa orixe un diminutivo en *-iña* da voz *corte*, a cal ten o seu antecedente léxico no latín vulgar *CORTE* e esta no latín clásico *COHÖRTE* ‘recinto, curral’, formada co prefixo *co* (> latín *CUM*) e *hortus* ‘xardín’. O DRAG recolle a voz *cortiña* como ‘terreo próximo á casa de labranza, xeralmente valado e de pequenas dimensións, dedicado fundamentalmente ao cultivo de cereais, hortalizas ou patacas’, significado que é o do topónimo, que se referiría en orixe a varias cortiñas máis ou menos xuntas.

Nun documento do ano 1546 do AHUS cítase un tal *Juan de Cortiñas*, veciño e Herbón. Noutro de 1551 da mesma fonte, o topónimo aparece con artigo: *Juan das Cortiñas* [...] aldea das *Cortiñas*”. En 1560, tamén do AHUS, “*Juan de Cortiñas*, el Mozo”. En 1570, en ACS, “*Juan de Cortinas [Cortiñas]* el rojo” veciño de Santa María de Herbón. O Real de Eclesiásticos do Catastro de Ensenada (1752), en *Galiciana*, cita o topónimo coa forma *Cortiñas*”. Na Comprobación do Catastro (1763) lemos: “Alverto Duro, casa la en que vive en el lugar de *Cortiñas*”.

A *Cartografía dos apelidos de Galicia* recolle corenta e tres ocorrencias do apelido *Cortiñas* no concello de Padrón e ningunha nos limítrofes e próximos.

Os topónimos *Cortiñas* e *As Cortiñas* están bastante repartidos polas catro provincias galegas.

Couto, O

Lugar da parroquia de Iria Flavia

O topónimo *O Couto* vén de *CAUTU*, participio do verbo latino *cāveo* ‘estar ou poñerse en garda, gardar, coutar, acoutar, defender’. Refírese a un antigo couto, terra coutada ou xurisdición pertencente a un antigo señorío eclesiástico (xeralmente un mosteiro) ou laico, ou a unha extensión de monte pechado ou coutado cun valado.

A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) rexistra este topónimo coa súa forma actual: “Andrés Rodríguez, casa la en que vive, una terrena en el lugar do *Couto*”.

No concello de Padrón hai unhas poucas persoas apelidadas *Couto* e algo máis de dúas ducias no limítrofe Teo, polo que o foco do apelido na zona puido ser este topónimo.

O nome de lugar *O Couto* é moi abundante en Galicia. Moito menos a súa versión sen artigo, *Couto*.

Cruces (Santa María)

Parroquia

Cruces

Lugar da parroquia de Cruces

A documentación máis antiga deste topónimo indica que nun principio foi *Cruce*, en singular, referido a un cruceiro ou cruz (lat. CRUCEM).

Na primeira atestación coñecida do topónimo, do ano 1114, lemos “Sancta Maria de *Cruce*[s]”, cuxo *s* é unha suposición do editor do documento. En 1115 figura inequivocamente en singular como “Sancta Maria de *Cruce*”, o mesmo ca en 1116, “Sancte Marie de *Cruce*”, nunha atestación do mosteiro de San Martiño Pinario. En 1390, nun documento do TMILG aínda figura “Santa Marie de *Cruz*”, pero no século XV pasou a plural, segundo unha atestación do ano 1492 do AHUS. Algúns anos máis tarde, nun documento do ano 1525 da colección documental de *Galicia Histórica* aparece “in Sanctae Mariae de *Cruces*”.

O apelido *Cruces* irradiou dende o concello de Padrón aos lindeiros de Dodro, Rois e Teo.

Os topónimos *Cruces* e *As Cruces* son bastante abundantes en Galicia.

Cruxeiras de Abaixo

Lugar da parroquia de Carcacia

Cruxeiras de Arriba

Lugar da parroquia de Carcacia

Cruxeiras, que antes de que perdesse o seu *u* átono sería *Curuxeiras*, é o plural dun abundancial ou colectivo en *-eira* (> latín *-ARIA*) de *curuxa*, voz seguramente onomatopeica en referencia ao canto ou ao son que emite esta ave de rapina nocturna. O topónimo pode referirse a un lugar abundante en curuxas, por vivir e aniñar nel estas aves, ou ser metafórico e nomear un lugar alto e penedoso que recordase os habitados polas curuxas, en paralelo ao topónimo ourensán, tamén alegórico, *Niñodaguia de Arriba*, do concello ourensán de Xunqueira de Espadanedo, que se atopa nun lugar alto dende o que se poder ver, cara ao sur, un extensa panorámica.

Coma no caso dos actuais topónimos *Niñodaguia de Abaixo* e *Niñodaguia de Arriba*, non sería raro que os de *Cruxeiras de Abaixo* e *Cruxeiras de Arriba* fosen nun principio un só lugar, en singular, *Cruxeira*, ou en plural, *Cruxeiras* (que sería o de Arriba), o cal despois se diversificaría nos dous actuais.

O DRAG dá para a voz *curuxeira* as equivalencias de ‘lugar onde aniñan e habitan as curuxas’ e ‘casal situado nun lugar elevado e con moitas penas’. Trasladados ás aldeas padronesas chamadas *Cruxeiras de Abaixo* e *Cruxeiras de Arriba*

puidemos comprobar que, sobre todo a segunda, onde debeu nacer o topónimo, está no cume dun lugar moi costento.

Nunha atestación do ano 1577 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase na parroquia o lugar de *Cruxeiras* (como indicamos antes podería ser o actual de *Cruxeiras de Arriba*), que aparece nesa fonte antiga castelanizado como *Crujeiras*. A Comprobación do Catastro de Ensenada da parroquia (1763) só documenta tamén o lugar de *Cruxeiras*, seguramente cando aínda non se diversificara nos actuais *Cruxeiras de Abaixo* e *Cruxeiras de Arriba*: “Otro [muíño] que muele con el agua del rriachuelo de *Cruxeiras*”, relativo á pequena corrente fluvial que é o rego de Xoane no seu curso alto ao seu paso pola aldea de *Cruxeiras de Abaixo*. O dicionario de Madoz (1845-1850) aínda documenta só *Crugeiras*, malia que no *Noménclator* de 1864 xa figuran *Crugeiras de Abajo* e *Crujeiras de Arriba*.

Fóra deste destes lugares chamados *Cruxeiras de Abaixo* e *Cruxeiras de Arriba*, existe o de *Cruxeiras* nos concellos de Ames e Ribeira (que semella ser o principal foco dos apelidos castelanizados *Crujeiras*, *Crugeiras* e *Crujeira* na zona), e *Cruxeira* nos de Tordoia e Valdoviño, todos na provincia da Coruña. Na de Pontevedra, leva o nome de *Cruxeira* un lugar do concello da Estrada. Rexístrase o topónimo *Curuxeira* nos concellos de Mañón e Neda, *A Curuxeira* nos de Santiago de Compostela e A Laracha, e *As Curuxeiras* nos de Arzúa e Oza-Cesuras, todos na provincia da Coruña. Na de Pontevedra, *A Curuxeira* en Fornelos de Montes, Covelo e Pontearreas, *Curuxeiras* na Caniza e Tui e *As Curuxeiras* en Salvaterra de Miño, topónimo que se repite no concello de Ourense, mentres que no lugués de Mondoñedo existe un lugar de nome *As Coruxeiras*.

Devesa, A

Lugar da parroquia de Padrón

O topónimo *A Devesa*, repetido en Galicia, contén a palabra homónima *devesa*, en latín serodio (TERRA) DEFENSA ‘terra defendida ou prohibida no sentido de estar coutada ou cercada’. O DRAG dálle á palabra *devesa* o significado de ‘terreo extenso, poboado de árbores non moi mestas, normalmente valado ou cercado’.

O terreo ao que nun principio se referiu o topónimo *A Devesa*, para os máis vellos do lugar *O Campo da Devesa*, utilizouse como campo da feira. Hoxe, parte da súa superficie chan, lindeira coa aldea de Estramundi de Abaixo, foi aproveitada para facer unha pista deportiva e un pequeno parque, no que se poden ver algúns plátanos de paseo quizais descendentes dos que daban sombra á antiga feira.

O topónimo *A Devesa*, que non rexistra o Catastro de Ensenada no ano 1752 nin en 1763 a súa Comprobación (figura si o contiguo lugar de Estramundi de Abaixo), aparece por primeira vez no *Nomenclátor de Galicia* actual. É un topónimo moi abundante en Galicia.

Escravitude, A

Lugar da parroquia de Cruces

A palabra *escravitude* deriva de *escravo* e esta, seguindo a Corominas e Pascual, do grego bizantino *sklavos* ‘escravo’ e ‘eslavo’, derivado de *sklvinós* ‘escravo’, procedente, á súa vez, de *sloveninu*, nome propio que se daba a si mesma a familia dos pobos eslavos, que foi vítima da trata escravista no Oriente medieval.

O topónimo *A Escravitude* naceu na segunda metade do século XVIII coa construción do santuario mariano de Nosa Señora da Escravitude, levantado a carón dunha fonte considerada santa, iniciativa do párroco da contigua freguesía de Cruces no ano 1582 en agradecemento a un favor recibido pola Virxe. Anos máis tarde, en 1732, segundo tamén conta a tradición, un doente, curado ao beber a auga do manancial, pronunciaria a frase “Grazas, Virxe Santa, que me libraches da escravitude do meu mal”, da cal viría o haxiotopónimo *A Escravitude*. Dende aquela, ao lugar acudiron numerosos devotos para pedirlle cura á Virxe e as doazóns multiplícaronse. Grazas a estas ofrendas construíuse primeiro unha pequena capela xunto á fonte, baixo a advocación de Nosa Señora da Escravitude, e despois o actual santuario.

En 1607 o lugar e a parroquia de *Santa María de Cruces* son citados como pertencentes ao arciprestado de Iria polo cardeal Jerónimo del Hoyo nos seguintes termos:

Tiene nobenta y ocho feligreses [...] El rector, con la ayuda de los feligreses, en el camino que va de Santiago a Padrón [actual estrada N-550] hizo una fuente de buena agua con sus imagenes doradas.

O haxiotopónimo *A Escravitude* é citado no Real de Eclesiásticos do Catastro de Ensenada da parroquia de Cruces (1752), en *Galiciana*, pouco despois da construción do santuario: “Santuario de Nuestra Señora de la *Esclavitud*”. Algúns anos despois, co asentamento permanente de poboación no lugar e non só de peregrinos e ofrecidos devotos, a Comprobación do Catastro (1763) cita “Otra [taberna] en la *Esclavitud*”.

Estramundi de Abaixo

Lugar da parroquia de Padrón

Estramundi de Arriba

Lugar da parroquia de Padrón

No primitivo ou primixenio lugar de *Estramundi*, antes de que, co nacemento dunha aldea nova, o topónimo se diversificase en *Estramundi de Abaixo* e *Estramundi de Arriba*, viviu e tivo a súa facenda unha persoa chamada *Astramundus*, a

propiedade do cal sería chamada (VILLA) ASTRAMUNDI ou, o que é o mesmo, a *villa* agrícola ou granxa medieval de *Astramundus*, antropónimo masculino de orixe xermánica formado polas voces do gótico **austra-* ‘leste’ e *-mund* ‘protección’. A primeira voz está tamén no topónimo *Astrar*, mentres que *mund* conforma a segunda parte de *Baamonde*. Outro topónimo, hai ben poucos, que, coma o de *Estramundi*, conservou a súa segunda parte *-mundi* sen se converter en *-monde*, é o de *Taramundi*, nome da localidade do occidente asturiano raiana con Galicia, coñecida polas súas navallas.

Nun documento do mosteiro de Toxos Outos do ano 1136, o lugar de *Estramundi* cítase como *Astramundi*. Noutra atestación de 1151 da colección diplomática de *Galicia Histórica* figura tamén como *Astramundi*, en caso xenitivo coa súa forma etimolóxica, cando posiblemente aínda non se diversificara o topónimo nos dous actuais.

O Real de Eclesiásticos do Catastro de Ensenada da vila de Padrón (1752), en *Galiciana*, cita “el lugar de *Extramunde de Avaxo*”. A Comprobación do Catastro de Ensenada da mesma vila (1763) cita unha casa neste lugar: “la que tiene de un alto (Alonso da Costta) en el lugar de *Esttramunde de Arriva*” e “casa, la en que vive (Andrés Bustelo) en el lugar de *Estramunde de Arriba*”.

Estramundi é un topónimo único en Galicia.

Guimaráns

Lugar da parroquia de Carcaña

Tras *Guimaráns* está o antropónimo de orixe xermánica latinizado *Vimara*, *-anis*, a través dunha antiga (VILLA) VIMARANIS, referida a unha explotación agrícola do período medieval propiedade dun individuo chamado *Guimar(ane)* ou *Vimara(ne)*, nome persoal que en orixe empezaba por *W-*, sendo o *Gu-* actual unha adaptación románica dese *w-* xermánico. O significado do seu compoñente, que é o mesmo que o primeiro elemento do antropónimo xermánico *Vimaredus* causante do topónimo *Guimarei*, non se coñece con seguridade.

Nunha atestación do ano 1208 da colección documental do mosteiro de Meira cítase un *villare Guimaranis*, que debe ser, coa solución *-anis* > *-ás* propia do galego do interior, un dos lugares chamados *Guimarás* da provincia de Lugo. Noutra de 1575 do AHUS, menciónase o “lugar y casal que se dize de *Guimerán* [sic], sito en la dicha felegresía de San Pedro da [sic] Carcaña”.

O topónimo padronés, co resultado do galego occidental *Guimaráns*, aparece no *Nomenclátor* do ano 1864, sen acento, coa forma *Guimarans*, como correspondía á ortografía do castelán naquela época.

Na provincia da Coruña existen outros catro lugares chamados *Guimaráns* nos concellos de Ames, A Baña (dous) e Vedra. *Guimeráns* (con disimilación vocálica), no pontevedrés de Meis. A súa variante do galego interior ou continental *Guimarás* documéntase nos concellos lugueses do Corgo, Paradela, Muras, Begonte, Outeiro de Rei e Pantón e nos ourensáns de Allariz, Piñor, O Irixo, Esgos e Monterrei.

Herbón (Santa María)

Parroquia

Herbón

Lugar da parroquia de Herbón


Este topónimo, como ben di o seu investigador Edelmiro Bascuas (2002), non ten nada que ver coa palabra *herba*, xa que se trata, atendendo á súa forma antiga *Orvon*, dun nome de lugar referido á auga. Proviría dunha forma reconstruída por Julius Pokorny, **ōr-wo-* ‘apresurado, rápido’, derivada dunha raíz hidronímica indoeuropea **er-* ‘moverse, fluír (auga)’.

Nunha atestación do ano 1158, publicada por López Ferreiro, aparece como *Orvon*. Anos máis tarde, en 1485, nun documento da colección diplomática de *Galicia Histórica*, o topónimo xa se mostra coa disimilación do seu primeiro *o* en *e* na forma *Erbon*, a cal debeu coller anos despois o seu *H-* inicial non etimolóxico por influencia e relación errada coa palabra *herba*.

En canto á corrente de auga á que se pode referir o moi antigo hidrotópónimo *Herbón*, debe ser o rego Castrelo, que nace no monte do mesmo nome e pasa pola aldea de Herbón para deseguido desembocar no próximo Ulla.

Un topónimo que Edelmiro Bascuas relaciona directamente co de *Herbón* é *Herbogo*, lugar e parroquia do concello de Rois, limítrofe co de Padrón, bañado polo río de Rois, que no século XII era *Orvego*, forma antiga que o emparenta co tamén hidrotópónimo *Órbigo*, nome dun afluente do río Ebro, e o cabo *Orvion*, citado no século II polo xeógrafo grego Ptolemeu inmediatamente antes da desembocadura do río Ulla nun percorrido de sur a norte. O río Douro nace nos *Picos de Urbión*. En canto a *Huerva*, é o nome dun tributario do río Ebro. O ditongo inicial *ue* destoutro hidrotópónimo indícanos que o primeiro *o* do orixinario **ōr-wo-* era breve.

O rego Castrelo
despois de atravesar
a aldea de Herbón





A pequena pero caudalosa corrente de auga do lugar de *Erbón*, Becerreá

Nun documento do ano 1566 do ACS, o topónimo *Herbón* do concello de Padrón aparece aínda sen o *H-* non etimolóxico como “Santa María *Derbon*”.

O *Nomenclátor de Galicia* de 2003 rexistra un topónimo *Erbón* no concello lugués de Becerreá, que ten a mesma orixe có de *Herbón*, pero sen *H-* inicial. Trasladados a este lugar, puidemos comprobar que, no lugar do Lameiro, ao comezo dunha gran vagoada chamada O Fondón, situada ao pé da aldea, nace unha caudalosa corrente de auga, aproveitada para regar un gran prado en costa onde pacía un numeroso grupo de vacas. A corrente fluvial, logo de pasar polo lugar de Monelo, próximo ao de *Erbón*, segue baixando cara ao río Narón, tributario do Navia.

Aínda que o apelido *Herbón* non se documenta no concello de Padrón, existe no de Becerreá, onde nacería no seu lugar de *Erbón*, e nos limítrofes e próximos de Navia de Suarna, Cervantes, Baralla e O Corgo.

Horta, A

Lugar da parroquia de Iria Flavia

A Horta é un topónimo transparente referido a un terreo de pouca extensión, xeralmente moi próximo á casa, dedicado ao cultivo de hortalizas, legumes e, nalgúns casos, árbores froiteiras. Segundo recollemos de Corominas e Pascual, a palabra *horta* sería un aumentativo-colectivo derivado do latín *hōrtus* ‘xardín’.

En canto a este topónimo en particular, *A Horta*, quizais se refira á horta do desaparecido castelo-pazo da Rocha Branca, que se levantou a carón da aldea.

Nunha atestación do ano 1526 do AHUS cítase a “Pedro *d’Orta*, vezino de Santa María de Eria? [é de difícil lectura] de la villa de Padrón”. O Real de Eclesiásticos do Catastro de Ensenada (1752), en *Galiciana*, cita, referido á vila e ao termo de Padrón, “una casa de un alto en el lugar de *Ortta*” e “en el agro de Covo en el lugar de *Orta*”.

O topónimo *A Horta* e os seus compostos son relativamente abundantes na toponimia maior de Galicia e moito máis na menor ou microtoponimia.

Non documentamos o apelido *Horta* no concello de Padrón.

Igrexa, A

Lugar da parroquia de Carcacía

Lugar da parroquia de Herbón

O topónimo *A Igrexa* procede do latín vulgar *ECLESIA*, en latín clásico *ECCLĒSIA* ‘assemblea, reunión de fieis’, e refírese á igrexa de cada parroquia. Malia que a partir de *ECLESIA* se deron en Galicia as formas patrimoniais *A Eirexa*, *A Eirexe*, *A Irexe*, *A Irexa*, *A Grixá*, *A Airexa* e *A Airexe*, os dous topónimos do concello de Padrón reproducen a voz común do galego, recuperada por vía culta, *A Igrexa*.

Aínda que que non podemos precisar cando naceron estes dous topónimos *A Igrexa*, a primeira mención documental da que quizais foi a primixenia igrexa parroquial de Carcacía, que xa tiña a súa advocación actual, é do ano 899 e aparece nun documento publicado por López Ferreiro: “*Carcatiam integram cun ecclesia Sancti Petri ibi fundata*”. En canto á igrexa da parroquia de Herbón, a actual conserva a súa fábrica románica apenas alterada, o que certifica a existencia dun templo cristián no lugar polo menos no século XII.

Na Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) cítase una “*junta de los vecinos de la feligresía de San Pedro de Carcacía en el attrio de la iglesia parroquial de San Pedro de Carcacía*”. Unha atestación do ACS de 1572 cita un tal “*Bieito da Yglesia*” veciño da parroquia de Santa María de Herbón.

O topónimo *A Igrexa* é numerosísimo en Galicia e, en consecuencia, tamén os apelidos castelanizados *Iglesias* e *Iglesia*.

Iria Flavia (Santa María)

Parroquia

Iria Flavia

Lugar da parroquia de Iria Flavia

O de *Iria Flavia* é un topónimo único. A súa primeira parte podería ser un cultismo que conservou a súa forma antiga por tradición eclesiástica, ao ser *Iria* o antigo bispado antecesor do de Santiago. Dende esta perspectiva, e dado que aparece na documentación medieval tamén como *Ilia*, contería (tamén podería ser unha coincidencia formal sen máis transcendencia) unha palabra dunha lingua prerromana igual ou parecida a **ili* ‘cidade’, propia e característica do territorio peninsular que habitaron os iberos, quizais emparentada co vasco *iri*, tamén ‘cidade’. Esta posibilidade


ten o inconveniente de que tanto a zona vasca coma o oriente da Península están moi afastados do territorio do topónimo *Iria*.

Edelmiro Bascuas (2002) propuxo como etimoloxía un antigo tema hidronímico **er* ‘moverse, fluír, correr (auga)’, máis un sufixo, tamén prerromano *-*ia* en referencia ao regueiro de Abelenda, que pasa pola aldea de *Iria* para inmediatamente desembocar no río Sar. Dende este parecer, *Iria* sería un hidrotopónimo que estaría emparentado co de *Irimia*, nome do pedregal onde nace o río Miño e flúen as primeiras augas desta importante corrente fluvial.

En canto a *Flavia*, a segunda parte do topónimo, é o epíteto que tivo en época romana Iria, cando foi un importante núcleo de poboación, ao que lle concedeu, sobre o ano 70, o emperador Vespasiano da dinastía Flavia o *ius latii*, ou dereito de cidadanía latina, que lles outorgaba ás urbes hispanas co fin de integralas na administración do Imperio. A forma *Iria Flavia* para Iria está documentada no século II polo xeógrafo grego Claudio Ptolemeu.

Iria, seguramente a *Tria* ou a *Pria*, co seu nome equivocado, do *Itinerario de Antonino*, era unha das *mansiones* de parada e descanso da vía romana número XIX que ía de Braga a Astorga. Despois foi cidade de época romana e sé episcopal no reino suevo (ou antes), como o documenta, a mediados do século VI, o Parroquial Suevo ou División de Teodomiro (en latín *Parrochiale Suevum*, *Parrochiale Suevorum* ou *Divisio Theodomi*ro): “Ad Iriensen sedem ipsa *Iria*”, isto é “Á sé *Iriense* [corresponde] á mesma [*ipsa*] *Iria*”. Isto cadra, entre outras probas, coa aparición, tras varias campañas arqueolóxicas, de abundantes sarcófagos de pedra coas súas laudas ou cubertas de dobre estola desa época, amontoadas sen xeito nin coidado ningún no adro da igrexa de Iria, construída sobre varios templos anteriores, o primeiro dos cales puido ser paleocristián ou de época sueva.

Iria é un *unicum* entre a toponimia de Galicia.



O rego de Abelenda
ao seu paso por Iria

Lagos, Os

Lugar da parroquia de Cruces

Nun principio pareceunos que este topónimo podería facer referencia a unha antiga familia apelidada *Lago* instalada no lugar, como Os Dices do limítrofe concello de Rois nomea a parentela de alguén apelidado *Diz*, pero a presenza dunha pequena corrente de auga no lugar fainos pensar que *Os Lagos* se refira a varios lagos, na súa acepción de pequenas presas para regar prados (existe a expresión galega *lagho de reghar*) ou para curtir o liño (existiu a expresión *lago do liño*). Trasladados ao lugar puidemos comprobar que a pequena corrente de auga, que os naturais da aldea chaman *o regheiro*, alimenta un antigo lavadoiro e forma un pouco máis abaixo unha poza de auga. O topónimo contén o plural do substantivo *lago* (lat. LACU ‘id’).

A documentación antiga corrobora o anterior, pois, aínda que o topónimo *Os Lagos* non aparece no Catastro de Ensenada (1752), nas súas Comprobacións (1763), no dicionario de Madoz (1845) nin na *Geografía general del Reino de Galicia* (ca. 1928), no *Boletín oficial de la provincia de La Coruña* do ano 1887, en *Galiciana*, na parroquia de Santa María de Cruces e baixo o epígrafe de *Herbales*, lemos: “En *Los Lagos* seis cuartillos y una área setenta centiáreas con inclusión del *lago* (un antigo *lagho de reghar* ou un *lago do liño*?) y silveiral”. Na mesma fonte e arquivo: “En Muíños [...] linda Oeste, *Los Lagos* de Cruces”, testemuños escritos que non nos informan se daquela o lugar dos lagos, que tiña interese e aproveitamento agrícola, estaba habitado.

Unha poza ou “lago”
que forma o *regheiro*
dos Lagos



Lamas

Lugar da parroquia de Carcacia

Lugar da parroquia de Padrón

O topónimo *Lamas* é o plural de *lama*, palabra de orixe prerromana referida a lugares húmidos e encharcados, abundantes en lama. Nalgunhas partes da Galicia interior, de clima menos chuvioso ca na Galicia atlántica, as voces *lama*, *lameiro* e *lamela* son sinónimas de ‘prado de verán ben abastecido de auga’. En Padrón non recollemos a palabra *lama* con ese significado, que si puido ter en tempos máis recuados.

Os topónimos *Lamas*, *A Lama* e os seus derivados e compostos son, por razóns obvias, moi abundantes en Galicia. A aldea chamada *Lamas* da parroquia de Carcacia está a carón do rego das *Lamas*. A de Padrón, xunto ao río Sar, en terreo moi chan.

Referido ao lugar chamado *Lamas* da parroquia de Carcacia, nun documento do ano 1337 de *Galiciania* cítase a “Affonso Martines, morador en *Lamas* [...] de San Pedro de Carquacia [...] do dito lugar de *Lamas*”. O nome desta mesma aldea atopámolo tamén coa súa forma actual na Comprobación do Catastro de Ensenada da dita parroquia (1763). O *Lamas* da parroquia de Padrón aparece citado, xunto co contiguo de Quintáns, no Real de Eclesiásticos do Catastro de Ensenada (1752), en *Galiciania*: “las Vegas de Quintáns y *Lamas*”.

O apelido *Lamas* existe no concello de Padrón e nos limítrofe de Rois e Teo, neste tamén existe como topónimo, polo que calquera dos lugares de Padrón e Teo puido ser o foco deles.

Lapido, O

Monte da parroquia de Carcacia

O monte do *Lapido* é a derivación, cara ao norte, do próximo monte Meda. O topónimo debe provir da palabra *lapa* ‘pedra, pedra plana, cova entre as pedras’, que contén, segundo algúns autores, a raíz prerromana **lapp-* ‘pedra’. En canto ao segundo compoñente, *-ido*, é un sufixo abundancial variante do máis frecuente *-edo*, ambos os dous procedentes do latín *-ĒTU*. De acordo con esta proposta, o monte do *Lapido* é moi pedregoso, como o son outros lugares chamados *O Lapido* e semellantes, a saber: *A Lapa*, *A Lapela* (diminutivo en *-ela*), *A Lapachán* (probablemente repetición ou tautoloxía de pedra plana), *As Lapas*, *As Lapelas*, seguramente a primeira parte de *Lapamán* etc.

Unha atestación do ano 1559 do AHUS cita o topónimo *O Lapido* do concello de Padrón nos seguintes termos: “pesqueyra [de lampreas] en el ryo de *Lapydo* [o Ulla], freguesía de San Pedro de Carcaçia, que se dize a Pesqueyra Noba” (aínda segue en pé).

Unha canteira abandonada
no monte do Lapidio



Nas explicacións numeradas dun plano das 27 pesqueiras de lampreas do tramo final do río Ulla, dende a parroquia de Carcacia e O Lapidio, hoxe no ACS e asinado no ano 1798 polo escultor de arte relixiosa José Benito Malvárez, que traballou en igrexas de Padrón e Valga, cítase o monte *Lapido* e destácase pola súa natureza pétreo: “montañas que se llaman de el *Lapido* con muchos peñascos y despeñaderos”.

O apelido toponímico *Lapido* é frecuente no concello de Padrón, no límite de Rois e no de Boiro. A súa existencia noutros máis afastados, como Guitiriz ou Lugo, terá a súa orixe noutro lugar chamado *O Lapidio*.

O topónimo *O Lapidio* repítese, dando nome a lugares poboados, nos concellos coruñeses de Irixoa e O Porto do Son. A súa forma sen artigo está presente no concello coruñés de Ames.

Lestido

Lugar da parroquia de Iria Flavia

Se o topónimo *O Lapidio* é un abundancial en *-ido* de *lapa* ou pedra, *Lestido* éo co mesmo sufixo pero de *lesta*, ‘planta gramínea do xénero *Anthoxanthum* que ten a súa cana estreita, follas sen pelos, espiga pequena e estreita da que sae unha flor’. Aínda que se atopa en estado salvaxe, condición da planta que debeu producir os fitotopónimos a ela referidos, tamén se cultiva como planta forraxeira. En canto á etimoloxía da palabra *lesta*, probablemente proceda de (*herba*) *aresta* (lat. vg. *ARĒSTA, lat. ARĪSTA ‘aresta da espiga’, ‘espiña de peixe’).

No ano 1600, nun documento do AHUS, lemos: “Juan Conde de *Lestido*, veziño de Santa María Adina, de la villa de Padrón”. Na Comprobación do Catastro de Ensenada (1763): “una casa de un alto en el lugar de *Lestido*”.

Á parte de *Lestido*, sen artigo, chámanse *O Lestido* na provincia da Coruña un lugar da parroquia de Andoio, Tordoia, e outro da de Monzo, Trazo. A variante *Lestedo* é o nome dunha parroquia e dun lugar do concello coruñés de Boqueixón. O nome repítese para outro *Lestedo* no concello de Palas de Rei (Lugo). Existe un lugar de nome *Lestide* no concello así mesmo lugués de Abadín, que ten unha terceira variante do sufixo.

O apelido *Lestido*, que nacería na aldea do mesmo nome portado por un dos seus primeiros poboadores, é frecuente no concello de Padrón e nos limítrofes e máis ou menos próximos de Pontecesures, Dodro, Valga e Rianxo.

Loureiro, O

Lugar da parroquia de Cruces

Máis ca un conxunto de loureiros, este posible fitotopónimo ou topónimo referido ao mundo vexetal podería referirse á antiga presenza dun só loureiro, en latín vulgar LAURARIO e en latín clásico LAURU, árbore que nalgún tempo puido caracterizar o lugar dándolle o nome.

Malia esta hipótese, a Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) cita nesta parroquia “Otra [taberna] en el lugar de *Loureiro*”, polo que, como opina a filóloga Luz Méndez (información oral), tamén cabería a posibilidade de que o topónimo *O Loureiro* neste caso se referise a unha taberna do estilo dos *furanchos*, establecementos de tempada, non sempre publicitados, que colocan como contrasinal para seren identificados unha rama desta árbore. En moitas zonas vinícolas os *furanchos* tamén se coñecen como *loureiros*.

O apelido *Loureiro* é propio do concello de Padrón e dos limítrofes de Pontecesures e Teo, aínda que neste procederá dun seu lugar chamado *Loureiro*.

A frecuencia dos topónimos *O Loureiro* e *Loureiro* na toponimia fala tanto da abundancia desta árbore en Galicia coma da de *furanchos* dende, polos menos, o século XVIII.

Luáns

Lugar da parroquia de Iria Flavia

Aínda que non temos documentado para este nome de lugar a súa posible forma antiga **luouanos* ou unha similar, pola súa terminación en *-áns* e pola situación xeográfica na parte máis occidental do concello, albiscamos, sen poder aseguralo, que o de *Luáns* podería ser un topónimo xentilicio referido a un grupo de xente vida da parroquia de Luou, no limítrofe concello de Teo. Os supostos emigrantes tamén poderían proceder dun posible lugar chamado *Lúa*, aínda que consideramos que esta segunda posibilidade é máis difícil, porque a única aldea rexistrada no NG chamada *Lúa* (San Martín de Lúa, Pol, Lugo) queda moi lonxe.

No ano 1570, no ACS, este topónimo cítase coa forma *Luás*. En 1580, na mesma fonte, figura *Luáns*. No Real de Eclesiásticos do Catastro de Ensenada (1752), en *Galiciana*, lemos: “una heredad en el Agro de *Luáns*”.

Non hai ningún outro lugar en Galicia chamado *Luáns*.

Matanza, A

Lugar da parroquia de Iria Flavia

O topónimo *A Matanza*, repetido en Galicia e alén Pedrafita, referiríase, segundo unha coñecida e moi divulgada etimoloxía popular creada dende a perspectiva interesada do bando cristián, a unha matanza de mahometanos a mans dos primeiros en diversos enfrontamentos bélicos, como un que segundo a tradición oral tería lugar no chamado *O Campo da Matanza* do concello lugués de Baleira. Nalgunhas ocasións, os contendentes non son os devanditos protagonistas e as batallas sucederían en tempos menos recuados, caso do topónimo que nos ocupa, que sería o recordo, segundo un relato popular recollido por Murguía, dunha loita con moitos mortos sostida por don Rodrigo de Moscoso, arcebispo de Santiago, contra os seus parentes composteláns, que lle negaban a soberanía, aos cales se enfrontaría “en un lugar cercano a Padrón llamado *la Matanza*”. Aínda que moitos destes masacres deberon ser lendarios, nalgunha ocasión o topónimo pode ser o que parece.

En Galicia atestamos un lugar chamado *Matancia* nun documento de cara ao ano 1100 do mosteiro de Dozón. Noutro testemuño escrito do ano 1596 do ACS lemos: “lugar da *Matança*, sito en la feligresía de la villa del Padrón”. As ordenanzas da vila de Padrón do ano 1604 ordenan que os padroneses que tivesen leiras ou prados “por el rrego de la *Matança* arriba” adquirirían a obrigación de limpalo para que non rebordase en épocas de fortes chuvias e destruíse un camiño próximo. Nun testemuño escrito do ano 1596 do ACS lemos: “lugar da *Matança*, sito en la feligresía de la villa del Padrón”. No Real de Eclesiásticos do Catastro de Ensenada (1752), en *Galiciana*, cítase o topónimo nos seguintes termos: “Molino, tiene uno llamado da *Matanza*, de cubo y piedra negra, muele todo el año con el agua del regato de *la Matanza*” e “lugar da *Matanza*”.

A *Cartografía dos apelidos de Galicia* recolle no concello de Padrón uns poucos portadores do apelido *Matanza*.

Meda

Monte do concello

Para a explicación do nome do monte *Meda* ou *Pico de Meda*, cumio do monte Miranda, cómpre partir do vocábulo latino *MĒTA* ‘antigo piar de forma cónica ou piramidal que se situaba en cadanseu extremo da espiña dos circos romanos para sinalizar e contabilizar o paso das cuadrigas nas carreiras de carros’. Aínda que hoxe as metas das competicións deportivas non teñen eses antigos conos sinalizadores,

o vocábulo *mēta* mantense na toponimia de Galicia, dando nome, ao sonorizar o -t- intervocálico en *d*, coa forma *Meda* a picos montañosos de forma cónica, como o monte *Meda* ou *Pico de Meda* que nos ocupa, visible e facilmente identificable, dado o seu característico cume, dende as terras do Ullán e dende outras máis afastadas.

No vocabulario común do galego a supervivencia da palabra latina *meta* maniféstase na palabra *meda* ‘morea de forma cónica formada pola acumulación ordenada de feixes ou monllos de centeo, trigo, millo, herba etc.’, ‘calquera cousa amoreada de forma cónica’. No concello lugués da Fonsagrada, as pedras que ían aparecendo nas searas con motivo das sementeiras eran amoreadas en *medeiros*.

Montiño, O

Lugar da parroquia de Iria Flavia

Lugar da parroquia de Cruces

O transparente topónimo *O Montiño*, diminutivo en -iño da palabra *monte* (< latín MONTE), aparece por primeira vez no *Nomenclátor de Galicia* do ano 2003 como un lugar da parroquia de Iria Flavia, aínda que hoxe parte das casas da antiga aldea xa non existen e esta é xa un continuum da veciña de Vista Alegre, na mesma freguesía.

Recibe tamén o nome *O Montiño* un lugar da parroquia de Cruces, que non figura no *Nomenclátor de Galicia* de 2003; refírese a unha pequena altura con casas moi próxima á aldea do Loureiro.

Morono

Lugar da parroquia de Herbón

En visita ao lugar de *Morono* puidemos comprobar que as partes traseiras dalgunhas casas da aldea están acaroadas ao último tramo da ladeira oeste do monte Castro Valente, e que esta é moi rochosa, característica natural que podería ser a causa do topónimo, quizais procedente dunha raíz prerromana **mor-* ‘pedra’. Tal como indicamos na entrada *Abelina*, *A*, o topónimo *Morono* puido ter sido inicialmente *Moronoño*, en paralelo coa voz galega *zanfona*, que en bo galego sería *zanfoña* e co tamén topónimo padronés *A Abelina*, seguramente nun principio **A Veliña* ou **A Valiña*.

Edelmiro Bascuas (2014) opina que outro topónimo *Morono* podería ser a continuación dun anterior **Borono*, relacionado con *Boronia*, probable nome antigo do río Bendimón, Outes (A Coruña), que desemboca na ribeira norte da ría de Noia, despois de salvar un gran desnivel. Dende esta perspectiva *Morono* sería un hidrotopónimo prerromano procedente dun tema en **bhuron-*, relacionado cunha raíz- **bhur-* ‘brotar, fluír, burbullar (auga)’ e habería que pensar, no canto das características pedrosas do lugar de Morono, nalgún rápido ou salto do próximo

río Ulla, dos seus pequenos afluentes, os regos do Castro ou o da Rocha, ou o que conflúe neste, o rego da Revolta, todos contiguos a Morono.

Nunha atestación do ano 1441 do TMILG cítase un tal *Fernán de Morono*. Noutra do ano 1556 do AHUS figura un veciño de Herbón chamado *Afonso de Moroño*. Noutra terceira de 1579 do ACS noméase, con motivo da venda dunha pesqueira no río Ulla, un tal “Frutuoso de *Morono*, fillo e herdeiro in solidum de Miguel de *Morono*, y Gracia de *Morono* su muger vecinos que fueron de la villa del Padrón”. O Catastro de Ensenada (1752) cita outra pesqueira de lampreas chamada *Morono de Abaxo y de Arriva*. O padre Sarmiento en 1754-1755 documenta este lugar co nome de *Moroño*. Na Comprobación do Catastro (1763) lemos: “Agustina García, viuda. Casa, la en que vive, en el lugar de *Morono*”.

A forma *Moroño* deu lugar ao apelido homónimo, que a *Cartografía dos apelidos de Galicia* recolle noutros concellos galegos, mentres que o de *Morono* é relativamente frecuente no de Padrón, de onde saltaría ao contiguo de Rois, e que tamén está presente nos de Santiago de Compostela e Pontevedra, onde están as cidades máis próximas ao lugar de *Morono*.

Morono é topónimo único en Galicia.

Muelle, O

Lugar da parroquia de Iria Flavia

O topónimo castelanizado *O Muelle* corresponde á palabra galega *molle* ‘dique xunto ao mar ou a un río navegable para facilitar o embarque e desembarque’, a cal se tomou como préstamo da catalá *moll*. O *muelle* nomeado no topónimo homónimo refírese ao molle fluvial situado na parte coruñesa, na marxe dereita do Ulla, enfronte do molle de Pontecesures, este na banda pontevedresa do río, ata aquí aínda navegable (na Idade Media con moito máis calado). O molle do lugar padronés do *Muelle* debeu ser construído (está máis invadido de vexetación) anos antes que o da ribeira pontevedresa. Este data de principios do século pasado, cando era deputado en Cortes polo distrito de Caldas de Reis Bernardo Mateo Sagasta, a quen se lle dedicou unha rúa no ano 1910 na vila de Pontecesures.

Con respecto ao lugar padronés do *Muelle* e proximidades fluviais, sabemos por noticias orais e pola documentación histórica que antigamente houbo algunha instalación portuaria que acollía barcos de grande e mediano porte. María Teresa Codesido, propietaria do edificio onde estivo a aduana do porto fluvial Padrón-Pontecesures, relatounos que un seu tataravó chamado José Cabo pilotaba, a mediados do século XIX, un galeón de tres paus que levaba a vela mercadorías comestibles (follas de bacallau, aceite, cebolas etc.) dende o porto de Padrón ata os de Xixón e Santander, dende os que traía de volta outros produtos.

Máis antigamente, nunha atestación do ACS do ano 1547 noméase a “Rodrigo Afonso, mestre de la carabela que se dize por nombre San Sebastián que al presente se encuentra surta en el puerto del *Puente Sesures*”. Noutra da mesma fonte

documental de 1568 cítase un tal “Pedro Díaz de Fan, maestro portugués de la carabela nombrada Misericordia que está surta en el lugar e puerto de *Ponte Cesures*”, que non debe corresponder ao nome da actual vila pontevedresa de Pontecesures (véxase), topónimo moito máis tardío, na ribeira oposta do río, senón ao lugar padronés hoxe chamado A Ponte (ata os anos 1970, Ponte Cesures), contiguo ao do *Muelle*, onde puido nacer a actividade portuaria, aínda que non a pesqueira, que tamén semella que tivo actividade antigamente na banda pontevedresa.

Os peiraos fluviais de Padrón e do actual municipio de Pontecesures tiveron unha actividade económica notable centrada no tráfico portuario de mercadorías. A estes molles chegaban río arriba barcos, como as carabelas antes citadas, procedentes de diversos lugares para satisfacer as necesidades dos habitantes da contorna da inmediata zona de Santiago de Compostela e da propia cidade xacobeá.

Situado no fondo da ría de Arousa, a partir do cal se foron sucedendo portos máis exteriores, o porto marítimo-fluvial de Padrón-Pontecesures tivo unha importancia considerable pola presenza de barcos, mercadorías e mercadores con naves que comerciaban con sal, tabaco, cereais, pipas de viño e outros produtos. Segundo recolleemos en Beiró Piñeiro (2018), aínda no século XVIII as parroquias de Iria e San Xulián de Requeixo de Pontecesures seguían servíndose deste porto de maneira importante, como o proba que no ano 1749 o intendente xeral de Galicia comunicase a todos os portos do país, entre eles o de Padrón-Pontecesures, a posibilidade de que algunhas embarcacións inglesas viñesen cargar viño do Ribeiro e que as autoridades llelo facilitasen.

Segundo as ordenanzas da vila de Padrón, aprobadas no ano 1604 na casa consistorial de Padrón polos alcaldes eclesiásticos (cóngos de Iria) e outros alcaldes ordinarios, moitas das mercadorías desembarcadas no porto de Ponte Cesures [debe tratarse outra vez da parte padronesa] transportábanse en carros de bois a diversos lugares, preferentemente á cidade de Santiago. Deste carrexo encargábanse preferentemente carreiros da vila de Padrón e da súa xurisdición que conviñan o prezo



Unha das ramplas
vexetadas do molle
do lugar do Muelle

cos mercadores, aínda que estes frecuentemente lles pagaban a aqueles, unha vez carretadas as mercancías, menos do acordado. Para evitar esta clase de abusos, a Xustiza e Rexemento da vila padronesa dispuxo que se multase os infractores con trescentos marabedís. A estes carros, dos que hai constancia fotográfica bastantes anos despois pasando polo santuario da Escravitude cara a Santiago, debe referirse Rosalía de Castro en *Follas novas* cando escribe “o chirrar dos carros na Ponte”, que é o lugar así chamado, antes Ponte Cesures, contiguo ao do Muelle.

O Catastro de Ensenada (1752) cita un tal “Don Francisco Mariño Sarmiento, Abogado de la Real Audiencia de este Reyno y Subdelegado de Marina en el Puerto de Padrón, Zesures y agregados”, que corresponde aos actuais molles fluviais do Ulla, nas súas dúas ribeiras. A Comprobación do Catastro (1763) cita neste porto “barcos de carreto [de carga], lanchas de pasaje y dornas de pescar”.

Entre toda a toponimia maior de Galicia non hai rexistrado ningún outro lugar co nome do *Muelle*, que aparece por primeira vez no *Nomenclátor* do ano 1888 como lugar de *Paraíso y Muelle*, data en que, polo tanto, o molle fluvial nomeado no topónimo xa estaba construído no contiguo lugar do Paraíso. No *Nomenclátor* de 1920 aparece por primeira vez individualizado como *Muelle*.

Muíños, Os

Lugar da parroquia de Cruces

O topónimo *Os Muíños*, plural da palabra *muíño*, en latín MOLĬNU, indica a antiga presenza de varios muíños situados a menos de 200 metros da aldea así chamada, sobre o curso medio do rego de Tarrío, afluente, pola marxe esquerda, do río Sar. De todos eles só quedan os restos de un, aínda en pé e confundido coa vexetación ao estar cuberto de musgo e hedra.

Nunha atestación do ACS do ano 1538 lemos: “Martino de *Moínos* [...] e Cecilia de *Moínos* [...] lugar y casal que se dize de *Moínos*, sito en la dicha felegresía de Santa María de Cruces”. A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) cita o topónimo sen artigo como “lugar de *Muíños*”.

A *Cartografía dos apelidos de Galicia* rexistra uns poucos portadores do apelido toponímico *Muíños* no concello de Padrón; nos limítrofes, poden proceder doutros lugares chamados *Muíños*. Como corresponde ao país dos mil ríos, en Galicia é moi frecuente este topónimo.

Outeiro, O

Lugar da parroquia de Carcacia

O lugar do *Outeiro* ocupa un *outeiro* ou pequena elevación de terreo. O topónimo *O Outeiro*, moi frecuente en Galicia debido á súa orografía, ten unha etimoloxía discutida. A teoría tradicional explicouno como procedente do latín hispánico *ALTA-RIU, pero máis recentemente autores como a profesora Álvarez Maurín considéranlo

procedente dunha antiga voz romance *outo* (> latín ALTU), hoxe perdida pero outrora existente e contida nos topónimos *Montouto*, *Ribasoutas* e *Toxos Outos*.

Nos textos medievais *Outeiro* aparece grafado como *Auctario*, *Auctarium*, *Aucterio*, *Autario*, *Autarium* e *Auterio*. Referido ao *O Outeiro* que nos ocupa, nun documento do ano 1575 do ACS menciónanse os irmáns Gonzalo de *Outeiro* e Alonso de *Outeiro*, da freguesía de San Pedro de Carcacia. Aparece tamén sen artigo coa forma *Outeiro* no *Nomenclátor* do ano 1864.

Dada a irregular orografía do territorio galego, o actual *Nomenclátor de Galicia* rexistra máis de 500 lugares chamados *O Outeiro*, *Outeiro* e derivados.

Padrón (Santiago de)

Parroquia e vila capital do concello

A vila de Padrón é a continuación medieval da contigua cidade romana de Iria Flavia. O seu nome provén do latín PETRŌNE, derivado de *pětra* ‘pedra’, voz referida á coñecida e divulgada ara votiva de época romana dedicada a Neptuno, hoxe conservada baixo o altar da igrexa parroquial, que debeu ser custeada no seu día polo foro iriense para pedir protección ao deus romano das augas para os navegantes e mariñeiros que saían e entraban do outrora importante porto marítimo-fluvial da cidade. A alteración da vogal etimolóxica da sílaba inicial *e* no actual *a* é habitual na toponimia galega, onde se repite noutros topónimos *Padrón*, *Padróns*. Segundo recollemos de Gonzalo Navaza, esta alteración permitiu ou propiciou a lenda



A réplica, situada no Monte do Santiaguiño, da ara romana ou pedrón ao que se refire o topónimo Padrón

etimolóxica que relacionaba o topónimo co padroado de Santiago, de aí as grafías *Patrono* (non *Petrone*) do latín medieval.

De acordo co anterior, o topónimo *Padrón* xa aparece no ano 912 nunha atestación do mosteiro de San Martiño Pinario como *villa Patrono*. En 1063, nun documento publicado por Fernando López Alsina (1998), a parroquia de *Santiago de Padrón* amósasenos co nome da súa advocación: “ecclesia Sancti Iacobo de Patrono”. Noutro do ano 1266, publicado por López Ferreiro, consistente no testamento do arcebispo de Santiago Xoán Arias, referido a Padrón, lemos: “In *Petrone* domum et turrim que ibi fecimus cum II. casalibus de scelleyros et una vinea”, *domun et turrim* que se debe referir ao castelo-pazo da Rocha Branca, levantado, en paralelo ao da Rocha Forte de Santiago, por orde do referido prelado e restaurado posteriormente polo tamén arcebispo da sé compostelá Lope de Mendoza. Anos máis tarde, Padrón aparece na documentación como *vila do Padrón* e, en castelán, *villa del Padrón*. Padrón figura como *villa* pertencente á parroquia de Iria Flavia no *Nomenclátor* do ano 1864. No de 1888 aparece por primeira vez como parroquia propia.

Dentro da provincia da Coruña, o topónimo *Padrón* repítese nos concellos de Ames e Val do Dubra. Na de Pontevedra hai un lugar chamado *Padrón* no concello de Lalín e outro no de Redondela. En canto *O Padrón*, hai unha aldea dese nome no concello coruñés de Santiso. O mesmo topónimo documéntase como nome de lugar e de parroquia no concello lugués da Fonsagrada. Segundo recollemos de Nicandro Ares, algún destes *Padrón*, especialmente o da Fonsagrada, podería vir de *PATRONUS*, derivado de *pater* ‘padre, pai’ ou do nome de persoa *PATRONUS*.

En plural, *Padróns*, dá nome a unha parroquia do concello pontevedrés de Pontearreas e, na mesma provincia, existe *Os Padróns* no de Gondomar.

Paraíso, O

Lugar da parroquia de Iria Flavia

A palabra *paraíso* é un descendente semiculto da voz latina *PARADISUS*, e esta da grega *parádeisos* ‘parque, paraíso terreal’. Como topónimo puido designar lugares amenos e agradables ou, aínda que non o fosen especialmente, para anunciar ou propiciar as súas calidades ou presumir delas.

Do lugar chamado *O Paraíso* que nos ocupa temos unha vaga acordanza da nosa infancia segundo a cal nel habería en antigo tempo unha especie de casa de campo ou de recreo que aos creadores do topónimo lles puido evocar o paraíso. Este noso débil recordo concorda coa información que nos subministrou unha señora maior do *Paraíso*, que, ás nosas preguntas, nos contou que unha familia lle vendera, a principios dos anos sesenta do século pasado, a unha empresa de transformación da madeira alí instalada para poder ser ampliada, un pazo coas súas construcións adxectivas, un curral empedrado e unha gran superficie de terreo agrícola, complexo rural que estaba rodeado por un muro moi alto.

Relacionada coa noticia anterior pode estar outra recollida por José Piñeiro Ares, quen nun dos seus libros reproduce un artigo de don Ramón Otero Pedrayo escrito con motivo dunha das feiras do automóbil de ocasión que se celebraron en Pontecesures, no cal o señor de Trasalba reproduce á súa vez un fragmento do libro, publicado no ano 1842, titulado *Viaje a Galicia verificado recientemente por dos amigos* que di:

Salimos [de Padrón] el día 14 de nuestro viaje por la mañana y al lado del Puente Cesures [refírese ao actual lugar da Ponte da parroquia de Iria, daquela chamado *Ponte Cesures*] hicimos un corto descanso con el fin de visitar en su filosófico retiro al honradísimo diputado D. José María Suanzes, que, aunque establecido en el Padrón, pasa agradablemente su vida en una quinta que baña la ría [daquella o tramo do río Ulla que discorre dende Padrón e Pontecesures ata a súa desembocadura na ría de Arousa chamábase a ría de Padrón] y que está calificada con decir que corresponde a su nombre el *Paraíso*.

Malia esta suxestiva información, que pode amosar a intención das xentes que crearon os topónimos galegos *O Paraíso*, relacionándoos dalgunha maneira co paraíso terreal, temos que dicir que o topónimo padronés *O Paraíso* se documenta xa no ano 1551 en *Galiciana*, polo que pode facer referencia a outra gran quinta con terras arredor máis antiga cá de Xosé María Suances ou ser a mesma, na suposición lóxica de que o seu propietario a herdase dos seus devanceiros ou a comprase. A antiga atestación di: “Sobre posesión del lugar del *Paraíso*, sito en la feligresía de Santa María de Iria de la villa de Padrón con lo a él anejo”, cando a parroquia de Padrón, creada no ano 1877 polo arcebispo de Santiago Payá y Rico, aínda non existía e a vila de Padrón pertencía, tal como se di no documento, á de Iria.

Segundo López Ferreiro, o lexicógrafo alexandrino do século II Xulio Pólux recolle no seu *Onomasticon* o termo *paradisi* para referirse ás quintas de recreo que rodeaban as cidades.

Á parte dos lugares chamados *O Paraíso* ou *Paraíso* que recolle o *Nomenclátor de Galicia* do ano 2003, coñecemos un microtopónimo con esa forma. Referímonos a unha gran casa con xardín e a súa terra de labor, quizais outrora máis extensa, situada a carón da capela da Nosa Señora de Guadalupe no lugar do Tremo, á par do balneario do mesmo nome, Os Ánxeles, Brión (A Coruña), que aínda conserva un vello cartel de madeira que anuncia o seu nome, en castelán, *El Paraíso*, e forma un bonito conxunto arquitectónico coa ermida, o seu adro ou pequena praza, unha fonte e un cruceiro.

Polo que se refire ao *Paraíso* pertencente á parroquia de Verdillo, Carballo (A Coruña), o profesor Antonio García Losada informounos de que hai anos lle dixeran á súa dona, daquela mestra en Verdillo, que este topónimo fora traído ao seu regreso por un habitante da parroquia emigrado en Cuba. Aínda que quizais non sexa o caso deste último lugar chamado *O Paraíso*, porque nel non hai recordo

de que existise unha casa suntuosa, outros puideron referirse a grandes casas ou palacetes levantados por algún indiano ao seu regreso a Galicia.

O padre Sarmiento, na súa viaxe a Galicia dos anos 1754-1755, cita na parroquia de Iria Flavia o lugar do *Paraíso* nos seguintes termos:

A Ponte Garreña, está sobre un brazo del río Santiago [trátase do Sar], que desagua en la ría [o río Ulla], arriba del Ponte Cesures, y este brazo, y el río Santiago o Sar, y la ría [o Ulla], forman el sitio que allí llaman *el Parayso*.

Situación entre ríos que puido propiciar, xunto a fertilidade e amenidade da terra, o topónimo *O Paraíso*.

Fóra do padronés e do carballés, o vixente *Nomenclátor de Galicia* rexistra o topónimo *O Paraíso* nos concellos de Carral (A Coruña), Ribeira de Piquín (Lugo), Boborás e Ourense (Ourense); e *Paraíso* en Portas (Pontevedra).

Pazos de Iria

Lugar da parroquia de Iria Flavia

O transparente topónimo *Pazos* contén o plural do resultado nesta parte de Galicia da palabra latina PALATIUM ‘pazo’, e designa antigas casas ou mansións señoriais máis ou menos suntuosas, con signos heráldicos nalgunha das súas paredes. Hoxe, no lugar padronés dese nome non recordan a existencia de antigos pazos, malia que, segundo pensamos, cabería a posibilidade de que, no canto dun pazo propiamente dito, cos signos heráldicos na súa fachada, este topónimo *Pazos* en particular se referise a antigas *casas grandes* (en Galicia existe o apelido *Casagrande*) que destacasen sobre outras do lugar, caso da que puido dar nome ao topónimo contiguo *Porta dos Mariños* (nalgunhas publicacións locais aparece como *Porta dos Mariños-Pazos*).

No testamento de Diego Muñiz, sobriño do arcebispo Diego Xelmírez, do ano 1151, contido na colección diplomática de *Galicia Histórica*, cítase o lugar de *Pazos de Iria* en latín como *Palaciis*, xunto cos topónimos próximos *Seira* e *Estramundi*, que aparece como *Astramundi*. O Real de Eclesiásticos do Catastro de Ensenada (1752), en *Galiciana*, rexistra o nome do lugar como *Pazos*.

O apelido *Pazos*, oriúndo do lugar padronés do mesmo nome, é propio do concello. Os topónimos *Pazo*, *O Pazo*, *Pazos* e *Os Pazos*, así como as variantes do galego da provincia de Lugo e do norte da de Ourense, *Pacio*, *O Pacio*, *Pacios* e *Os Pacios*, son moi abundantes en Galicia. As formas *Paço* e *Paços* son, así mesmo, moi numerosas no norte de Portugal.

Pedreda

Lugar da parroquia de Iria Flavia

Pedreda é un claro abundancial en *-eda* (< latín *-ĒTA*) da palabra latina *PĒTRA*, o que se corresponde coa realidade, especialmente na parte máis alta da actual aldea, que debeu ser onde naceu o topónimo.

Unha atestación do AHUS nomea, no ano 1542, un tal “Juan Domínguez de *Pedreda* vecino de la felegresía de Santa María de Iria”. O Real de Eclesiásticos do Catastro de Ensenada (1752), en *Galiciana*, referíndose a este lugar, rexistra “parte de una [casa] terrena, arruinada, en el lugar de *Pedreda*”.

Malia que en Galicia, país con moita pedra, hai unha chea de topónimos referidos a ela, o de *Pedreda* só se repite entre a toponimia maior como nome dun lugar e parroquia do concello de Lugo. Cambiando o sufixo *-eda* polo correspondente masculino *-edo* (> latín *-ĒTU*), hai un lugar do concello coruñés de Oroso chamado *Pedredo* e outro no pontevedrés de Covelo. Levan o nome *O Pedrido*, co sufixo *-ido*, tamén descendente de *-ĒTU*, na provincia da Coruña cadanseu lugar dos concellos de Arzúa, Ortigueira, Trazo, Carral e Mesía. *Pedrido* localízase no de Santiago de Compostela, *As Pedridas* no de Pontedeume e *Pedride* no de Arzúa, co sufixo *-ide*, variante de *-ido*. Na provincia de Lugo existe un lugar chamado *O Pedrido* no concello de Xermade e *Pedrido* nos concellos de Chantada, Vilalba, Trabada, Barreiros, O Valadouro e Mondoñedo. Para rematar, a chamada *ponte do Pedrido* cruza a ría de Betanzos, unindo os concellos de Bergondo e Paderne.

En Galicia hai algúns (poucos) portadores do apelido *Pedreira* e ningún no concello de Padrón.



A parte máis alta do lugar de Pedreda é, consonte o topónimo, moi pedrosa

Pedreira, A

Lugar da parroquia de Padrón

O topónimo *A Pedreira* é un colectivo ou abundancial en *-eira* (< latín *-ARIA*) de *PĚTRA*.

O resumo dun documento do ano 1555 do ACS que cita as aldeas de Sorribas e Seira do concello de Rois, próximas á da *Pedreira*, está datado neste lugar. Segundo outro de 1610, dado a coñecer polo historiador Xosé Fortes, Rodrigo de Romai, da casa da Torre do Monte, afora o inmediato lugar de “*Pedreira* con todos sus casares, heredades, montes salidos, resíos [...]”. A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) rexistra unha “casa terrena en el lugar de *Pedreira*”. No *Nomenclátor* o topónimo aparece por primeira vez no ano 1864 tamén sen artigo como *Pedreira*.

O topónimo *A Pedreira* é moi frecuente.

Pedroso do Norte, O

Lugar da parroquia de Cruces

Pedroso do Vendaval, O

Lugar da parroquia de Cruces

O topónimo *Pedroso*, logo diversificado nos do *Pedroso do Norte* e *Pedroso do Vendaval*, é un abundancial en *-oso* de pedra (en latín *PĚTRA*).

O ano 1156, no Tombo B da Catedral de Santiago, o rei Afonso VII acouta a *villa* do *Pedroso*, reconverténdoa no couto do mesmo nome para doarlllo ao cabaleiro Sancho Eanes: “Ego Aldefonsus [...] famulosissimus imperator facio tibi [para ti] Sancio Iohannis [...] cautum firmissimum de villa *Pedroso*, cum casale nomine Soutulo et com aliis cassalibus”. Anos despois, cando o topónimo primitivo seguía sen diferenciarse nos dous actuais, noutra atestación de 1266 publicada por López Ferreiro, aparece coa súa forma case etimolóxica *PETROSO*: “Quintam cauti de *Petroso* cum II casalibus”, polo que sabemos que o couto do Pedroso estaba constituído daquela por unha quinta e dous casais. En 1570, nun documento do ACS, rexístrase a “tenencia y coto de *Pedroso*”. O topónimo *O Pedroso do Norte*, cunha segunda parte transparente, é citado na Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) como “lugar de *Pedroso del Nordés*”. A mesma fonte menciona na mesma parroquia un muíño nun lugar chamado *Pedroso*, que sería o do *Pedroso do Vendaval*, se o muíño estivese sobre un pequeno afluente do río de Tarrío, e o do *Pedroso do Norte*, se se atopase no de Tarrío, aínda que tamén pequeno, de máis caudal. O dicionario de Madoz (1845-1850) recolle *Pedroso del Norte*.

Ao lugar do *Pedroso do Vendaval* ou do sur, así chamado por vir o forte vento vendaval dese punto cardinal, quizais se refira a Comprobación do Catastro de

Ensenada (1763) cando cita un muíño no lugar de *Pedroso* na parroquia de Cruces. Madoz (1845-1850) rexistra *Pedroso del Vendaval*.

O topónimo *O Pedroso*, aínda que moito menos abundante que os de *Pedreira* e *A Pedreira*, espállase polas catro provincias galegas. En Galicia hai poucas persoas apelidadas *Pedroso* e ningunha no concello de Padrón.

Picaraña, A

Lugar da parroquia de Cruces

O topónimo *A Picaraña*, repetido en Galicia, semella ser un derivado da raíz prerromana, probablemente celta, *BECC ou *PICC ‘punta, pico’, referido a sitios altos con respecto á súa contorna. De acordo con isto, todos os lugares galegos chamados *A Picaraña* que rexistra o *Nomenclátor de Galicia* están, segundo puidemos comprobar, en lugares máis ou menos altos nos cales, ás veces, hai grandes penedos que destacan na paisaxe. É o caso do monte da *Picaraña*, na comarca do Condado, situado entre os concellos pontevedreses de Pontearreas e Mondariz, e, tamén na provincia de Pontevedra, do lugar da *Picaraña* da parroquia de Porto, Salvaterra de Miño. Esta asociación do topónimo *A Picaraña* coa existencia de grandes pedras repítese noutro lugar chamado *A Picaraña* da parroquia viguesa de Bembrive, que no Catastro de Ensenada (1752) tamén recibía o nome do Galleiro: “*Picaraña* o Galleiro”, topónimo que, segundo apreciación da autora Marta Álvarez Pérez, se debe referir a unha gran pedra gallada ou bifurcada en dúas gallas ou picos. En canto aos lugares da *Picaraña* dos concellos coruñeses de Padrón, Mazaricos e Val do Dubra, aínda que non prominentes en alturas nin en forma de pico, ocupan pequenas elevacións de terreo.

Verbo do sufixo *-aña* da *Picaraña*, repítese, xunto co de *-oña*, en moitos topónimos celtas, entre os que destacamos o de *Becoña de Arriba*, nome dun lugar da parroquia de Moreiras do concello ourensán de Boborás, situado, tal como tamén indica a súa segunda parte, nun lugar alto.

Nunha atestación do ano 1522 do AHUS cítase “el lugar e casal que se dize de *Picarana*”. En 1585, nun documento do ACS tamén referido á parroquia de Santa María de Cruces, lemos: “Agro da *Picarana*”. A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) cita na freguesía “Otra [taberna] en *la Picaraña*”.

Piñeiro, O

Lugar da parroquia de Iria Flavia

O fitotopónimo *O Piñeiro*, en latín PINARIU, derivado de *pinu*, nomea a presenza dun antigo piñeiro senlleiro. A súa abundancia en singular semella indicar que os piñeiros, antes das repoboacións forestais modernas, se distribuían en exemplares únicos pola xeografía galega. Ao estaren solitarios na paisaxe debían servir de fitos ou referentes delimitadores de antigas posesións e territorios, suposto que parece

corroborar a documentación medieval, coma no caso dunha atestación do ano 1227 do mosteiro de Santa María de Xunqueira de Espadanedo que di: “et deinde ubi stat *pinarium*” ou “e de aquí a onde está o piñeiro”. Esa forma *pinarium* normalmente evoluciona ao topónimo *O Piñeiro*, pero excepcionalmente, sen apenas evolucionar, temos *Pinario* no nome do mosteiro santiagués de *San Martiño Pinario* por influencia culta do ambiente eclesiástico.

Unha atestación do ano 1591 do ACS cita *O Piñeiro* que nos ocupa como “lugar de *Pineiro*”. O Real de Eclesiásticos do Catastro de Ensenada (1752), en *Galiciana*, noméao tamén sen artigo como *Piñeiro* e a Comprobación do Catastro (1763) con el: “una casa de un alto en el lugar do *Piñeiro*”.

O apelido *Piñeiro* é abundante no concello de Padrón, dende onde se espallou aos limítrofes de Pontecesures, Rois, Dodro e Teo, malia que neste último procederá doutro seu lugar tamén chamado *O Piñeiro*.

Os topónimos *O Piñeiro* e *Piñeiros* son moi abundantes en Galicia.

Pombal de Abaixo, O

Lugar da parroquia de Iria Flavia

Pombal de Arriba, O

Lugar da parroquia de Iria Flavia

O Pombal é un abundancial en *-al* (< latín *-ALE*) da palabra *pomba*, en latín *PALUMBA*. Refírese á construción onde se crían e viven pombas domésticas.

Unha atestación do ano 1601 do ACS rexistra este topónimo como “lugar do *Ponbal*”, seguramente antes da súa diversificación nos do *Pombal de Abaixo* e *O Pombal de Arriba*. O Real de Eclesiásticos do Catastro de Ensenada (1752), en *Galiciana*, documéntao en castelán coa forma *el Palomar*.

O topónimo *O Pombal* é bastante abundante en Galicia.

Ponte, A

Lugar da parroquia de Iria Flavia

Este topónimo, en latín *PÖNTE*, fai referencia á ponte, hoxe interprovincial, sobre o Ulla. Aínda que é metade do concello coruñés de Padrón, ribeira dereita do río, metade do pontevedrés de Pontecesures, ribeira esquerda, o topónimo *A Ponte* só existe no concello de Padrón. A tradición oral considera esta ponte romana (puido selo unha anterior construída no mesmo sitio ou preto del), pero pola súa factura non é posible, o que corrobora a documentación antiga, que tamén confirma, por incompatibilidade de datas, que o mestre Mateo non puido participar na súa reconstrución, como se pode ler acotío. Sabemos por un testemuño escrito do mosteiro de San Martiño Pinario, glosado por Carmen Manso Porto, consistente no testamento

dun potentado chamado Odoario Afonso, que esta ponte se estaba construíndo ou reparando no ano 1161 e que o tal Odoario, sentíndose moi enfermo, fai a súa manda como segue:

[Mando] ad *ponte* de Cesuras [co -a final do topónimo *Cesures* aínda non convertido no seu actual -e por debilitamento da vogal] totum pagamentum de pane e de denarios et sua ferramenta et I^a equa, ad facendum unum arcum pro anima mea per manus abbatis Sancti Martini domini Petri Villani.

Segundo este documento en latín, o adiñeirado Odoario Afonso paga os gastos da construción ou reparación (*ad faciendum* ‘para facer’) dun arco (*unum arcum*) da ponte, pola súa alma (*pro anima mea*), ponte que construírá o abade do mosteiro santiagués de San Martiño Pinario Pedro Vilaño (no documento *domini Petri Villani*), facéndose cargo tamén o outorgante da ración de pan e dos salarios dos obreiros (*totum pagamentum de pane et de denarios*) mais a ferramenta e unha egua de carga (*et sua ferramenta et I^a equa*).

Nunha atestación posterior do ACS do ano 1547 cítase unha carabela “surta en el puerto del *Puente Sesures*”. Noutra da mesma fonte documental, de 1568, nomease outra tamén “surta en el lugar e puerto de *Ponte Cesures*”, topónimo que non debe corresponder ao actual da vila pontevedresa de Pontecesures (véxase), nome de lugar moito máis tardío e situado na ribeira oposta do río, senón ao lugar padronés hoxe chamado *A Ponte* (contiguo ao do *Muelle*). No Real de Eclesiásticos do Catastro de Ensenada (1752), en *Galiciana*, o lugar da *Ponte*, situado na banda coruñesa do río, aparece repetidas veces como “lugar de *Puente Cesures*”, que era o nome que tiña antes de que a parroquia de San Xulián de Requeixo, situada na banda pontevedresa do río Ulla, pasase a chamarse *San Xulián de Pontecesures*, cando o concello de Pontecesures se creou, no ano 1925, segregándose do de Valga. O lugar da *Ponte* aparece como *Puente Cesures* por última vez no *Nomenclátor de Galicia* do ano 1970. Segundo o Catastro de Ensenada (1752), sobre esta ponte cobrábase un portádego, taxa ou tributo que había que satisfacer nun principio nas portas das antigas cidades amuralladas, de aí o seu nome derivado da palabra *porta*, e despois noutros sitios de paso obrigado, como as pontes. A que nos ocupa gravaba o paso de mercadorías da seguinte maneira:

Quatro maravedís por cada cavallería, un real por cada carro cargado de géneros, por cada carro de leña quattro *mrs*, por cada carnero o cerdo ottros quettro *mrs*, a escepción de los días de domingo que son ferias francas [libres de impostos].

En Galicia, o país dos mil ríos, os topónimos *A Ponte*, *Ponte*, compostos e derivados son moi abundantes.

Porta dos Mariños

Lugar da parroquia de Iria Flavia

Véxase a entrada *Anteportas*.

Pousa, A

Lugar da parroquia de Iria Flavia

A palabra galega *pousa*, en latín PAUSA, recóllese no DRAG coa equivalencia de ‘casa señorial no campo’, significado que podería ter o topónimo, que tamén podería referirse a un antigo pousadoiro onde os camiñantes colocaban as súas cargas para descansar en soportes parecidos aos dos antigos muíños hidráulicos, onde os que ían moer o seu gran pousaban os seus sacos.

O dicionario de Madoz (1845-1850) documenta este lugar sen artigo, como *Pousa*.

Os topónimos *A Pousa* e *Pousa* son bastante frecuentes en Galicia.

Pousada

Lugar da parroquia de Carcacia

O topónimo *Pousada* debe recoller a voz homónima *pousada* no seu significado de ‘casa ou establecemento público onde se pode comer e durmir’. Algúns *Pousada* poderían ser orotopónimos descendentes do latín PAUSATA > *pausare* ‘descansar’, en referencia a descansos orográficos de terreos en pendente situados en estradas e camiños.

No ano 1575 un documento do ACS cita na parroquia “el lugar y casal que se dize de *Pousada*”. Na Comprobación do Catastro de Ensenada (1763), “Lugar de *Poussada*”.

O topónimo *Pousada* é moi abundante en Galicia. A súa forma co artigo, *A Pousada*, bastante menos.

Prada

Lugar da parroquia de Cruces

O nome de lugar *Prada* pode vir de PRATA ‘os prados’, neutro plural de *pratu*, ou recoller o chamado xénero dimensional, en feminino, que en galego expresa realidades máis grandes que o seu correspondente masculino. Así, entre outros exemplos, unha cesta é máis grande ca un cesto, unha carballa ca un carballo e unha leira ca un leiro, polo que o topónimo *Prada* tamén podería referirse a un prado de grandes dimensións.

No ano 1568, nun texto do ACS, o topónimo *Prada* aparece coa súa forma actual: “lugar que se dize de *Prada*”. A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) cita tamén como “o lugar de *Prada*”, “una casa nueva en el lugar de *Prada*”, “una casa terrena en el lugar de *Prada*” e “la pieza da *Vega de Prada*”.

Tamén leva o nome de *Prada* un lugar do concello lugués de Xove e outro, aquí como nome de parroquia, no ourensán da Veiga. Os topónimos *Prado* e *O Prado* son moito máis abundantes.

Queiruga

Lugar da parroquia de Cruces

O de *Queiruga*, denominación do lugar onde se atopa o pazo da Inquisición, é un fitotopónimo ou topónimo referido ao mundo vexetal, transparente, que recolle o nome da planta chamada *queiruga*, *queiroga* ou *queiroa* ‘arbusto perenne da familia das ericáceas do que existen varias especies’ de follas e de flores moi pequenas, que cando chega a primavera enche os nosos montes dunha fermosa cor púrpura (tamén de cor rosada ou branca). Para a etimoloxía da palabra *queiruga* ou *queiroga* tense proposto unha voz latina *CARIOCA (que xa aparece no Parroquial Suevo como nome da actual *Quiroga* luguesa).

Segundo un documento do ano 1156 do Tombo B da Catedral de Santiago, o rei Afonso II acouta a daquela *villa* de Pedroso, hoxe nome de dous lugares desta parroquia, mencionándose o topónimo *Queiruga* coa grafía antiga *Cheiruga*, e os lugares próximos de Lampai, Pazos, unha pequena entidade de poboación que debía estar na beira do rego da Pastoriza, que pasa pola actual aldea de Cambelas, da parroquia de Iria, e o monte Miranda, que culmina no pico de Meda:

per portum de Lampani [Lampai] et lumbas [lombas] per quas dividitur *Cheiruga* et ad Palaciis [Pazos] et per extremos terminus de Pasturiça, versus [cara a] Mirandam [monte Miranda], et per alios [outros] terminus antiquus.

En 1568, nun documento do ACS, cítase un tal “Jorge de *Queiruga* vecino de la feligresía de Santa María de Cruces”. A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) rexistra “Otro [muíño] en el lugar de *Queiruga*, arroyo de Velina, [refírese ao lugar da *Abelina*]”, que é o río de Tarrío.

Aínda que existen os topónimos *Quiroga*, *As Queirogas*, *O Queiroal*, *Queirugal* etc. entre a toponimia maior de Galicia (nomes de lugares poboados), só se rexistra outro topónimo *Queiruga* no concello coruñés do Porto do Son.

Quintáns

Lugar da parroquia de Iria Flavia

O topónimo *Quintáns* procede do plural de *quintán*, resultado occidental (*quintá* na zona oriental) da palabra latina QUINTANA, derivada do numeral *quintus*, quizais nun principio referida á quinta parte dunha terra ou que pagaba un quinto da súa produción agrícola. No latín medieval, a voz *quintana*, hoxe *quintá*, pasou a designar un espazo común entre casas, un terreo chaira contiguo a unha igrexa empregado como cemiterio (de aí o cultismo eclesiástico sen evolucionar *praza da Quintana*, en Santiago) ou, no medio rural, un complexo agrícola formado por casas de morada, as súas construcións adxectivas e as súas terras.

No ano 1568, ACS, cítase unha muller da parroquia de Iria Flavia chamada “Luzia de *Quintáns*, biuda”. O Real de Eclesiásticos do Catastro de Ensenada (1752), en *Galiciiana*, cita, referido a este lugar, “Vegas de *Quintáns* y Lamas”.

O apelido *Quintáns* é relativamente frecuente no concello de Padrón e menos nos limítrofes de Dodro e Pontecesures. Tamén existe nos así mesmo lindeiros de Rois e Teo, pero nestes tería o seu nacemento nos seus respectivos lugares de *Quintáns* e *As Quintáns*.

O topónimo *Quintáns* é abundante na área do galego costeiro ou occidental, o mesmo que a súa versión *Quintás* do galego central ou continental.

Rego da Manga, O

Lugar da parroquia de Herbón

O topónimo *O Rego da Manga* debe referirse ao actual rego de Herbón, que ao seu paso pola aldea chamada *O Rego da Manga* formaría unha porción de terra longa e estreita, semellante a unha *manga*, do latín MANĬCA, palabra que nesa lingua designaba unha especie de manga metálica para protexer os brazos ou as mangas dos lexionarios romanos e dalgúns gladiadores e que en latín vulgar quizais xa tivese a equivalencia de ‘superficie alongada de mar ou de terra’.

Fóra de Galicia, o topónimo *La Manga del Mar Menor* (Murcia) nomea unha longa e estreita lingua de area de 24 quilómetros de lonxitude que se formou dende o cabo de Palos cara ao norte, separando o mar Menor do mar Mediterráneo. A unha lingua de mar refírese o exónimo *A Canle da Manga* ou *O Canal da Manga*, en castelán *Canal de la Mancha*, adaptación errada do francés *La Manche* ‘a manga’, brazo ou manga de mar do océano Atlántico que comunica este co mar do Norte e separa o noroeste de Francia da illa de Gran Bretaña.

A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) cita o actual topónimo *O Rego da Manga* coa forma *Vega da Manga*: “*Vega da Manga*. Tiene en dicha una pieza *Agro da Manga*, labradío secano”. No *Nomenclator* do ano 1888, o topónimo aparece coa forma *Rega da Manga*.

En Galicia non hai máis lugares chamados *O Rego da Manga*.

Rial

Lugar da parroquia de Carcacía

O topónimo *Rial*, moi frecuente en Galicia, é un derivado co sufixo *-al* > latín *-ALE* da palabra latina *RIVU* ‘arroio’, que neste caso se refire ao rego de Xoane, que pasa ao pé da aldea.

Un documento do ano 1575 do ACS cita este topónimo con artigo: “lugar do *Rrial*”, que aparece coa súa forma actual no *Nomenclátor* do ano 1864.

O apelido *Rial* é abundante no concello de Padrón e nos límites de Dodro, Rois, Teo e Pontecesures.

No país dos mil ríos e dos dez mil regos ou regatos, os hidrotopónimos *Rial* ou *O Rial* son moi abundantes.

Ribadulla

Lugar da parroquia de Carcacía

O topónimo *Ribadulla*, coma outros da mesma forma, situados río Ulla arriba, procede na súa primeira parte da voz latina *RIPA* ‘ribeira (de río ou de mar)’ pois está na *ripa* ou ribeira do Ulla.

En canto a *Ulla*, o seu segundo compoñente, é un hidrotopónimo prerromano de etimoloxía e significado incertos. Tense proposto para el unha raíz indoeuropea **wel-* ‘xirar, dar voltas, auga que fai remuíños’, conxectura que ten o inconveniente de basearse nunha única atestación do ano 906, escrita, ademais, fóra de Galicia, na que o nome do río aparece como *Voliām*, cando a súa forma antiga, documentada unha chea de veces dende o século VI, debeu ser *Ulia* (> *Ulla*). O seu carácter de topónimo referido ao elemento auga nalgúns das súas manifestacións (rapidez, cor, forza, ruído, variación de nivel, estancamento etc.) podería verse corroborado polo seu irmán toponímico *Ulla*, nome dunha aldea da parroquia de Berres, A Estrada (Pontevedra), bañada por unha pequena corrente fluvial que puido darlle nome ao lugar por onde pasa, antes de desembocar no Ulla grande. Aínda que este segundo topónimo *Ulla* tamén podería provir do apelido *Ulla* na persoa dun tal *Juan da Hulla*, que segundo recollemos en *Galiciana* tiña propiedades na parroquia de Berres no ano 1394, mentres que outra atestación de 1568 do ACS cita a *Cristovo d’Ulla*, veciño da mesma freguesía.

Aínda que pode referirse a calquera dos lugares chamados *Ribadulla* ou ao territorio medieval dese nome, nun documento do ano 1396 do CODOLGA cítase un individuo chamado *Iohane de Ribadulla*. En 1574, en ACS, aparece o *Ribadulla* que nos ocupa coa súa forma actual: “el lugar y casal que se dize e nombra de *Ribadulla*”. A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) rexistra neste lugar un muíño: “Otro, lugar de *Ribadulla*, de una rrueda y piedra negra, que muele con el agua del riachuelo de Brexaos”, que pode ser o rego da Pía, o de Sinde ou o de Xoane nos seus cursos baixos.

O hidrotopónimo *Ribadulla* repítese noutros lugares por onde pasa o *Ulla* nos concellos coruñeses, na ribeira dereita do río, de Santiso e Vedra, nos dous casos como nome de parroquia (no de Vedra, de dúas), e no pontevedrés da Estrada, na esquerda. *Ribadulla* tamén é o nome dun arciprestado que abrangue o concello de Vedra e parte dos de Boqueixón, A Estrada, Teo e Touro.

Río Vello, O

Antigo brazo do río Sar, situado entre os concellos de Padrón e Dodro

O *Río Vello* ou *Sar Vello*, malia non levar auga, segue a marcar a división administrativa entre os concellos de Padrón e Dodro. É un hidrotopónimo moderno que debeu nacer entre os anos cincuenta e sesenta do século pasado, despois de ser rematada a nova canalización, completamente recta, desta parte do río Sar antes de desembocar no Ulla, para tratar de evitar as numerosas cheas que sufrían en época de fortes chuvias as poboacións da contorna e A Veiga da Foz (topónimo que se refire á antiga foz ou desembocadura do Sar). Os numerosos e consecutivos meandros orixinais do hoxe chamado *Río Vello* aínda se poden distinguir en mapas anteriores á devandita canalización e en fotos aéreas actuais, grazas á vexetación arbórea das súas ribeiras, que segue viva.

Sobre o ano 1995, unha señora maior do lugar padronés do Campo da Insua, próximo ao *Río Vello*, falounos das “letras do Apóstolo”, nome que aquela amable comunicante lle deu ás constantes voltas e reviravoltas da canle orixinal do río. Estas retortas fluviais tamén inspiraron o dito popular “es más retorcido que o río de Padrón” para referirse a unha persoa de carácter e trato difícil.

Rocha, A

Lugar da parroquia de Herbón

Aínda que nun principio este *A Rocha* poida parecer un topónimo transparente e reproducir a palabra homónima *rocha*, posible galicismo chegado ao galego en época máis serodia cá palabra patrimonial *roca*, proveniente de **rocca*, seguramente de orixe prerromana, nunha visita ao lugar puidemos verificar que está situado nun fondal no que non destaca o elemento pedra, ausencia que deseguido nos foi confirmada por tres habitantes da aldea, os cales, ás nosas preguntas, dixeron non recordar dos seus maiores a existencia de restos dunha antiga fortificación construída sobre unha altura rochosa ou gran rocha nin a existencia desta.

Perante esta comprobación, formulamos a hipótese de que o nome desta localidade chamada *A Rocha* sexa un topónimo de traslado do microtopónimo irien-
se *A Rocha Branca* (referido ao seu desaparecido castelo) do que dista uns catro quilómetros. A este respecto, Carré Aldao cara ao ano 1928, aínda que lle dá á palabra *rocha* o significado errado de ‘campamento’, escribe, referíndose ao lugar chamado *A Rocha* da parroquia de Herbón: “Esta fué la Rocha Iriense. Rocha, más

bien que fortaleza, significa campamento. De ahí que muchos lugares así llamados estén en llano”.

Outra posibilidade parecida consistiría en que o lugar da *Rocha* que nos ocupa recibise o seu nome por ser propiedade dos señores eclesiásticos dos castelos da Rocha Forte santiaguesa e da citada Rocha Branca padronesa, cuxos nomes semellantes obedecen ao feito de seren coetáneos e do mesmo propietario, pois foron construídos pola mitra compostelá durante o arcebispado de Xoán Arias.

Nunha proba escrita do ano 1606 do ACS, cítase un veciño da parroquia de Santa María de Herbón chamado “Rodrigo Lopes *Darrocha*”. O Catastro de Ensenada (1752) rexistra un muíño no río da *Rocha*. O padre Sarmiento, na súa viaxe a Galicia dos anos 1754-1755, cita, dentro dos lugares do termo de Padrón, o da *Rocha*.

Romarís

Lugar da parroquia de Iria Flavia

O topónimo *Romarís*, sen seseo implosivo *Romariz*, é o resultado de ROMARICI, xenitivo do nome persoal *Romaricus*, individuo así chamado que tería algún tipo de posesión territorial no lugar. Este antropónimo latinizado de orixe xermánica está formado polo gótico **hrôm-* ‘gloria, fama’ e polo xermánico *-*rikaz* ‘poderoso’.

Nun documento do ano 1546 do ACS, menciónase o “lugar y casal de *Romarís*, sito en feligresía de Santa María de Iria”. No Real de Eclesiásticos do Catastro de Ensenada (1752), en *Galiciana*, o topónimo aparece con -s e con -z final: “Casa, una terreña en el lugar de *Romarís*” e “Una casa de un alto en el lugar de *Romariz*”.

A relativa abundancia do antropónimo *Romaricus* en Galicia á luz da documentación medieval fai que os topónimos *Romarís* e *Romariz* tamén sexan frecuentes.

A *Cartografía dos apelidos de Galicia* non documenta o de *Romarís* no concello de Padrón, pero si nos tamén coruñeses de Negreira e Brión, nos cales puido saír das súas respectivas aldeas chamadas *Romarís*.

Roucón, O

Lugar da parroquia de Iria Flavia

Máis que a un alcume persoal, *O Roucón* parécenos un topónimo onomatopeico referido ao son que produce o regueiro de Abelenda, o cal separa o lugar do Roucón do seu veciño Arretén. O día que o visitamos, nun outono chuvioso, a pequena corrente fluvial, que ía chea a rebordar, emitía un forte e agradable son. *O Roucón*, derivado de *rouco* (latín RAUCU), é un topónimo único entre a toponimia maior de Galicia. Outros semellantes que fan referencia ao ruído do mar ao bater contras as pedras son *O Roncudo*, *A Roncosa*, *A Roncadoira*, *O Roncadoiro* e *A Roncosa*. En canto ao da *Roxidoira*, dálle nome a un tramo do río Lor especialmente rápido e ruidoso.

O día que visitamos
o lugar do Roucón
o rego de Abelenda
roucaba moito



O Real de Eclesiásticos do Catastro de Ensenada desta parroquia de Iria (1752), en *Galiciana*, rexistra “un tributo que teñen que satisfacer Manuela González y consortes por la casa y vienes que poseen en el lugar de *Roucón*”. A Comprobación do Catastro (1763) rexistra o topónimo co artigo: “Agro do *Roucón*”.

A pesar de que hai topónimos parecidos, tamén referidos a ruídos producidos pola natureza, o do *Roucón* é único.

Rúa, A

Lugar da parroquia de Iria Flavia

Aínda que algúns autores dan como antecedente da palabra *rúa*, contida no transparente topónimo *A Rúa*, a palabra do latín vulgar *rŪGA* ‘engurra, camiño’, nós consideramos, como fan Aebischer e Meyer-Lübke para a palabra portuguesa *rúa*, que a súa homónima galega pode ser un préstamo da francesa *rue*, a cal puido chegar a Galicia coas numerosas peregrinacións de francos que mesmo fundaron asentamentos ao longo dos diversos camiños de peregrinos a Santiago nomeados na toponimia. É o caso, entre outros, da aldea do concello de Teo, chamada *Rúa de Francos*, xa moi próxima a Compostela, no Camiño Portugués e, no Camiño Francés, a chamada *La Rúa*, da vila navarra de Estella. No mesmo camiño de peregrinos, na cidade de León, está a *Rúa de los Francos*, topónimo hoxe urbano que se repite na cidade de Zamora, na Vía da Prata.

Corominas pensa, segundo recolleemos de Teresa García-Sabell Torno:

que a influencia francesa puido existir, sobre todo en Galicia a causa dos peregrinos desa nacionalidade, pero que esa influencia se limita a reforzar e prolongar un fenómeno preexistente que podía estar en decadencia [o do emprego da voz *rúa*], pero que dende logo sería autóctono.

Verbo do topónimo *A Rúa* que estamos tratando, situado no Camiño Portugués (pola aldea así chamada pasaban ata hai pouco os peregrinos), pensamos que podería ser contemporáneo do próximo e antes citado *Rúa de Francos* do concello de Teo, lindeiro co de Padrón.

O Real de Eclesiásticos da parroquia de Iria do Catastro de Ensenada (1752), en *Galiciana*, cita “una casa y huerta en *la Rúa*”.

Por razóns obvias, o topónimo viario *A Rúa* repítese con bastante frecuencia en Galicia.

Rueiro, O

Lugar da parroquia de Iria Flavia

A voz *rueiro*, un derivado da voz *rúa* co sufixo *-eiro* (para a etimoloxía véxase a entrada *Rúa, A*), vén recollida nos dicionarios cos seguintes significados: ‘grupo de casas que forman un conxunto separadas das outras do lugar’, ‘barrio, lugar, quinteiro’, ‘terreo circundante á casa labrega, que ocupa espazos como o curral, a eira, a horta e as construcións adxectivas’, ‘especie de praza ou terreo comunal dunha aldea onde se celebran reunións ou festas’ e ‘grupo de casas que forman *rúa*’. Este último é o que mellor se adecúa ao topónimo *O Rueiro* que nos ocupa, derivado, como todos os da súa forma, da voz *rúa*. Situado moi preto do da *Rúa*, ambos están no Camiño Portugués de peregrinos, aínda que o paso destes foi dirixido modernamente só polo lugar do Rueiro.

O dicionario de Madoz (1845-1850) cita este topónimo sen artigo coa forma *Rueiro*.

O topónimo *O Rueiro* repítese en Galicia, aínda que con menos frecuencia ca (*A*) *Rúa*.

Rumille

Lugar da parroquia de Carcacía

O topónimo *Rumille* vén dun xenitivo *Rumildi* a partir dunha antiga (VILLA) ROMILDI, *villa* ou granxa agrícola do período medieval dunha persoa chamada *Romildus*, antroponimo latinizado de orixe xermánica composto polas voces do gótico **hrôm-* ‘gloria, fama’ e *-*hildi* ‘loita’, voz que adoita ser frecuente na formación de nomes persoais femininos, como debe ser o caso do topónimo *Rumille*.

Nunha atestación do ano 1116 do mosteiro de San Martiño Pinario o topónimo aparece como “Sancte Maria de *Romille*”. Anos máis tarde, nun testemuño escrito de 1572 do ACS, cítase, con motivo da venda dunha terra, a “Juan Caxarabille, Labrador vecino de la feligresía da Santa María de *Rumille*”. O Libro Persoal de Leigos do Catastro de Ensenada (1752), en *Galiciana*, tamén cita a “feligresía de *Santa María de Rumille*”, cando seguía sendo parroquia propia. Carré Aldao cara ao ano 1928 noméaa aínda con esta categoría como filial da de San Pedro de

Carcacía e daquela formada polas aldeas de Berxaos e *Rumille*, lugar onde se atopa a que foi a igrexa parroquial e o seu pequeno cemiterio. Ata o ano 1836, a freguesía de *Rumille* pertenceu ao limítrofe concello de Teo.

O topónimo *Rumille* é único.

Sande

Lugar da parroquia de Carcacía

No lugar de Sande tivo unha granxa ou *villa* agrícola un tal *Sandus*, antropónimo latinizado, adaptado á segunda declinación, do que saíra o xenitivo *Sandi* > *Sande*. Así, a partir do sintagma toponímico (VILLA) SANDI ‘*vila de Sandus*’, teríamos, co termo *villa* elidido, o topónimo actual, formado en orixe coa voz do gótico *sanths* ‘verdadeiro’.

Un documento do ano 1575 do ACS cita o “lugar de *Sande*, sito en la feligresía de San Pedro de Carcazía”. A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) da parroquia rexistra un muíño no “lugar de *Sande*, nombrado da Cachopa”, que puido estar no rego da Pía ou de Sande ou no do Outeiro.

Na provincia da Coruña, o topónimo *Sande* repítese nos concellos da Laracha, A Capela, Mazaricos, Arteixo e Boimorto e *Sande de Abaixo* e *Sande de Arriba* no de Outes. En canto a *Sandes* e *Os Sandes*, dos concellos respectivos de Neda, Ares e Ortigueira, semellan ser topónimos máis modernos que se refiren aos membros dunha familia apelidada *Sande*. Na provincia de Lugo hai dous lugares chamados *Sande* no concello de Palas de Rei, un no de Vilalba e outro no da Pastoriza.

A *Cartografía dos apelidos de Galicia* non recolle ningún exemplo do apelido *Sande* no concello de Padrón.

Santa Cruz

Lugar da parroquia de Herbón

Este topónimo, composto das palabras *santa* (< latín SANCTA) e *cruz* (< latín CRUCE), refírese á capela de Santa Cruz do pazo do mesmo nome, onde se veneraba a Virxe das Dores. Recordo vagamente na miña estadía de neno en Pontecesures que os meus pais falaban de que nunha carballeira acaroadá ao pazo se celebraba unha animada romaría á que acudía xente dos próximos lugares de Padrón, Pontecesures e Herbón. A esta festa refírese cara ao ano 1928 Carré Aldao, cando escribe: “la granja de Torrado, en la que se celebra una concurrida romería por la Cruz de Mayo”.

En 1606, nun documento do ACS, o topónimo aparece como *Santa Cruz de Erbón*: “Francisco López Barela, vezino de *Santa Cruz de Erbón*”. A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) cítalo repetidas veces como “Vega de *Santa Cruz*”.

Os haxiotopónimos *Santa Cruz* ou *A Santa Cruz* e derivados repítese bastantes veces polo territorio galego.

Santiaguiño do Monte, O

Lugar da parroquia de Padrón

O haxiotopónimo *O Santiaguiño do Monte* está composto pola voz *monte* ‘elevación natural grande do terreo’, en latín MONTE, e o antropónimo, referido ao apóstolo do mesmo nome, *Santiago*, contracción de *Sant Iago*, procedente, á súa vez, de *Sanctus Iacobus*, este latinización do nome hebreo *Iacob*, mais o sufixo de diminutivo *-iño*.

A altura á que se refire *do Monte*, a segunda parte do topónimo, puido ser un antigo lugar de culto pagán ás pedras e a unha fonte, cristianizados na figura de Santiago e a tradición xacobeá. Segundo esta, o apóstolo Santiago predicaría neste monte padronés antes de ser decapitado en Palestina e sería traído de volta despois polos seus discípulos na prodixiosa barca da lenda relixiosa á terra en que predicara en vida.

Nun artigo de Justo Cortizo Sóñora sobre unha disputa da posesión da capela do Santiaguiño do Monte, este autor transcribe un documento do ano 1442 do Arquivo Histórico Diocesano en que o actual topónimo *Santiaguiño do Monte* aparece, referido á súa fonte, como *de Santiago*: “e está [di unha das partes en litixio] en la Tenencia e posesión pacífica de una casa hermita que es del dicho Reyno de Galicia cerca del Padrón e fuente que dicen de *Santiago*”. Noutra atestación do ano 1457 no TMILG cítase unha *herdade de Santiaguiño*, que non sabemos se corresponde ao actual O Santiaguiño do Monte. Ambrosio de Morales, frade xerónimo e historiador, nunha viaxe de documentación relixiosa que fixo a Galicia e a outros lugares por encargo do rei Filipe II no ano 1572, editada dous séculos máis tarde polo padre Enrique Flórez, escribe:

Fuera de la secreta providencia de Dios, no se puede dar otra razón, ò buena conveniencia, que en esto más satisfaga, que pensar fue nuestro Señor servido



As veneradas e venerables pedras do Santiaguiño do Monte

viniese el Cuerpo del Santo Apóstol a parar en la tierra donde más él había asistido y predicado, para que la ilustrase, y la ennobleciese y amparase con la presencia de su Santo Cuerpo muerto, como vivo la había alumbrado con su predicación. Así se conserva en aquel lugar, y señaladamente en una *Montaña* [trátase do *Santiagoño do Monte*, non citado con ese nome] que está de la otra parte del Río [o Sar] junto à él la memoria de la morada y asistencia del Santo Apóstol allí el tiempo que acá estuvo. Subiendo por la Montaña à media ladera está una iglesia [a actual capela, restaurada no século XIX] donde dicen oraba el Apóstol y decía Misa, y debajo del Altar mayor sale afuera de la Iglesia una Fuente [a actual] con gran golpe de agua, la más fría y delicada que yo vi en toda Galicia. Allí beben y se lavan los Peregrinos con reverencia, por haber bebido y lavádose el Santo Apóstol con ella. Subiendo más arriba [pouco máis arriba] es un pico alto donde hay muchas peñas juntas [o lugar de posible culto litolátrico cristianizado, formado por dez rochas e tres buratos] y algunas de ellas abiertas ò horadadas, se dice que queriéndose el Apóstol esconder de los Gentiles [este comentario suxire a existencia dun lugar sagrado de culto anterior ao cristianismo], porque no había de padecer acá, yéndole persiguiendo, horadó con su báculo la peña, y detuvo los malvados con el milagro.

Anos máis tarde, nas ordenanzas da vila de Padrón do ano 1604, o actual topónimo *O Santiagoño do Monte* cítase, referido tamén á súa fonte, como *Santiago*, cando na ordenanza número trece se ordena que os veciños da vila padronesa leven a pastar as súas cabras e ovellas aos montes de la *Fuente Santiago*.

Tres anos despois, en 1607 o cardeal Jerónimo del Hoyo di o mesmo ca Ambrosio de Morales, tamén sen citar o actual topónimo *O Santiagoño do Monte*:

A la parte de Poniente [da vila de Padrón], en la ladera de un *monte* [trátase do Santiagoño do Monte] questá junto al lugar, están los agujeros que dicen de Santiago [os tres buratos que hai no conxunto das dez rochas]. Hay cerca de ellas una hermita [...]

O Real de Eclesiásticos do Catastro de Ensenada (1752), en *Galiciana*, nomea este topónimo tamén como *Santiago do Monte*. Cara ao ano 1928, Carré Aldao escribe: “La ermita de *Santiago* está erigida en el monte de San Gregorio, llamado antes del Burgo y después de *Santiago* [...] llámase ermita de *Santiago do Monte*”.

Outro notable fito xacobeo da vila de Padrón constitúeo a gran pedra na que sería depositado o corpo de Santiago ao ser desembarcado, a cal, segundo recolle no século XVI o licenciado Molina, se abrandaría para acollelo. A tradición tamén conta que está lendaria rocha foi tirada ao río Sar co fin de que os peregrinos devotos, que levaban anacos dela como reliquias santas, non a seguisen esnaquizando. Segundo a devoción popular hoxe xacería na beira dereita do Sar, no *Campo da Barca*, topónimo que faría referencia á milagrosa barca apostólica. A prodixiosa rocha, a igrexa parroquial de *Santiago* e *O Santiagoño do Monte* ou de San Gregorio forman practicamente un *continuum*, hoxe menos evidente á vista debido ás construcións máis ou menos modernas que se foron sucedendo no tempo.

Santiago é o santo titular de 277 parroquias galegas. O seu diminutivo popular, *O Santiaguiño*, a primeira parte do haxiotopónimo *O Santiaguiño do Monte*, é un topónimo único entre a toponimia maior ou de entidades de poboación.

Sar

Río que atravesa gran parte do concello de Padrón

Para explicar o hidrotopónimo *Sar* cómpre acudir a unha raíz prerromana e pre-celta **sar-* **ser-* ‘correr, fluír, manar (auga)’, tamén presente noutros hidrónimos galegos, todos referidos a ríos, como *Sar*, nome doutro río do concello coruñés do Pino, *Sárdoma* (cun sufixo prerromano de superlativo), que é o antigo nome do río vigués Lagares, *Sarria*, *Ser*, *Sor* etc.

O xeógrafo hispanorromano Mela, do século I, cita o río *Sar* nos seguintes termos: “*Sars* decurrit juxta turrem Augusti” ou “o *Sar* desemboca xunto á torre de Augusto”, erixida en honor ao emperador romano dese nome, que quizais estivese asociada á antiga cidade de Iria Flavia, situada moi preto da desembocadura do río *Sar* no Ulla.

A *Cartografía dos apelidos de Galicia* non rexistra ningunha ocorrencia do apelido *Sar* no concello de Padrón, pero si uns poucos no limítrofe de Rois.

Serra, A

Lugar da parroquia de Padrón

Aínda que o lugar da Serra non é especialmente accidentado, pensamos que o seu topónimo se refire á palabra *serra* na súa acepción de terreo montañoso. O mesmo pasa a nivel de toda Galicia, pois, malia o perfil xeralmente suave das moi erosionadas e vellas montañas galegas, os orotopónimos *Serra* e *A Serra* son relativamente abundantes. O topónimo *A Serra* que nos ocupa aparece por primeira vez no *Nomenclátor de Galicia* do ano 2003.

Sinde

Lugar da parroquia de Carcacia

Para o topónimo *Sinde*, que agacha o nome dun posesor ou posible terratenente medieval, cómpre pensar nun xenitivo SINDI ‘de Sindus’, que se refire a unha antiga propiedade agrícola de época medieval propiedade dun tal *Sindus*, antroponónimo de orixe xermánica formado polo gótico **sinths*, antigo alto alemán *sint*, *sind* ‘viaxe, camiño’.

Na provincia de León, na comarca do Bierzo raiana con Galicia, o topónimo *Villasinde* ou *Vilasinde*, nome dunha localidade onde se fala galego, pertencente ao concello da Veiga de Valcarce, amósanos o mesmo topónimo de posesor acompañado pola palabra do latín medieval *villa* ‘vila ou grande explotación agrícola’.

Un documento do ano 1136 do mosteiro de Toxos Outos cita unha tal *Maior Ordoniz*, posuidora dunha herdade *in Sindi*, que é o lugar de *Sinde* que nos ocupa. En 1613, un documento do ACS nomea un tal “Juan Lopes de *Sinde*, besino de la feligresía de San Pedro de Carcacia”. A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) cita o topónimo da seguinte maneira: “Una pieza en el lugar de *Sinde*”, onde tamén rexistra un muíño “de una rrueda y piedra negra que muele por canle y con agua del rriachuelo de Brexaos”, pequena corrente de auga que é o rego da Pía ou de *Sinde*.

O topónimo de posesor medieval *Sinde* repítese nos concellos coruñeses de Cabana de Bergantiños e Narón, e nos lugueses da Pastoriza, Guitiriz e Abadín.

A *Cartografía dos apelidos de Galicia* non rexistra o apelido *Sinde* en Padrón, pero si algúns portadores no limítrofe de Teo, que terán a súa orixe remota na aldea de *Sinde*, contigua á raia que divide ambos concellos.

Sobrerribas

Lugar da parroquia de Carcacia

O topónimo *Sobrerribas* dálle nome a un lugar moi alto situado *sobre*, en latín SUPER, as *ribas*, latín RIPAS, ou ribeiras que baixan ata a profunda depresión ou fondal formada polo rego das Lamas. Este tipo de orografía forma parte de case todo o territorio da freguesía de Carcacia, situada na aba do monte do Lapido, onde outros regos como o da Pía ou de *Sinde*, próximo ao anterior, corren por grandes fondais ou valgadas.

Nunha atestación do ano 1577 do ACS, o licenciado Francisco de Avellaneda, cóengo de Santiago, arréndalle a un veciño da próxima parroquia de Lampai “el casal que se dize e nombra de *Sobre Ribas*”. A mesma fonte documental, noutra atestación do ano 1602, rexistra outro arrendamento “del lugar y casal que se dize de *Sobrerribas*, sito en la feligresía de San Pedro de Carcacia”. Na Comprobación

O lugar de Sobrerribas
sobre as súas ribeiras
ou ribas



do Catastro de Ensenada da parroquia de Herbón (1763), limítrofe coa de Carcacía, é citada varias veces a “Vega de *Sobre Rivas*”, que se pode referir a este topónimo. No *Nomenclátor* inclúese por primeira vez no ano 1864.

O topónimo *Sobrerribas* é único entre a toponimia maior de Galicia. No concello lugués de Láncara hai un lugar chamado *Sobrerriba*.

Souto, O

Lugar da parroquia de Iria

Lugar da parroquia de Padrón


A voz *souto* era a patrimonial galega para ‘área arborada de calquera especie’, ata que foi substituída pola de orixe francesa *bosque* (documentada en galego dende o ano 1224), quedando no galego moderno a de *souto* reducida ao significado de ‘bosque de castiñeiros’. Xa que logo, cando se bautizaron moitas aldeas galegas co topónimo *Souto*, en moitos destes lugares habería, á parte de castiñeiros, tamén outra clase de árbores. Este debe ser o caso do topónimo *O Souto* da parroquia e da vila de Padrón, o cal na súa orixe debeu ter máis de devesa ou souto de carballos ca de souto de castiñeiros. A principios do século XX tiña carballos (*Quercus robur*) e plátanos de paseo (*Platanus x hispanica*), dos que aínda quedan algúns.

Baixo a sombra do antigo souto tiñan lugar as multitudinarias feiras de gando pola Pascua. Hoxe, cando chega esta festa, o mesmo espazo échese de atraccións infantís ambulantes. O resto do ano alberga a celebración dun animado mercado sabatino, que continúa, dalgunha maneira, a tradición que tivo a vila de Padrón en canto a ser o centro urbano dunha ampla comarca agrícola, situado na confluencia de varias vías importantes.

O Souto padronés tamén é coñecido como *O Campo do Souto*. Máis antigamente chamábase *A Devesa de Fondo de Vila* e *O Souto dos Pelamios*. A primeira denominación débese a que o souto ou devesa estaba (e segue a estar, moi diminuída), a carón do barrio padronés de *Fondo de Vila*, así chamado por atoparse no fondo ou no extremo sur da antiga vila de Padrón, hoxe o lugar máis dinámico da poboación. En canto á denominación *O Souto dos Pelamios*, fai referencia a unha especie de furados con auga e cal que había no souto, onde os antigos zapateiros padroneses lles sacaban o pelo ás peles dos animais e as rascaban pola parte da carne para preparar os coiros cos que traballaban. Así, o número 25 das ordenanzas da vila de Padrón do ano 1604 manda que estes pequenos pelamios circulares estivesen tapados cunhas tapas ou *caniços* de madeira (nun principio serían de cana) “de manera que los niños, ni puercos ni otro ganado no muera ni caya en ellos”.

Do *Campo do Souto* e da antiga importancia das súas feiras xa fala o cardeal Jerónimo del Hoyo no ano 1607, cando, referíndose á vila de Padrón, escribe:

O souto do lugar padronés
do Souto aínda estaba
arborizado a mediados
do século pasado



Hay en el cada año cinco ferias, las mejores del Reyno. Vienen a ellas todo género de mercaderías de ganados, que vienen a comprar mercaderes castellanos y portugueses para provisión de sus tierras. La primera es por Pascua de Flores y dura tres días [o Catastro de Ensenada en 1752 di que se celebra *por espacio de quattro días*].

O cardeal tamén cita “un campo llano y espacioso hacia Lebante, en donde haçen las ferias”, que podería corresponder ao *Campo do Souto*, *O Souto*, *A Devesa de Fondo de Vila* ou *O Souto dos Pelamios*.

A denominación *A Devesa de Fondo de Vila* (para a etimoloxía de *Devesa*, véxase a entrada *A Devesa*) podería indicar que o souto referenciado no topónimo *O Souto* fose nun principio unha *devesa real* de carballos para a produción de madeira, cedida despois unha súa parte e finalmente o todo para a celebración das feiras. Así, no Catastro de Ensenada cítase na vila de Padrón a “Dehesa de su Magestad” situada “en el campo de Fondo de Vila”, espazo que coincide co da gran campá do *Souto*, delimitada polo norte coa actual praza padronesa de Fondo de Vila.

A nosa suxestión concorda cos seguintes versos de *Cantares gallegos* da eximia poeta da terra que se refire ao antigo souto padronés da seguinte maneira:

Vexo o *Souto* en parda sombra
revolvendo o seu ramaxe,
que por bon, do Rey se nombra

o que é referendado polo escritor ullán Anxo Angueira (2012), quen lle dá ao *Souto* na súa novela *Iria*, ambientada nas terras do Ullán e exhaustivamente documentada, o nome do *Souto de El Rei*. Como o Catastro tamén cita en Padrón “el campo llamado de la feria”, cómpre supoñer que no século XVIII aínda convivirían o campo da feira coa *devesa real*, e co paso dos anos o primeiro terminou

por abranguer toda a gran superficie. Outra posibilidade sería que no tempo de Ensenada os dous espazos ocupasen terreos contiguos.

Na *Crónica de Iria* (1460-1468), en TMILG, son citados *Alvaro de Souto* e *Pero Alveres de Souto*, apelidos que poden facer referencia a calquera dos dous lugares *Souto*. Nun resume ou rexesto do ano 1549 do ACS fálase dun arrendo por quince anos que se lle fai a un tal Benito Puxeiro, veciño da freguesía de Santa María de Iria, de todo o que o alugador posuía na *cortiña do Souto*. O Real de Eclesiásticos do Catastro de Ensenada (1752), en *Galiciana*, cita unha peza de terra no lugar de *Sotto* de “una conca y media” con *castaños*, que debe corresponder ao *Souto* (daquela predominarían alí os castiñeiros) da parroquia de Iria Flavia, de historia moito menos coñecida cá do souto da vila de Padrón.

Por un significativo e curioso documento do ano 1804 do Arquivo Municipal de Santiago, publicado e explicado no seu día por Pablo Pérez Constanti, sabemos que o concello santiagués lle dirixiu un escrito ao rei Fernando VII para que, co pretexto de que a produtiva feira do gando de Pascua padronesa do *Souto* sufrira algunha inundación con motivo do desbordamento do río Sar, a cambiase para Santiago de Compostela, dirixíndose ao monarca cun efectista e ben estudado escrito que, entre outras cousas, dicía:

Los vecinos bien acostumbrados a semejantes escenas [con motivo das inundacións ou cheas], salvaron sus efectos en los alto de sus pequeñas casas, a donde hacen subir en tales ocasiones sus mismos cerdos y caballerías [...] y a pesar de los más peligrosos y desesperados esfuerzos, vieron averiados sus géneros y el campo cubierto de cadáveres de animales, en cuyas ruinosas pérdidas tocó buena parte a la Real Hacienda.

No ano 1869, no Libro de Actas e Acordos do Arquivo Municipal de Padrón, publicado por Carlos Rodríguez Dacal, lemos:

Ygualmente (se) acuerda que el sueldo del Guardia municipal Vilariño sea de trescientas milésimas diarias y que la yerba del Jardín público [o actual] que tendrá obligación de cortar la yerba, lo hará bajo inspección así como cuidará de dicho Jardín, de *la Robleda o Soto de Fondo de Villa* y los demás puntos que se le encarguen.

Por fin, no ano 1935, dise na *Revista Unión Española*: “Bañado por el Sar-Sa-rela el frodoso robledal [daquela xa tiña tamén plátanos de sombra] conocido por *Soto de Fondo de Vila*”.

Tarrío

Lugar da parroquia de Cruces

Todos os lugares chamados *Tarrío* que comprobamos están tras ou detrás de pequenas correntes fluviais ou ríos, caso tamén desta aldea chamada *Tarrío*, situada uns metros despois, vindo dende o sur, do río de *Tarrío*, afluente do Sar, e detrás do propio Sar vindo dende o oeste. De acordo con esta situación, o hidrotopónimo *Tarrío*, repetido en Galicia, provén do sintagma latino *TRANSRIVU* ‘tras ou detrás do río’.

Aínda que non se refire a este *Tarrío*, nun documento do ano 1325 do TMILG cítase unha *villa de Trasrrio*, que é o actual lugar chamado *Tarrío* da parroquia de Santa María de Restande, Trazo (A Coruña), situado tras ou na outra banda, vindo dende o oeste, do pequeno río de Restande. Un rexesto dun documento de 1482 do ACS cita a:

Alonso de Tarrío, labrador, vecino del lugar de Vilar [próximo ao de Tarrío], en la feligresía de Santa María de Cruces, y su mujer, *María de Tarrío*, de por vida [trátase da concesión dun foro] y a tres voces [aforado a tres xeneracións] de un territorio sito en el *lugar de Tarrío* y perteneciente a la tenencia de Sabardes [tenza que sería do desaparecido mosteiro bieito de San Xoán, antigamente situado na actual parroquia do Freixo de Sabardes ou San Xoán do concello de Outes].

Como neste termo municipal non hai ningún lugar chamado *Tarrío*, o que aparece no documento ten que ser o da parroquia padronesa de Cruces. No ano 1536, un documento do AHUS menciona “el casal que se dize de *Tarrío*, que está cerca del lugar de Bilar, sito en dicha felegresía de Santa María de Cruzes”. Segundo outra atestación do ano 1565 do ACS, Pedro de Mondragón, cóengo de Santiago, contrata os pedreiros Alonso de Figueira e Gonzalo de Castro para que lle fagan



un muíño “en el río que dizen de *Tarrío*, sito en la feligresía de Santa María de Cruces”. O Catastro de Ensenada (1752) cita uns muíños de maquía e pedra negra que moían “con agua del río de *Tarrío*”.

A mesta rede fluvial galega, formada por ríos, regueiros e regatos, unida á intensa humanización da súa paisaxe, propiciou a aparición de moitos lugares chamados *Tarrío* (algún *O Tarrío*) e *Tras do Río*, este topónimo moito máis moderno e, como tal, transparente no seu significado.

O apelido *Tarrío* documéntase no concello de Padrón e nos límites de Rois e Dodro, aínda que neste tamén existe o topónimo *Tarrío* de onde é máis probable que proveña o apelido homónimo. Os seus portadores dos concellos pontevedreses de Pontecesures e Valga recibiríano dos contiguos coruñeses de Padrón e Dodro.

Torre, A

Lugar da parroquia de Padrón

Este topónimo refírese a unha antiga torre defensiva á que posteriormente se lle engadiu o chamado pazo da Torre, formado por varios edificios de distintas características e épocas. Malia que esta torre e pazo foron, segundo recolleemos do historiador pontevedrés Xosé Fortes, a sede dun morgado fundado en 1509 por dona Leonor de Romai, non atopamos na documentación consultada o topónimo de maneira inequívoca ata o *Nomenclátor* do ano do ano 1864, onde aparece como *Torre del Monte* coa categoría de aldea. No de 1888, tamén como *Torre del Monte*, pero como “capilla y casa”, referíndose ao pazo e á súa capela de San Miguel. Finalmente, cara ao ano 1928, Carre Aldao cita “la posesión llamada de la *Torre*, que es hermosa”.

En 1864, o dicionario de Madoz (1845-1850) rexistra entre os lugares da parroquia de Iria un chamado *Torre del Campo* (debe ser a mesma que documenta Xosé Fortes como *Torre do Río*), que máis ca referirse á torre do lugar da *Torre* que nos ocupa, semella facelo a unha súa réplica próxima, hoxe desaparecida, que se levaría un pouco máis abaixo a carón do río Sar e que podería formar parte do mesmo sistema defensivo. Rosalía de Castro refírese no ano 1884 nas *Orillas del Sar* á torre do monte, cando escribe:

De la obscura *Trabanca* tras la espesa arboleda
gallardamente arranca al pie de la vereda
La Torre y sus contornos cubiertos de follaje
prestando á la mirada descanso en su ramaje.

O topónimo *A Torre* (algún *Torre*) e os seus compostos e derivados son moi numerosos en Galicia.

Toxeira, A

Lugar da parroquia de Padrón

A Toxeira é un claro e transparente abundancial en *-eira* (latín *-ARIA*) de *toxo*, palabra, case exclusiva de Galicia e do norte de Portugal á que se lle supón unha orixe prerromana igual ou similar a **TOJU*, da que proviría tamén a voz gascoa *toujo*.

A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) cita o lugar como microtopónimo: “Agro da *Toxeira*, una pieza llamada da *Toxeira*”.

Dada a grande importancia que tivo o toxo na agricultura e na gandería en Galicia, os topónimos abundanciais deste arbusto *A Toxeira* e *O Toxal* son bastante numerosos.

Trabanca, A

Lugar da parroquia de Padrón

O topónimo *A Trabanca* podería recoller a palabra *trabanca* ou *trabanco* no seu significado de ‘mesa composta de dous cabaletes e unha táboa superior’, que sería, segundo o padre Sarmiento (DdD), a realidade á que se referiría o topónimo urbano da cidade de Pontevedra (onde tamén houbo a *rúa das Trabancas*) *A Porta das Trabancas*, lugar en que se instalaban os días de feira este tipo de postos feitos con táboas en que, segundo frei Martín Sarmiento, aínda se vendían no seu tempo froita e castañas cocidas e asadas. Verbo da orixe etimolóxica da palabra *trabanca*, pode estar relacionado coa de *táboa* < latín *TABULA*, ou ser un derivado de *trabe*, en latín *trabs*, *trabis*.

Nun rexesto dun documento do ano 1465 do ACS cítase o arrendo feito por Juan Castelao a Roy da *Trabanca*, veciño da vila de Padrón, do casal nomeado de *Trabanca*, situado na vila. O lugar da *Trabanca* do concello de Padrón tamén aparece no Real de Eclesiásticos do Catastro de Ensenada (1752), en *Galiciana*, como “barrio de la *Travanca*” e “Casa. Una de un alto en el barrio de la *Travanca de Avaxo*”. A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) tamén cita o “barrio de la *Travanca de Arriba*”.

Aínda que o topónimo simple *A Trabanca*, en singular e con artigo, é único en Galicia entre os nomes das entidades de poboación, na provincia de Pontevedra existen os de *Trabanca Badiña* e *Trabanca Sardiñeira* no concello pontevedrés de Vilagarcía de Arousa. Unha das aldeas e parroquias do de Agolada chámase *As Trabancas*. No concello lugués de Outeiro de Rei documéntase *Trabanca*.

Vigo

Lugar da parroquia de Cruces

O topónimo *Vigo*, moi frecuente en Galicia, incluído o nome da importante cidade olívica, vén da palabra latina *vīcu* ‘barrio dunha cidade, rúa, aldea, lugar propiedade rural, quinta’. De todos estes significados, cremos que o que lle convén en orixe a todos os lugares galegos chamados *Vigo*, agás o nome da cidade, é o de ‘aldea’ ou ‘pequeno lugar poboado’.

En 1575, referido a este lugar de Padrón, no ACS lemos “lugar y casal que se dize y nombra de *Vigo*”. Na Comprobación do Catastro de Ensenada da parroquia (1763) tamén *Vigo*.

Vilar, O

Lugar da parroquia de Padrón

Lugar da parroquia de Cruces

Proven do latín medieval *VILLARE* e é un adxectivo substantivado derivado de *villa* que se empregou a finais do ano 1000 co significado que tivera anteriormente *villa* de ‘vivenda coas súas construción adxectivas e terras, referidas a unha grande explotación agrícola e gandeira’.

Na actualidade, a voz *vilar* ten preferentemente o significado de ‘aldea pequena’ e os recollidos no DRAG ‘conxunto de casas que forman, xeralmente, un grupo separado dentro da aldea’ e ‘grande extensión de terra dividida en leiras e agros que pertence a distintos donos’. Esta última equivalencia, igual ou similar á da voz *agra*, aínda que difícil de distinguir no topónimo simple *Vilar* ou *O Vilar*, supónselle a topónimos como *Vilartrigueiro*, nome dun lugar do concello coruñés de Coristanco onde se sementaría colectivamente trigo.

O topónimo *Villare* está documentado en textos da Gallaecia dende o ano 572. *O Vilar* da parroquia de Santa María de Cruces aparece citado nun documento do ano 1570 do ACS como *Vilar de Cruces*. A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) noméao tamén sen artigo como “lugar de *Vilar*”, e menciona un muíño “en el lugar de *Vilar*”, que debía estar no río Sar ou nun seu pequeno afluente. O topónimo *Vilar* da freguesía de Santiago de Padrón é citado coa súa forma actual no *Nomenclátor* do ano 1864.

Os topónimos *Vilar* e *O Vilar* son moi numerosos no medio rural galego.

Vista Alegre

Lugar da parroquia de Iria Flavia

O topónimo transparente *Vista Alegre* está, como é obvio, composto polas palabras *vista* e *alegre*. Esta era en latín vulgar *ALĪCER ou *ALĪCRE (latín clásico ALĀCER). Refírese a un lugar máis ou menos alto que ofrece unha vista alegre, no sentido de alegrar o ánimo.

O nome de lugar *Vista Alegre* é bastante abundante en Galicia, especialmente na provincia da Coruña, a que, por outra banda, máis entidades de poboación ten. Na de Ourense non se documenta. O nome do *Vista Alegre* que nos ocupa aparece por primeira vez no *Nomenclátor* do ano 1888 coa categoría de casa de labor, o que semella indicar a súa modernidade.

Xoane

Lugar da parroquia de Carcacia

Neste topónimo escóndese o nome dun posesor medieval que tivo unha explotación, preferentemente agropecuaria, no lugar ao que lle deu nome. A partir dunha posible (VILLA) IOHANNI (co nome persoal en caso xenitivo) ou de *Iohannus* che-gounos, coa desaparición do termo *villa* e os cambios diacrónicos pertinentes, o actual *Xoane*. O antropónimo bíblico, latinizado como *Iohannes* ‘Deus (é) misericordioso’, provén, a través do grego *Ioánnes*, do hebreo *Yohanan*, composto de *Yoh* ou *Yah*, abreviaturas de *Yaveh* ‘Deus’ e *hanan* ‘misericordia’.

Un documento do ano 1553 do AHUS cita o topónimo coa forma *Juane*, outro da mesma fonte de 1557 como *Joane*. Outra atestación de 1575 do ACS rexistra *Juane*, o que se repite na Comprobación do Catastro de Ensenada (1763): “lugar de *Juane*, el [un muíño] nombrado de Cordela de una muela negra”. Os habitantes do lugar pronuncian o nome da súa aldea como *Xuane*.

O topónimo *Xoane* repítese no concello coruñés de Carballo, onde está, a carón desta, outra entidade de poboación tamén chamada *Xoane*, a de *Xoane da Estrada*, aldea fundada posteriormente, cando se constrúe a antiga estrada local, hoxe transformada na AC-414 Carballo-Malpica, vía de comunicación sobre a que se atopan as casas da nova entidade de poboación. No concello ourensán de Boborás existe outro *Xoane*.

O *Nomenclátor de Galicia* tamén recolle os topónimos *Soutoxuane*, *Vilarxuane* e *Vilaxuane*.

Toponimia de Pontecasures

Introdución

O pequeno concello de Pontecesures, situado no límite setentrional da provincia de Pontevedra, limita ao norte e ao noroeste co concello de Padrón, co linde natural do río Ulla nun pequeno tramo, ao sur e ao sueste co de Valga e ao leste co da Estrada. Ten preto de 7 km² de extensión y unha poboación de 3 096 habitantes (censo do ano 2023), o que supón unha altísima densidade de poboación, de case 442 habitantes por quilómetro cadrado. A maior parte da poboación está concentrada na parte máis baixa do termo municipal e na contorna próxima á súa capital, a pequena vila de Pontecesures, que hoxe forma practicamente un todo coa maioría das súas aldeas. Non seguen este esquema as de Grobas e Fenteira, os dous únicos núcleos plenamente rurais do concello, situados na parte máis alta do termo municipal e máis afastados do río Ulla. Esta importante corrente de auga, navegable ata a capital municipal, foi outrora, xunto cos molles da ribeira padronesa do río, un importante porto fluvial.

O concello de Pontecesures creouse o ano 1925, independizándose do de Valga, ao que pertencía o seu territorio, constituíndo un novo formado pola súa única parroquia San Xulián de Requeixo. Esta, que foi anexa da de Santa María de Herbón da xurisdición de Padrón ata o ano 1868, pasouse a chamar, coa constitución do novo concello de Pontecesures, *San Julián de Puenteceures* e máis tarde, ata o *Nomenclátor de Galicia* do ano 2003, *San Xulián de Pontecesures*. Pouco despois de 1925, Carré Aldao escribe: “Este ayuntamiento [de Pontecesures] es de creación reciente. Nació al calor del Estatuto municipal, independizándose del de Valga y constituyendo un nuevo municipio con la única parroquia de Requeijo, hoy [cara ao ano 1928] Puenteceures (San Julián)”, que o próximo *Nomenclátor de Galicia* recollerá co nome de *San Xulián de Requeixo*, recuperando a denominación tradicional.

Na segregación tivo unha intervención decisiva a rica e influente burguesía comercial e industrial do núcleo urbano, pertencente á parroquia de San Xulián de Requeixo, chamado “Villa de San Luis de Cesures”, título que lle deu o rei Afonso XII no ano 1881. Entre estes burgueses destacaban os propietarios da empresa (hoxe extinguida) Novo y Sierra, devanceiros de quen isto escribe, que, entre outras industrias, tiñan unha fábrica de ladrillos no limítrofe concello de Valga, e que se dedicaban, no de Pontecesures, ao comercio de coloniais e ultramarinos a grande escala, principalmente con América, pero tamén con esta parte de Galicia.

Tiñan varios galeóns para transportar polo río Ulla, ata os portos exteriores do Carril e Vilagarcía, as súas mercadorías, malia que máis tarde, reconvertida a empresa co nome de Viuda e Hijos de J. Sierra, movíanas servíndose de embarcacións non propias, que chegaban, aproveitando a marea alta, ao porto fluvial de Pontecesures, situado ao pé dos almacéns destes comerciantes, cando o leito do río Ulla, daquela menos cegado polo sedimentos dos arrastres fluviais, permitía a navegación de barcos de certo porte e calado, como o que amosamos na fotografía.



Ata mediados do século pasado atracaban no porto fluvial de Cesures barcos mercantes como este

No tocante ao relevo do concello, a súa altitude aumenta a medida que avanzamos cara ao leste ata chegarmos ao extremo sueste do termo municipal, raiando cos concellos de Valga, onde o monte da Salgueira acada os 370 metros, e A Estrada, con alturas parecidas. A maior parte do territorio municipal, incluída a vila de Pontecesures, asentada na ribeira esquerda do río Ulla, está por debaixo dos 75 metros sobre o nivel do mar, agás as aldeas de Grobas e Fenteira, situadas a maior altura.

En canto á rede fluvial, á parte do río Ulla, dado o reducido tamaño do concello, as correntes de auga que nacen nel redúcense a dous pequenos regueiros. O primeiro, duns tres quilómetros de percorrido, chamase río Salgueirón e nace na fonte do mesmo nome. Daba auga ao lavadoiro da Coruxa, movía o rodicio dun muíño en Infesta e enchía o lavadoiro da Chancela para logo pasar pola rúa nova da vila de Pontecesures, por onde, xa hai ben anos, corre soterrado (nós lembrámolo na nosa nenez aínda en superficie), para volver fluír a ceo aberto apenas uns metros despois, inmediatamente antes de discorrer por debaixo da vía do tren e desembarcar, en pésimas condicións de salubridade, na ribeira esquerda do río Ulla, no porto fluvial de Pontecesures, na curva ou meandro da Cova. O segundo, máis pequeno, tamén desauga no Ulla, logo de ir soterrado, uns metros máis abaixo, xunta unha importante industria leiteira.

Do pasado do territorio que hoxe ocupa o actual concello son dignos de destacar restos de cerámica aretina (cerámica romana de gran calidade, producida na cidade de Arretium, hoxe Arezo) e quizais tamén púnica, atopados no Monte de Porto, vidos por vía marítimo-fluvial. Outro testemuño de tempos pretéritos constitúe o castro que coroa a vila de Pontecesures. Ao seu pé estivo o xacemento romano sobre o cal se construíu a igrexa románica de San Xulián de Requeixo, a primeira da parroquia do mesmo nome, hoxe capela. Tamén son dignas de destacar a suposta ponte romana sobre o Ulla, que hoxe une os concellos de Padrón e Pontecesures, e a existencia dunha importante calzada romana que pasaba polos dous concellos. No de Pontecesures atopouse un antigo porto fluvial de madeira na ribeira do río Ulla a carón do Monte de Porto.

En canto ao estaleiro que mandou construír o arcebispo Xelmírez, nomeado na *Historia Compostelá*, non hai certeza histórica de que estivese na ribeira cesuresa do Ulla, pois tamén puido estar instalado na padronesa. Na documentación antiga aparece citada repetidas veces a leprosaría de San Lázaro, tamén chamada de San Luís ou de San Lois. A carón da estación do tren e do molle de Cesures érguese o antigo Almacén das Rendas Estancadas do Tabaco, construído, segundo a súa inscrición fundacional, o ano 1795 durante o reinado de Carlos IV, con enorme escudo borbónico, que tamén fixo de alfolín ou almacén de sal. Aos lados do edificio principal levántanse dúas construcións máis pequenas, unha hoxe en ruínas, dedicadas no seu tempo a oficinas e vivendas dos empregados que traballaban no complexo ao que se refire o microtopónimo *A Factoría*. Tamén cómpre subliñar o pazo da Cova, cuxos terreos chegaban ata os molles cesureses.

Aínda que non moi acusado, o concello experimentou un crecemento constante e continuado dende o seu nacemento debido á súa vantaxosa situación xeográfica e á súa centralidade dentro conxunto da fachada atlántica galega. A súa pequena estación de ferrocarril foi moi activa. Atravesan o termo municipal a autoestrada do Atlántico (AP-9); a estrada nacional N-550 A Coruña-Tui entre os quilómetros 84 e 86; a provincial PO-548 que se dirixe a Catoira e Vilagarcía, e a PO-214 que conecta Pontecesures coa Estrada, pola cal se intentou, sen éxito, dar saída hai anos á abundante produción de mazás do concello estradense cara ao porto fluvial de Pontecesures e ás concorridas feiras e mercados da contigua vila de Padrón. A vila cesuresa, pola que circulou a primeira liña de tren de Galicia, Santiago (Cornes)-O Carril, conta cunha pequena estación, hoxe menos utilizada e operativa ca noutroira, debido á actual política ferroviaria, que prima o AVE, reducindo así as frecuencias dos traxectos de media e pequena distancia.

A notable Cerámica Celta (nun principio chamada Cerámica Artística Gallega), contou no seu día coa colaboración de artistas como Asorey, Castelao, Bono-me, José María Acuña, o cesurés Maside, Manuel Torres e Carlos Sobrino, quen achegaron as súas creacións e bosquejos. Intimamente ligada á Cerámica Celta e fundada tamén polo industrial cesurés Ramón Diéguez Carlés dous anos antes, en 1923, empezou a traballar unha caleira de fabricar cal, produto que se utilizaba na

construción e para fertilizar as terras agrícolas. No ano 1939 estableceuse en Pontecesures unha importante empresa de transformados lácteos, que foi, e segue a ser, o motor económico do concello. En fronte desta industria, na beira padronesa do río Ulla, érguese unha notable fábrica madeireira. A agricultura e a gandaría son residuais e a pesca marítimo-fluvial, representada polos últimos mariñeiros baleiros pescadores de lampreas, está a esmorecer.

O galego dialectal que se fala no concello de Pontecesures é substancialmente o mesmo que o utilizado no limítrofe concello de Padrón (véxase), agás pequenos matices e usos locais do vocabulario, como os termos cesureses, que axiña callaron no concello de Padrón, *baleiros* e *patifas*. A primeira voz, *baleiro*, aplicada aos mariñeiros dese nome, deriva do verbo *balar* ‘axitar ou bater con forza as augas para facer que os peixes entren na rede’, mentres que as *patifas*, seguramente así chamadas por levaren nas súas cabezas a cesta plana chamada *patela*, eran nun principio as pescantinas ou pescas que vendían o peixe que pescaban os seus maridos os *baleiros*, distribuíndoo a pé pola contorna máis ou menos distante de Pontecesures, mesmo chegando ata o concello da Estrada.

Explicación dalgúns termos

apócope: s. f. Supresión dun fonema ou dunha sílaba ao final dunha palabra. Exemplo: no haxiotopónimo *San Lois*, *san* é apócope de *santo*.

fitotopónimo: s. m. Topónimo que se refire ao mundo vexetal. Exemplo: *Fenteira*.

gótico: s. m. Lingua da rama do xermánico oriental que falaban os godos.

haxiotopónimo: s. m. Topónimo que se refire a un santo ou santa ou a cultos relixiosos. Exemplos: *San Lois*, *San Xulián*.

hidrotopónimo: s. m. Topónimo que se refire a un elemento xeográfico relacionado coa auga. Exemplos: *A Toxa*, *Ulla*.

indoeuropeo / *-a*: adx. Pertencente ou relativo á lingua falada dende a India ata Europa ao final do Neolítico e nos comezos da Idade de Bronce. Trátase dunha lingua prehistórica e hipotética reconstruída polos lingüistas a partir de comparacións das linguas que supostamente proceden dela.

posesor: s. m. O que posúe, propietario. Un topónimo de posesor é aquel que contén o nome persoal, de orixe latina ou xermánica, do antigo propietario dunha terra. Exemplo: *Condide*.

talasónimo: s. m. Topónimo que se refire ao mar e aos seus accidentes costeiros. Exemplo: *Onde cociñaban os Mecos*.

topónimo: s. m. Nome propio de lugar.

zootopónimo: s. m. Topónimo que se refire ao mundo animal. Exemplo: *A Paxareira*.

xermánico / *-a*: adx. Pertencente ou relativo á rama do indoeuropeo da que proveñen o inglés, o alemán, as linguas de Escandinavia etc. e a lingua antiga chamada gótico.

Parroquia e lugares do concello de Pontecesures

Nesta relación de topónimos recóllese a lista dos nomes das entidades de poboación da única parroquia de que consta o concello tal como aparecen no NG (*Nomenclátor de Galicia*) do ano 2003. Indícanse en cursiva os nomes que se modificaron de acordo coas propostas feitas polo Seminario de Onomástica da Real Academia Galega e as novas identidades de poboación.

As modificacións son as seguintes: *San Luís* corrixiuse como *San Lois* e o nome da parroquia de *San Xulián de Pontecesures* restituíuse ao seu nome tradicional de *San Xulián de Requeixo*. As novas entidades de poboación son *O Castro*, *Pontecesures* e *A Tarroeira*.

Requeixo (San Xulián)

Cagaxol, O
Carreiras
Castro, O
Condide
Couto, O
Fenteira
Grobas
Infesta
Paxareira, A
Pontecesures
Portarraxoi
Porto de Abaixo
Porto de Arriba
Redondo
San Lois
San Xulián
Souto, O
Tarroeira, A
Toxa, A

Outros elementos xeográficos

Galiñeiro, O (monte)
Monte de Porto (monte)

Estudo dos topónimos

Cagaxol, O

Lugar da parroquia de Requeixo

Aínda que quizais esteamos perante un topónimo escatolóxico relacionado co verbo *cagar* e referido a un alcume ridiculizante, non contamos con documentación o suficientemente antiga ou específica para aseguralo. O topónimo aparece por primeira vez no *Nomenclátor* do ano 1888, sen artigo coa forma *Cagaxol*, cando este lugar pasou a ser, a partir de 1833, do concello de Valga, e no ano 1925 do de Pontecesures, cando este se segregou daquel para constituírse en concello independente.

O topónimo *O Cagaxol* entre a toponimia maior é único.

97

Carreiras

Lugar da parroquia de Requeixo

No lugar de *Carreiras*, un dos máis vellos do concello, debían confluír en antigo tempo varias carreiras ou camiños de carro, en latín (VIAS) CARRARIAS, en singular *carraria*, palabra derivada do latín *carru* ‘carro, carruaxe’. Hoxe esta configuración viaria permanece pero con varios camiños ou pistas asfaltadas. Nunha da súas encrucilladas e nun outeiro érguese o chamado cruceiro de *Carreiras*, cos restos de policromía e varias inscricións, nunha das cales pode lerse a data de 1747.

Nunha atestación do ano 1750 do ACS cítase, con motivo dunha venda, “a quinta parte del lugar que se dize y nombra *Carreiras*, sito en la feligresía de san Julián de Requeixo”. Na Comprobación do Catastro de Ensenada (1763), o lugar de *Carreiras* é nomeado varias veces. Así, entre outras: “Agustín Nietto, casa de un alto en el lugar de *Carreiras*”.

O topónimo *Carreiras* repítese, na toponimia maior, nos concellos de Lalín (Pontevedra) e Lobeira (Ourense). *As Carreiras* nos de Mañón e Monfero (A Coruña), Lalín (Pontevedra), A Pastoriza (Lugo) e O Barco de Valdeorras (Ourense). *Carreira* e *A Carreira* son moito máis numerosos, sobre todo o primeiro.

Castro, O

Lugar da parroquia de Requeixo

O topónimo arqueolóxico *O Castro*, moi frecuente en Galicia, procede da palabra latina CASTRU ‘poboado fortificado en altura’. Nomea un antigo castro da Idade de Ferro situado na parte máis alta da cesura, corte ou desnivel de terreo a que se refire o topónimo *Cesures*, hoxe *Pontecesures*. O xacemento está moi deteriorado ao construírse no seu recinto unha edificación.

A roda do castro, case perfecta, vese moi ben nas fotografías aéreas e o arboredo en círculo que cobre as súas beiras sinala e resalta a silueta do castro que, empoleirado no alto, é ben visible e recoñecible dende a contigua vila de Pontecesures. A altura fortificada debeu ser o primeiro núcleo de poboación permanente de *Cesures*, cando este topónimo aínda non existía.

A coñecida fórmula da baixada dos habitantes dos castros a lugares máis chans difíciles de defender, seguramente por imperativo romano, semella que cadra moi ben no caso que nos ocupa. Debaixo do castro debeu haber un establecemento romano ou romanizado. Está testemuñado pola aparición, na igrexa románica hoxe chamada capela de San Xulián de Requeixo, e no seu contiguo cemiterio, de materiais de época romana. Entre eles destacan unha ara votiva ofrecida a Xúpiter por un dedicante chamado *Lircinus* ou *Lircinius* e outra brindada aos lares viais, os deuses romanos protectores das calzadas, dos camiños, dos camiñantes e dos viaxeiros.

O próximo topónimo viario *A Calzada*, do limítrofe concello de Padrón, debe dar nome a unha calzada construída sobre a vía romana número XIX, que pasaba pola cidade de Iria Flavia e pouco despois, en dirección sur, polas actuais vilas de Padrón e Pontecesures, antigamente *Requeixo*, lugar onde se atopou a devandita ara viaria. En paralelo, outra ara tamén dedicada aos lares viais apareceu, segundo o erudito Hipólito de Saa Bravo, no muro do adro da igrexa de Santa María de



O castro de Cesures cuberto de árbores dende a parte baixa da vila de Pontecesures. En primeiro termo parte do edificio do Almacén das Rendas Estancadas do Tabaco

Caldas, outro lugar por onde debía pasar a mesma vía romana que se dirixía á actual cidade de Pontevedra.

O topónimo *O Castro* non consta no Catastro de Ensenada (1752) nin na súa Comprobación (1763). Nesta aparece repetidas veces o lugar contiguo de *Ynfesta*. Aparecerá por primeira vez no próximo *Nomenclátor de Galicia*.

O nome de lugar *O Castro* é moi numeroso en Galicia, país en que hai moitos castros.

Condide

Lugar da parroquia de Requeixo

Neste topónimo subxace, aínda que transformado co paso dos anos pola deriva evolutiva, o nome dun propietario medieval da terra. Os profesores Piel e Kremer propoñen para o nome deste posesor un posible **Guntildus*, antropónimo de orixe xermánica, hoxe documentado que contén as raíces do gótico **gunhi-* ‘loita’ e *-*ildi* ‘loita, combate’, esta última frecuente na formación de nomes persoais femininos. Polo tanto, a persoa que nomea o topónimo *Condide* (e o asturiano *Villacondide*) podería ser unha muller.

Malia o anterior, nun documento do ano 1161 do mosteiro de San Martiño Pinar, glosado por Carmen Manso Porto, cítase o topónimo como *Cundidi*: “illa hereditate de Patrono (Padrón) et illa *Cundidi* [...] e mando [trátase dun testamento] ad mea mulier dompna Maior Petríz tota nostra hereditate de *Cundidi* et cum turre e palacios et casas”. Por esta atestación antiga sabemos que no lugar de *Condide* había unha gran posesión territorial cun ou varios pazos fortificados, casas e terras propiedade dun potentado medieval. Chamábase Odoario Afonso e, como comentamos noutra entrada, é o mesmo que paga os gastos para a construción dun dos arcos da ponte de Pontecesures no devandito ano de 1161. Á vista deste documento, pensamos que é mellor considerar o topónimo *Condide* como procedente dun antigo (VILLA) CONDITI, xenitivo de *Conditus*, antropónimo ou nome persoal latino, referido ao dono da terra no momento da creación do topónimo, documentado por Albertos e Kajanto.

Noutra proba escrita de 1582 do ACS cítase a “Alonso de *Condide*, vecino de *Sangiao Derrequeixo*”. Na Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) o topónimo amósase tamén coa súa forma actual.

Fóra do *Condide* que nos ocupa, entre a toponimia maior hai outro lugar chamado *Condide* na parroquia de San Xurxo de Salceda, no concello de Salceda de Caselas (Pontevedra), onde outra persoa chamada *Conditus* vinculada a estoutro lugar de *Condide* tería a súa posesión medieval. O mesmo pasa co topónimo asturiano *Villacondide*, que, ao contrario dos dous *Condide* galegos, conserva o termo medieval *villa*.

Couto, O

Lugar da parroquia de Requeixo

O topónimo *O Couto*, moi numeroso en Galicia, provén do substantivo *couto* ‘terreo cercado, delimitado ou coutado’, en latín *CAUTU*, e pode referirse a antigos territorios ou espazos coutados dependentes ou propiedade dalgún señorío laico ou eclesiástico, xeralmente un mosteiro. Como nas proximidades deste lugar non hai noticia de que houbese mosteiro ningún (aínda que tamén podería estar máis lonxe), optamos por considerar que o topónimo se refira a un monte cercado ou delimitado con fitos para a realización dalgunha actividade agrícola ou gandeira.

Non localizamos este topónimo na documentación do ACS, no Catastro de Ensenada nin na súa Comprobación; recóllese por primeira vez no *Nomenclátor* do ano 1888, coa forma castelanizada *Coto*, cando pertencía ao concello de Valga.

O topónimo *Couto* repítese nos concello de Abegondo (A Coruña), Pantón (Lugo) e Gomesende (Ourense). *O Couto*, con artigo, é moi abundante.

Fenteira

Lugar da parroquia de Requeixo

Fenteira é un fitotopónimo formado polo substantivo *fento* (en latín *FĪLĬCTU*) mais o sufixo colectivo ou abundancial *-eira*, que, como tal, sinala un lugar en que, no seu día, foi abundante esta planta.

Non atopamos o topónimo na documentación do ACS. Tampouco aparece rexistrado polo Catastro de Ensenada (1752) nin, once anos máis tarde, pola súa Comprobación (1763). O lugar de *Fenteira*, nun principio prolongación do de Grovas, aparece por primeira vez como entidade propia no *Nomenclátor* do ano 1888, formando parte do concello de Valga.

Levan o nome *A Fenteira*, con artigo, localidades dos concellos pontevedreses das Neves, Tui, Arbo e A Caniza. En Lugo, no de Taboada e, en Ourense, no de Boborás.

Galiñeiro, O

Monte da parroquia de Requeixo

Pensamos que o topónimo *O Galiñeiro*, derivado da palabra *galiña*, en latín *GALLINA*, pode ter dous significados, un real e outro metafórico. Este segundo suposto debe corresponder ao nome do monte cesurés *O Galiñeiro* que nos ocupa, o cal puido ter sido comparado, por ser un lugar visiblemente alto, cun galiñeiro ou poileiro onde se recollen para durmir as galiñas, escollendo lugares elevados. A unha relación de significados similar á que deu o topónimo debe corresponder a creación do substantivo común *galiñeiro* coa equivalencia de ‘parte máis alta e arredada do escenario dun teatro ou cine’.

A situación elevada do monte *Galiñeiro* cesurés foi aproveitada para construír alí un miradoiro, dende o que se ve unha ampla panorámica do tramo final do río Ulla. Entre os equipamentos do lugar, algunha árbore de sombra, mesas e bancos de pedra e grellas, destaca, en relación co tema que nos ocupa, a figura dunha galiña de pedra colocada sobre unha columna do mesmo material. A ave está desprovista da cabeza, debido á chuvia e ao vento, que alí batén con forza.

A galiña de pedra,
hoxe sen cabeza, colocada
sobre unha columna no
monte-miradoiro
do Galiñeiro



Outros lugares chamados *O Galiñeiro* que tamén dan nome a alturas son: *O Galiñeiro*, monte da parroquia de Corme Aldea, Ponteceso (A Coruña), *O Outeiro do Galiñeiro*, outeiro rochoso pertencente á parroquia de Cequeril, Cuntis (Pontevedra). O tamén pedroso monte *O Galiñeiro* situado entre os concellos pontevedreses de Vigo e Gondomar e outro sitio de nome *O Galiñeiro* existente na parroquia de Boimente, Viveiro (Lugo), situado sobre os da Pallarega, Boimente e O Muíño.

Cando o topónimo *O Galiñeiro* dá nome a lugares chans, pode ter o significado real e no metafórico de *galiñeiro* no sentido de ‘curral onde se crían galiñas’, o que semella suceder nos lugares, todos situados tamén en territorios planos, chamados *O Galiñeiro* das parroquias de Labrada, Guitiriz (Lugo), Agrón, Ames (A Coruña) e Meá, Mugardos (A Coruña).

Grobas

Lugar da parroquia de Requeixo

A paisaxe do lugar de *Grobas* cadra á perfección co seu topónimo, ao estar a aldea dese nome sobre e na ladeira dun fondal ou foxa moi definida, de forma circular, cunha soa abertura orográfica pola que sae, cara ao norte, o rego dos Condes, que ten alí a súa nacemento e é un dos brazos do rego da Rocha.

En canto á procedencia etimolóxica do topónimo *Groba*, moi repetido en Galicia, cómpre adxudicarlle unha voz xermánica do gótico *grōba* ‘depresión, fonda, val profundo rodeado de montañas, foxa’. Este vocábulo está presente en palabras de idiomas modernos de procedencia xermánica como a alemá *grube* ‘escavación, foxa, pozo’ ou a inglesa *groove* ‘foxa, pozo, canle estreita e profunda’. O DRAG recolle as palabras *groba* e *engroba* cos significados de ‘camiño fondo e estreito entre montañas’ e ‘depresión fonda e estreita de terreo’, segunda equivalencia que é a que mellor lle convén ao topónimo homónimo.

Nome de lugar intimamente emparentado co de *Grobas* é o das *Encrobas* (Cerceda, A Coruña), parroquia situada nun val. Na súa parte máis baixa explotouse (hoxe esgotada e convertida nun profundo lago artificial) unha rica mina de lignito a ceo aberto, tipo de xacementos que sempre se acumulan no fondo de cubetas terciarias. A forma xorda *-cro-* do topónimo *As Encrobas*, fronte á sonora común de *Groba*, *A Groba* e *Grobas*, explícase pola presenza dun *n* interior que enordece o *g* en *k*, fenómeno propio das zonas de gheada.

Nun documento do ano 1568 do ACS concédeselle a un tal Juan de San Martiño e á súa muller, veciños da “feligresia de San Jiao de Requeixo el lugar e casal que se dize de *Grobas*”. Anos máis tarde, na Comprobación do Catastro de Ensenada (1763), este lugar cítase varias veces tamén coa forma *Grobas*. Por exemplo: “Otro [muíño] en el lugar de *Grobas* de cubo y piedra negra, muele cuatro meses al año con el agua del rego de Condes, de hermandad [de varios propietarios]”.

Entre a toponimia maior temos, na provincia da Coruña, *Grobas* no concello da Laracha, *Grobas de Abaixo* e *Grobas de Arriba*, no de Arteixo, e *Grobas*, nome de lugar e parroquia do de Melide. Na provincia de Pontevedra, *A Groba*, no concello de Pontearreas, e *Grobas* no de Forcarei. *A Groba*, no concello de Riotorto (Lugo). E *Groba*, no do Carballiño, *A Groba*, nos de Leiro, Boborás, Ribadavia e *Grobas*, no de Piñor, todos concellos da provincia de Ourense.

Infesta

Lugar da parroquia de Requeixo

O lugar de *Infesta*, non sendo o do *Castro*, que está un pouco máis enriba, é o máis enfesto, alto ou levantado do corte ou desnivel de terreo a que se refire o topónimo *Cesures*, despois *Pontecesures*. De acordo coa realidade orográfica, os dicionarios de galego documentan a voz *enfesta* coa equivalencia de ‘lugar alto dun terreo, cume’. En canto á orixe etimolóxica do topónimo *Infesta*, este procede do adxectivo latino *infestus* que nun principio significaba ‘hostil, dirixido contra alguén’ e por ser aplicado ás armas, seguramente levantadas de maneira ameazante, pasou a significar ‘levantado’.

A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) rexistra repetidas veces o topónimo como *Agro de Infesta* e *Ynfesta*.

O topónimo *Infesta* tamén aparece no concello de Rois (A Coruña). *A Infesta* nos tamén concellos coruñeses de Betanzos e Miño. *Infesta* vólvese repetir no concello de Cospeito (Lugo). *A Infesta* nos de Vilalba e Monforte de Lemos (Lugo). E *Infesta* nos de San Cibrao das Viñas e Monterrei (Ourense).

Paxareira, A

Lugar da parroquia de Requeixo

O zootopónimo *A Paxareira* é un abundancial en *-eira* (latín *-ARIA*) de *paxaro*, en latín *passer* ‘pardal’, que se refire a un lugar con vexetación frondosa onde se recollerían para durmiren, chegado o anoitecer, gran número destas pequenas aves. Recordamos na nosa nenez e adolescencia como cada luscofusco acudían unha chea de pardais a pasar a noite nunha palmeira que había no xardín dos meus avós no lugar cesurés da Factoría.

Se no canto do abundancial en *-eira*, se lle une á voz *paxaro* o sufixo abundancial ou colectivo *-osa*, xorde o topónimo *A Paxarosa*, nome dun lugar que debeu ser outrora abundante en paxaros da parroquia de Santalla da Pena (Santalla) do concello de Begonte (Lugo).

A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) cita o actual lugar da *Paxareira* como *Paxareyra*. No *Nomenclátor* do ano 1888, aparece semicastelanizado como *Pajareira*, tamén sen artigo.

Á parte do lugar chamado *A Paxareira* de Pontecesures, existe outro co mesmo nome no concello coruñés de Vimianzo.

Pontecesures

Vila e capital do concello do mesmo nome

O topónimo *Pontecesures* naceu en 1925, ano da constitución de Pontecesures como concello ao segregarse do de Valga. En orixe a denominación foi *Cesures*, topónimo que non aparece no *Nomenclátor de Galicia*, pero si na documentación medieval, na fala local e en 1881, ano no que o rei Afonso XII lle dá o título de vila á entidade urbana de “(San Luis de) *Cesures*”. Provéen, segundo pensamos, da palabra latina *caesura* ‘corte’, derivada do tempo supino do verbo *caedere* ‘cortar’, e nomea a gran fenda no terreo, costa ou desnivel sobre o que se asentou o primixenio *Cesures*, hoxe *grosso modo* a aldea de San Xulián, alias Requeixo, cuxo apertado e costento casarío descende, pola cortadura orográfica, dende o lugar do Castro ata a capela de *San Xulián de Requeixo*, o antigo e xenuíno nome da parroquia que será recuperado no próximo *Nomenclátor de Galicia*, despois de constar como *San Xulián de Pontecesures* ata o ano 2003.



A *caesura*, costa, corte ou desnivel orográfico ao que se refire o topónimo *Cesures* sobre á que se asentou a aldea de San Xulián

Abandonada para o culto a capela de San Xulián, a primeira igrexa parroquial da freguesía, esta foise estendendo, coa construción do seu templo actual o ano 1893, cara ao leste, ocupando a chaira aluvial do río Ulla. O feito de que o topónimo *Pontecesures*, e non *Cesures*, sexa de creación relativamente recente nótase na oralidade, pois a localidade é chamada polos seus naturais *Cesures* e raramente *Pontecesures*.

O topónimo *Cesures* repítese con lixeiras variantes en Galicia, pero o que nos ocupa é especial. A súa singularidade radica en ter ao seu carón outros tres que corroboran o seu significado, ao se referir á mesma cortadura, cesura natural ou desnivel orográfico. Son, dende a parte máis alta á máis baixa, *O Castro* ‘altura fortificada’; *Infesta*, ‘altura, lugar alto, parte máis alta dun terreo’; e *Requeixo* ‘terreo en costa que remata nunha chaira’.

Outros lugares chamados *Cesures*, *Cesuris* e *Cesuras* que, por estar nunha paisaxe topográfica moi similar, semellan amosar que o *Cesures* que nos ocupa naceu na costa ou cortadura topográfica sobre a que está aldea de San Xulián, son, todos visitados e verificados por nós: *Cesures* (este é o que ocupa o corte natural de terreo máis grande), no concello ourensán do Barco de Valdeorras. *Cesuris*, lugar hoxe despoboado do concello así mesmo ourensán de Manzaneda. *Cesuras*, na parroquia dos Remedios, Mondoñedo (Lugo) e lugar da parroquia de Dordaña, Oza-Cesuras (A Coruña). En Portugal existen dúas freguesías chamadas *Sezures*, que non tivemos oportunidade de visitar e comprobar.

Nun documento do ano 1161 do mosteiro de San Martiño Pinario, glosado e comentado por Carmen Manso Porto, que tamén citamos noutras entradas en relación ao lugar de Condide e da *Ponte* do limítrofe concello de Padrón, cítase o lugar como *Cesuras*, cando a súa ponte aínda se estaba construíndo: “Et (mando) ad ponte de *Cesuras* totum pagamentum de pane e de denarios et sua ferramenta et I^a equa ad faciendum unum arcum pro anima mea per manus abbatis Sancti Martini domini Petri Villani”. Á vista desta atestación antiga albiscamos que o *-a* orixinal de *Cesuras*

aínda non se debilitara en *-e*, dando o actual *Cesures*. Anos máis tarde, en 1223, o topónimo aparece como *Cesuris* nunha atestación dun documento (Tumbillo) do Arquivo da Catedral de Santiago, glosada e comentada por Elisa Ferreira Priegue: “per viam publicam quen dicitur de ponte [nótese a palabra *ponte* en minúscula sen pertencer ao topónimo] de *Cesuris* a Sanctum Jacobum [Santiago]”. En 1266, noutro documento publicado por López Ferreiro, lemos: “excepta vinea de *Cesuris*, quam donavimus Capitulo compost.”, con ocasión da doazón dunha viña ao Cabido compostelán.

Noutra atestación de 1563, do AHUS, lemos: “lugar y casal que se llama de *Ponte Cesures*”, que debe referirse á aldea de *Ponte Cesures* (dende o ano 1970, *A Ponte*), situada na banda dereita e coruñesa do río Ulla, a carón da ponte interprovincial da que recibiu o nome. O xornalista Borobó escribía o topónimo padrones *Ponte Cesures* como *Ponte-Cesures* para diferencialo do pontevedrés *Pontecasures*, nome da vila da súa nacemento.

Se o topónimo *Cesures* naceu no lugar e na parroquia de Requeixo, segundo o proba a documentación medieval e a orografía, o da *Ponte*, a primeira parte do topónimo *Pontecasures*, fíxoo na ribeira coruñesa do Ulla.

O topónimo *Pontecasures*, referido á parroquia de San Xulián de Pontecasures, aparece por primeira vez coa súa forma galega no *Nomenclátor de Galicia* no ano 2003.

Portarraxoi

Lugar da parroquia de Requeixo

O topónimo *Portarraxoi* hoxe está integrado na zona urbana da vila de Pontecasures dando nome a unha das súas rúas. Pertence á familia dos topónimos galegos que levan a preposición latina *ad* aglutinada, caso, entre outros menos coñecidos, de *Pontavea* (hoxe *Pontevea*), referido a unha ponte sobre o río Ulla (sería a primitiva) que estaría en dirección ao primeiro lugar estradense chamado *Vea* (hoxe hai tres parroquias con ese nome). En canto a *Portarraxoi*, ten como étimo a locución latina *PÖRTU AD RAGIOLI* ‘Porto cara a Raxoi’. Refírese a un *porto* (> latín *portu*) ou “paso cara a un lugar”, neste caso o de Raxoi, pertencente ao contiguo concello de Valga; de aí *Portarraxoi*, lugar que antigamente se atopaba no antigo Camiño Real ou carrileira de Malvar na dirección á citada aldea valguesa. En canto á segunda parte do topónimo *Raxoi*, é a evolución dun antigo xenitivo *Ragioli*, do nome de posesor medieval *Ragiolus*.

A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) rexistra sempre e repetidamente este topónimo coa forma *Porta Rajoy*: “Diego de Ares, casa en la que vive, terreña en el lugar de *Porta Rajoy*”, forma separada que suxire unha anterior **Porto a Rajoy*, máis próxima á orixinal.

O topónimo *Portarraxoi* é un *unicum*, o que quere dicir que non hai máis lugares con ese nome entre a toponimia maior (e cremos que tamén entre a menor ou microtoponimia) en Galicia. Distinto é o caso de *Raxoi*, topónimo que dá nome a tres entidades de poboación dos concellos pontevedreses da Caniza, Valga e Vedra.

Porto, Monte de

Monte da parroquia de Requeixo

A palabra *porto*, proveniente da latina PŎRTU, inicialmente ‘entrada, acceso’, pode referirse a un porto ou paso de montaña relativamente accesible ao estar entre dous lugares máis difíciles e altos, a un lugar dun río ou dun regato con pouca altura e corrente de auga por onde atravesalo con máis facilidade ou a un lugar na ribeira do mar ou dun río navegable onde se resgardan barcos e cargan e descargan. Este significado é o que lle convén ao topónimo *Porto* que nos ocupa. Primeiro referiuse ao *Monte de Porto* e ao barrio de *Porto*, logo diversificouse no nome das aldeas *Porto de Abaixo* (lat. AD BASSU) e *Porto de Arriba* (lat. AD RIPA), esta en parte construída sobre o desaparecido e interesante castro que houbo en *Monte* (lat. MONTE) *de Porto*. Desta altura só quedou libre de edificacións o seu cume, de 44 metros de altura, e a ladeira que remata no Ulla.

O topónimo *Porto* refírese a un antigo e desaparecido porto fluvial de madeira, situado na ribeira esquerda do río debaixo do monte, que puido ser o porto exterior da cidade de Iria Flavia ou unha obra posterior que recollese a tradición portuaria e mercantil desta urbe romana. En canto ao porto interior, debeu estar na ribeira esquerda do río Sar, antes de desembocar no Ulla, no barrio padronés hoxe chamado do Murgadán, lugar ata onde chegan as mareas, antigamente menos cegado, situado case en fronte do Campo da Barca, onde, segundo conta a tradición xacobeá, sería desembarcado o corpo do apóstolo Santiago.



Os restos do antigo porto, extraídos do leito do río Ulla, no ano 1959, a carón do Monte de Porto. O primeiro, pola esquerda é J. Piñeiro Ares. Foto cedida por Miguel Piñeiro

Na primavera de 1959, unha das potentes dragas que traballaban na construción dos molles modernos da vila de Pontecesures, obra que empezou anos antes río arriba, bateu, na ladeira do *Monte de Porto*, cunha grande estrutura de madeira. Segundo José Piñeiro Ares (1972), estaba formada por enormes trabes de carballo e pontóns secundarios fortemente ensamblados coa técnica denominada *cola de miñato*. A situación do achado na beira do río, aínda que a máis profundidade ca na actualidade, e as súas características entre as que destacaban, segundo Piñeiro Ares, unha especie de espigas situadas no extremo superior dalgunhas vigas, quizais puntos de amarre para embarcacións, incitan a pensar que nos atopemos ante os restos do porto nomeado nos topónimos *Monte de Porto*, barrio de *Porto* e *Porto de Abaixo* e *Porto de Arriba*.

Nas escavacións arqueolóxicas realizadas por Eladio Oviedo Arce a principio do século XX no hoxe desaparecido castro de *Monte de Porto* (ao seu pé atopáronse os restos do porto) apareceron diversos achados. Segundo Antonio López Ferreiro sería contemporáneos á vida da próxima cidade romana de Iria Flavia. Consistían en significativos fragmentos de cerámica, talvez púnica e, con máis probabilidade aretina, así chamada por fabricarse nun principio na cidade romana de *Arretium*, hoxe Arezzo, louza tamén documentada río abaixo, no xacemento romano das Torres de Oeste. Outro tipo de cerámicas antigas atopadas nas escavacións de Monte de Porto tiñan as marcas *SLVS* e *O.MAT.BL.*, esta pertencente, segundo o arqueólogo José Manuel Caamaño Gesto, a un antigo ceramista chamado *Maternus Blaudinus*, que traballou no norte de África no século II, peza que estaría relacionada cos intercambios comerciais feitos por vía marítima entre as diferentes partes do Imperio romano.

Unha noticia escrita do século XII que axuda a comprender a importancia que tivo na Idade Media o porto fluvial de Pontecesures-Padrón, daquela con máis calado e tido como o porto de Compostela, está na *Historia Compostelá* (libro I, capítulo CIII). Nesta obra cítanse unhas naves mandadas construír polo bispo Xelmírez no porto fluvial de Padrón (non podemos saber se os estaleiros estiveron na actual ribeira cesuresa ou na padronesa) para combater os sarracenos que se achegaban a Galicia por mar dende o sur peninsular, daquela no seu poder, atraídos pola sona e a riqueza de Santiago. O texto en latín di así:

Praedictus itaque episcopus incircumscrip̄ta Dei providentia fultus, & christianorum captivitate compuctus, nuntios suos Pisam atque Genuam direxit. Ibi namque optimi navium artifices nautaeque peritissimi

Así, confiado o bispo na infinita providencia de Deus y compadecéndose do cativerio dos cristiáns [que os sarracenos nas súas incursións marítimas tomaban como prisioneiros] enviou os seus mensaxeiros a Pisa e a Xénova. Pois alí había os mellores construtores de naves e mariñeiros moi expertos.



O porto fluvial de Pontecesures cheo de barcos contra o ano 1950

Produto deste encargo son construídas dúas embarcacións de guerra “Magno itaque admodum sumptu, factis duabus biremibus, quas vulgus galleas vocat, irienses praecepto & admonitione episcopi sarracenis vices redditum eunt”, é dicir, “feitas con gran gasto dúas birremes que o vulgo chama galeras, os irienses, seguindo o mandado e a advertencia do bispo, van devolverlles aos sarracenos o seu merecido”.

Despois, as navegacións pola antigamente chamada ría de Padrón (o nome que recibía o curso navegable do río Ulla dende a súa desembocadura na ría de Arousa ata Pontecesures e Padrón) foron diminuindo a medida que o leito e o canal do río se ía facendo menos profundo, debido á sedimentación dos materiais arrastrados. Así e todo, nós lembramos na nosa nenez, hai sesenta anos, que o porto fluvial de Pontecesures, hoxe apenas con embarcacións, aínda estaba cheo de barcos de carga de pequeno e mediano calado e de dornas e mecos (clase de dorna máis grande coa proa máis lanzada) dos mariñeiros baleiros de Pontecesures e Padrón. Estes, na súa época de maior esplendor piscatorio chegaban a Fisterra e ao final da ría de Arousa, como aínda recordan os máis vellos do lugar e demostra o talasónimo *Onde Cociñaban os Mecos*, alias *O Cociñadoiro*, nome dunha zona de mar calma situada a carón da praia de Pereiró da illa de Ons, onde cociñaban as caldeiradas sobre unha pequena laxe a bordo das súas embarcacións os mariñeiros cesureses de Requeixo e Porto e os padroneses da Ponte. A estes referirase o talasónimo *O Porto dos Padroneses*, nome dunha enseada ou porto natural da parroquia de San Martiño do Grove.

É tamén da nosa acordanza infantil que as ramplas do porto de Pontecesures cheas de barcos e movemento, contrastaban coas de Padrón, situadas en fronte, as cales estaban xa baleiras de embarcacións. De acordo con esta nosa lembranza, hoxe as primeiras, nas que aínda atraca algún barco pequeno, apenas teñen vexetación, mentres que as segundas, onde non se ve ningunha nave, están cheas

As ramplas do portomolle de Pontecesures non foron tomadas, como si sucedeu coas da banda padronesa, pola vexetación



dela, o que parece un indicio de que os peiraos da ribeira padronesa do río, agás o de madeira atopado a carón do lugar do Porto, son máis antigos cós da ribeira pontevedresa.

Unha atestación do ano 1582 do ACS documenta a venda dunha herdade “que se dize y nombra de *Fontayna* [hoxe rúa da Fontaiña, en Porto de Arriba] sita en la aldea de *Porto de Sangiao de Rrequeixo* que está ao longo [lindante] del camino francés [un camiño importante] que va de la pontecezures [seguramente a ponte de Cesures ou o actual lugar da Ponte da parroquia de Iria] para la villa del Carril”. En 1629, na mesma fonte documental: “lugar do *Porto*, feligresía de san Juliao de Rrequeixo”, referido ao lugar que logo se chamaría *O Porto de Arriba*, cando naceu o do *Porto de Abaixo*, máis afastado do lugar onde apareceron os restos do porto de madeira na ribeira do río, debaixo do monte e desaparecido castro de *Monte de Porto*. A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) aínda documentan só o lugar de *Porto*.

Da importancia que tivo o porto cesurés bastantes anos antes de que se construisen os molles modernos, fala a devandita Comprobación. No ano 1763 censa na parroquia de San Xulián de Requeixo, á que pertencía a outrora aldea mariñeira de *Porto* e o lugar de San Lois, varias “lanchas de pasaxe, una de Miguel Duro [apelido aínda frecuente en Pontecesures e Porto]” e de “veintte y siete dornas de pescar”, sen contar as que habería no lugar, tamén de pasado mariñeiro da Ponte, na ribeira padronesa do río. Algúns anos antes, na viaxe que fixo a Galicia o padre Sarmiento en 1754-1755, o censo de mariña da parroquia de Requeixo sinala 185 mariñeiros matriculados e 43 embarcacións, moitas das cales pertencerían a mariñeiros da aldea de *Porto*, cando, por exemplo, o actual gran porto pesqueiro de Ribeira contabilizaba daquela 116 e 35.

Anos máis tarde vemos pola documentación antiga que a poboación mariñeira da parroquia de San Xulián de Requeixo vai a menos. Así, segundo documentación da Xurisdición de Padrón do ano 1833, publicada por Xosé Carlos Beiró Piñeiro (2001),

A las márgenes del río Ulla, donde llaman *Puerto de San Lois* [uns 1000 metros río arriba do achado do porto de madeira] hay un pequeño muelle [sobre o cal se faría despois o actual en tempo do seu patrocinador o deputado pontevedrés Bernardo Mateo Sagasta] para el uso de la navegación interior de este río [...] también hay como una docena de dornillas que suelen dedicarse a la pesca de sollas, múgeles y barbos, pero especialmente a ir a comprar pescado a otros puertos [quizais sinal de que a actividade piscatoria dos mariñeiros das aldeas cesuresas de Porto, San Lois e Requeixo diminuíra] para venderlos en este.

En Galicia, hai moitos lugares chamados *Porto* e *O Porto* e os seus derivados e compostos. Estes topónimos nomean maiormente *portos* ou lugares polos que, pola pouca altura das augas e da corrente, é doado atravesar un curso fluvial. Outros refírense a portos marítimos, pero, no referente a portos fluviais de ríos navegables, o topónimo *Porto* que nos ocupa é único.

Porto de Abaixo

Lugar da parroquia de Requeixo

Porto de Arriba

Lugar da parroquia de Requeixo

Véxase a entrada *Monte de Porto*.

Redondo

Lugar da parroquia de Requeixo

O adxectivo *redondo*, en latín *RŎTUNDUS*, pode aplicarse a varias realidades redondas, como un agro, un monte, un penedo ou un campo, circunstancia que, segundo cremos, lle corresponde a este topónimo.

Nunha atestación do ano 1579 do ACS o topónimo aparece como *Veiga de Redondo*: “*veiga [de] Redondo* [...] en la dicha felegresía de San Jiao de Requeixo”, moitos anos antes de que a parroquia cambiase o seu nome polo de San Xulián de Pontecesures. A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) ofrece en repetidas ocasións a forma castelanizada *Vega de Redondo*.

Os topónimos *Redondo*, *O Redondo*, *A Redonda* e *As Redondas* e os seus compostos son moi abundantes en Galicia, como corresponde á curvilínea orografía do país.

Requeixo (San Xulián)

Parroquia

O topónimo *Requeixo* recolle a palabra homónima *requeixo*, rexistrada nos dicionarios co significado de ‘terreo en costa que remata nunha chaira’, o que se corresponde coa realidade do lugar, onde se asenta a aldea de San Xulián, topónimo que debeu ser alternativo ao de *Requeixo* e nomear *grosso modo* o mesmo espazo, como o parece probar o microtopónimo *Subida de Requeixo*, referido a unha rúa de San Xulián, que, como indica o seu nome, sobe dende a parte baixa da aldea pola costa, cesura ou cortadura natural á que se refire o topónimo *Cesures* ata as inmediacións do Castro. Os topónimos, referidos á mesma aldea, *San Xulián* e *Requeixo*, este practicamente esquecido da fala, pois só o utilizan os habitantes máis vellos do lugar, configuraron o nome da parroquia de *San Xulián de Requeixo*, seguramente formada nun principio polas aldeas de *San Xulián*, quizais situada na parte máis baixa, onda a igrexa-capela da mesma advocación, e *Requeixo*, un pouco máis arriba, uníndose axiña as dúas entidades e formando un *unicum* urbanístico.

Aínda que o significado do topónimo *Requeixo* é claro e manifesto, porque aínda conserva á vista o detalle natural ao que se refire, presente tamén noutros lugares galegos do mesmo nome e no zamorano *Requejo de Sanabria* —situado nas primeiras costas ou *requejadas* que soben cara aos portos do Padornelo e A Canda—, a súa etimoloxía, para a que se propoñen dúas posibles orixes, é discutida. A primeira, para nós a máis verosímil, relaciona *Requeixo* coa voz latina *capsu* ‘caixa’ cun uso metafórico da palabra asociado a un *requeixo* ou costa que termina nunha chaira formando unha depresión que recorda unha caixa orográfica. A segunda propón partir dunha antiga forma verbal *requeixar* ‘apremar, poñeren aperturas’, procedente de **quassiare*, que lle daría ao topónimo o significado de ‘recuncho, terreo escondido e abrigado’.

Unha atestación de 1338 do TMILG cita un tal “Affonso Peres, clérigo de *San Gião de Requeyxo*”. Outra do ano 1582 do ACS testemuña a venda dunha herdade “que se dize y nombra de Fontayna, sita en la aldea de Porto de Sangiao de *Rrequeixo* que está ao longo (lindante) del camino francés [un camiño máis ou menos importante] que va de la pontecezures para la villa del Carril”. En 1629, na mesma fonte documental menciónase: “lugar do Porto, feligresía de san *Juliao de Rrequeixo*”. Na Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) atopamos rexistrado o topónimo *Requeijo* varias veces. Daquela a parroquia de *San Xulián de Requeixo*, dende o ano 1925 *San Xulián de Pontecesures*, era anexa da de Santa María de Herbón, pertencente á xurisdición de Padrón. Na mesma fonte documental aparece o topónimo (castelanizado) *San Julián*. No próximo *Nomenclátor de Galicia* recuperárase a forma xenuína e tradicional *San Xulián de Requeixo*.

San Lois

Lugar da parroquia de Requeixo

O haxiotopónimo *San Lois* está formado polo antropónimo de orixe xermánica homónimo *Lois*, latinización dun orixinario *Hlodwig* ou *Hlodowing*, composto de *blod* ‘gloria’ e *wig* ‘batallador’. En canto ao adxectivo *san*, é apócope de *santo* e emprégase diante dos nomes propios que empezan, como é o caso, por consoante.

San Lois (tamén aparece como *San Luís* dende antigo na lingua) era o nome da advocación da desaparecida capela da leprosaría, así mesmo chamada de San Lázaro, que houbo na actual rúa Nova da vila de Pontecesures, destruída cara ao ano 1893, cando se levantou a poucos metros de distancia a actual igrexa parroquial da daquela freguesía de San Xulián de Requeixo, que substituíu a primitiva igrexa, situada na aldea de San Xulián, hoxe con categoría de capela.

Así como a relación de san Lázaro con leprosos e lacerados é moi coñecida, a de san Lois ou Luís, antes rei de Francia (1214-1270), non o é tanto. Está testemuñada en obras pictóricas como un gravado do ano 1878 feito a partir dun cadro de Albert Maignan (1845-1908) titulado *Luís IX consola un leproso*. San Lois, o único rei de Francia que foi canonizado, era coñecido pola súa caridade cos pobres e polos coidados que lles dispensaba aos que sufrían o mal de Lázaro. Atribúeselle a frase que dirixiría ao seu amigo e senescal (especie de mordomo da casa real) Jean de Joinville, a quen lle preguntou se prefería ser leproso ou cometer un pecado mortal, pregunta que, tratándose dun monarca moi relixioso e temeroso de Deus e do inferno, demostra a preocupación que sentía por esta enfermidade, moi frecuente e devastadora na Idade Media.

A advocación de *san Lois* da ermida da leprosaría estaría relacionada coa aparición nela, segundo a tradición, dunha imaxe do santo que puido ser traída por algún peregrino ou peregrino-leproso francés que se dirixía a Santiago polo Camiño Portugués, cando debían ir cara a Compostela moitos lacerados buscando a curación milagrosa da súa enfermidade. Moitos deles, por temor ao contaxio, serían recluídos en leprosarías instaladas *ad hoc* nos camiños de peregrinos a Santiago, como a de Pontecesures ou, antes de chegar á cidade xacobeá, a que houbo para mulleres leprosas no barrio santiagués de Santa Marta, situada tamén no Camiño Portugués, ou no barrio igualmente santiagués de San Lázaro, que sería planificada para evitar a entrada na cidade de leprosos masculinos que camiñasen ou deambulasen polo Camiño Francés. A presenza da advocación de San Lois ou Luís no Camiño Portugués en Pontecesures non debe ser única, xa que este santo aparece noutros camiños de peregrinos a Santiago, coma no caso do topónimo *San Luís*, referido a un lugar do concello ourensán da Mezquita, situado no Camiño de Santiago do Sur, que podería referirse a outra capela desaparecida que levase o mesmo título cá cesuresa. Na localidade burgalesa de Villamayor del Río, no Camiño Francés, existe un albergue de peregrinos que leva o significativo nome de *Albergue San Luis de Francia*, santo que segundo a tradición xacobeá peregrinaría polo anterior camiño a Compostela en cuxa catedral tivo nalgún tempo dedicada a actual capela do Salvador.

A única casoupa de pedra
que queda das sete
que formaban o conxunto
da leprosaría de San Lois,
tamén chamada
de San Lázaro



Seguindo a información de José Piñeiro Ares (1972), a leprosaría de San Luís estaba formada a principios do século XVIII por sete pequenas casas ou casetas terreñas unidas entre si con cadansúa horta e o Agro da Sueira (microtopónimo aínda existente), parte de cuxo terreo foi afectado en 1959 para construír a desviación ao seu paso pola vila da estrada N-550. A carón das casetas pasaba o pequeno río Salgueirón, presenza fluvial que se dá tamén con relación a antiga leprosaría do río dos Gafos, hoxe engulido pola cidade de Pontevedra, o que parece indicar que as leprosarías eran construídas, polo menos algunhas, xunto a pequenas correntes de auga, onde os leprosos ou gafos puidesen lavar as súas úlceras ou feridas.

Á parte das casetas, das que aínda sobrevive unha, e da desaparecida capela de San Lois ou de San Lázaro, o conxunto da leprosaría tamén contaba cun cruceiro, que hoxe está, despois de varios traslados, xunto ao cemiterio de San Xulián de Requeixo. Os ecos do desaparecido lazareto aínda perduran, pois todos os anos, a finais do mes de marzo ou principios de abril, celébrase a romaría de San Lázaro na igrexa parroquial e na chamada popularmente a *plazuela*, moi próximas á rúa onde estivo a lazareto. Hoxe o topónimo *San Lois* é urbano e dá nome á longa e recta rúa central e principal da vila de Pontecesures; a súa prolongación cara ao sur recibe o nome de rúa de Sagasta e, cara ao norte, a de rúa de Portaraxoi. A de *San Lois* pasa a carón da *Plazuela* e da igrexa para axiña converxer nela a rúa Nova, onde estivo o lazareto.

Por un documento de 1283 da colección diplomática de *Galicia Histórica* sabemos que xa puido haber unha leprosaría en Cesures ese ano: “It. (mando) leprosis de camino de Petrono sls. V.”. O documento fala dunha doazón de cinco soldos a unha malataría, que podería estar en Cesures e ser a de San Lois ou unha súa antecesora, situada no mesmo sitio sobre un camiño que pasaba polo contiguo lugar de Padrón, moito antes da construción da carrileira de Malvar (comezou a construírse no ano 1780), así denominada porque contou, tres anos máis tarde, coa decisiva achega económica persoal do arcebispo de Santiago de Compostela

Sebastián Malvar e Pinto. Noutra atestación de 1380-1400 do TMILG: “Ítem mando aos lazarados de Sta. María [pode referirse a antiga leprosería de Santa María do Camiño de Pontevedra, do devandito río dos Gafos] et de San Lázaro et San Loys de Padrón [a que nos ocupa]”. En 1454, noutro documento da colección diplomática de *Galicia Histórica*, lemos: “Ítem mando aos lazerados da maletaría de Santa María do Camiño de Pontevedra [outra vez a do río dos Gafos] y da maletaría de Padrón [a de San Lois] dez floríns douro do cuño de Aragón a cada maletaría”. O cardeal Jerónimo del Hoyo escribe, citando, quizais por primeira vez a San Luís como o patrón da leprosería e referíndose o prelado ás outrora frecuentes cheas do río Ulla, que pasa moi preto do desaparecido lazareto:

En el mes de julio de seiscientos y siete [1607] visité esta iglesia [trátase da antiga parroquial de San Xulián de Requeixo] [...]. En esta feligresía está la ermita de los laçerados que es la que está en pasando la Puente Cesures, hacia Pontevedra. Llámase *San Luis* [...] junto a esta hermita está la casa de los laçerados, la qual solía estar antes junto al río, el qual, cuando crecía, la inundaba, y así se acabó, y Juan d’Abal, vezino de Cambados, hizo la que aora tienen nueva de su propia hacienda.

En 1754-1755 o padre Sarmiento escribe: “A San Julián de Requeixo (puerto). A la *Malatería*, Ermita de *San Luys* o *San Loys*”. O Catastro de Ensenada (1752) informa de que na antiga “feligresía de Requeijo ay un *Ospital de lázaros o leprosos*, fundación de Don Ygnacio Pardiñas, cuia Administración tiene Don Domingo Sánchez, canónigo de la villa del Padrón”, que estaba no lugar de *San Luís*.

Once anos máis tarde, a Comprobación do Catastro de Ensenada desta parroquia (1763) cita repetidas veces o lugar de *San Luís* (tamén coa forma *San Lois*), onde esta fonte documenta a existencia dunha taberna e varias casas, o que parece indicar que a actividade da próxima leprosaría nesa data sería mínima ou que o medo ao contaxio do mal de Lázaro estaba superado. No *Nomenclátor* do ano 1864, no canto de *San Luís* ou *San Lois* aparece *San Lázaro*, o nome alternativo da capela, ao venerarse nela as imaxes dos dous santos. No ano 1881 o rei Afonso XII concedeulle a San Luís de Cesures, daquela o principal núcleo urbano da parroquia de San Xulián de Requeixo, o título de “Villa *San Luis* de Cesures”, cando faltaban corenta e catro anos para que en 1925 se lle engadise a palabra *ponte* ao topónimo *Cesures*, creándose o de *Pontecesures*, ao constituírse o concello do mesmo nome cunha parte do territorio que ata daquela pertencía ao de Valga.

Leva tamén o nome de *San Lois* un lugar da parroquia de Carballo (A Coruña), mentres que hai un *O San Lois* no concello da Estrada (Pontevedra).

San Xulián

Lugar da parroquia de Requeixo

Fóra das de *san Lois* e *san Lázaro*, que nos parecen seguras, o concello de Pontecesures podería ter, malia o seu pequeno tamaño, esta probable terceira advocación xacobeá no haxiotopónimo *San Xulián*, patrón da parroquia de *San Xulián de Requeixo*, a única do concello de Pontecesures. O haxiotopónimo *San Xulián* vén do antropónimo latino *Iulianus*, derivado do xentilicio *Iulius* (de onde procede *Xulio*) da *gens Iulia*. Segundo a tradición xacobeá, despois do seu involuntario acto de parricidio o santo instalouse, para facer penitencia, á beira dun río, onde construíu un hospital e se puxo ao servizo dos peregrinos, aos que axudaba a atravesar a corrente de auga.

Quizais teña relación con esta lenda xacobeá o feito de que a primitiva e pequena igrexa parroquial de *San Xulián de Requeixo* estea a uns trescentos metros do río Ulla no Camiño Portugués de peregrinación a Santiago. Outro haxiotopónimo igual, pero coa forma dialectal propia da zona de Galicia onde se atopa, é *San Xillao*, nome dun lugar do Camiño do Sueste, esta vez situado a carón do río Arnoia na parroquia e no concello ourensán de Xunqueira de Ambía. O mesmo santo aparece nomeado na advocación do mosteiro de San Xulián ou San Xiao de Samos, nun importante e significativo punto do Camiño Francés a carón do río Sarria. No Camiño Inglés, no concello coruñés de Ordes, a parroquia de San Xulián de Poulo, onde houbo un hospital de peregrinos, volve subministrarnos outro exemplo desta advocación nun camiño xacobeo.

Referido ao lugar de San Xulián que nos ocupa, nun documento do ano 1338 do TMILG cítase un tal “Affonso Peres, clérigo de *san Gião* de Requeyxo”. A Comprobación do Catastro de Ensenada (1763) cita o topónimo *San Xulián* coa súa forma castelá *San Julián*: “una casa de un alto en el lugar de *San Julián*” e como *San Julián de Requeixo*: “una casa en el lugar de *San Julián de Requeijo*” e “feligresía de *San Julián de Requeixo*”.

En Galicia, o haxiotopónimo *San Xulián* e as súas variantes dialectais, *Xiao*, *Xián*, *Xillán*, *Xillao*, *Xullán* e *Xillao* son abundantes. Segundo estudou Gonzalo Navaza, este santo é un dos dez padroeiros máis frecuentes nas parroquias galegas. Era protector dos camiños e o seu culto en Galicia e na Península é anterior ao mito xacobeo.

Souto, O

Lugar da parroquia de Requeixo

Nos lugares chamados *O Souto*, en latín *SALTU* ‘rexión forestal, bosque, selva, bosque mixto, desfiladeiro, garganta con vexetación e árbores de calquera especie’, despois en galego ‘terreo poboado de castiñeiros’, puido haber no momento do nacemento dos topónimos un souto de castiñeiros ou de castiñeiros e carballos mesturados. Dada a importancia que tivo a castaña na alimentación dos galegos

antes da chegada a Galicia da pataca americana, o topónimo *O Souto* e os seus derivados e compostos son moi frecuentes.

O topónimo cesurés *O Souto* non figura nos nomenclátors ata o *Nomenclátor de Galicia* do ano 2003.

Tarroeira, A

Lugar compartido entre as parroquias de Requeixo e Valga do concello do mesmo nome

O topónimo *A Tarroeira* é un derivado da palabra *terrón*. Pode conter o substantivo común *tarroeira* ou *terroeira* ‘terra chea de terróns’ e referirse a unha terra de labor. Malia este significado, que lle pode acaer a outros topónimos galegos *A Tarroeira*, pensamos que o que nos ocupa podería ter o de pequena elevación de terreo, a partir de *terroeira*, coa equivalencia de ‘ribazo formado por terra e pedras’, que recolle o dicionario da RAG, o que se corresponde coa realidade orográfica deste lugar, cuxa pequena costa ou elevación, antano sucada polo Camiño Real, despois carrileira de Malvar, e hoxe pola estrada N-550, serviu para fixar neste punto o límite dos concellos de Pontecesures e Valga no chamado *Pauto da Devesa*.

Esta topografía aparece expresada na descrición do lugar feita polos biógrafos locais Borobó e Piñeiro Ares da cantante, bailarina e actriz Agustina Carolina Otero Iglesias, nada en Ponte Valga, máis coñecida como Carolina Otero ou *la Bella Otero*, quen de nena foi brutalmente violada, segundo José Piñeiro Ares (1984), “en la cuesta de *A Tarroeira*” ou, en versión de Borobó (1992), “en la Cuesta de la *Terroeira* [sic]” e “en plena *Terroeira*, un monte de escasa altura, por cuya falda descende la carretera de Vigo a Santiago, desde Ponte Valga a Pontecesures”.

No ano 1943, na folla 120, *Padrón*, dos mapas do *Instituto Geográfico y Catastral*, o sitio e o monte da *Tarroeira* aparece despexado de casas. A súa condición de lugar deshabitado foi a causa de que o topónimo non aparecese como lugar poboado do concello de Valga no *Nomenclátor de Galicia* ata hai poucos anos, mentres que no de Pontecesures se incluírá na próxima edición.

Toxa, A

Lugar da parroquia de Requeixo

Neste lugar chamado *A Toxa* destaca, segundo comprobamos, a fonte do mesmo nome, que despois forma un regueiro. Pensamos que o topónimo pode nomear este manancial, co que o da *Toxa*, repetido en Galicia e situado a carón de fontes ou de pequenas correntes de auga, sería un topónimo referido a este elemento. Estaríamos así de acordo co profesor e experto en hidrotopónimos Edelmiro Bascuas, quen explica *A Toxa* como un hidrotopónimo que puido ter a súa orixe nunha base

prerromana **togia*, procedente con alongamento en -g- e co sufixo en -ia, frecuente en hidrotopónimos, dunha raíz *tā-* ‘derreterse, fluír (auga)’.

A forma **togia* aparece na documentación medieval como o nome do río *Toxa* do concello pontevedrés de Silleda (o da gran fervenza), afluente do Deza: *ripa Togia* ‘riba ou ribeira do Toxa’ e *rivulo Togia* (ano 969), nun documento do mosteiro de Carboeiro. Na ría de Arousa, o nome da illa da *Toxa* tanto se podería referir ás súas coñecidas augas termais coma ás da fonte do Louxo, o único manancial de auga doce da illa; o topónimo *O Louxo* é o nome alternativo, cada vez menos usado, do da illa da *Toxa* ou da *Toxa Grande*. Segundo Bascuas, o correspondente hidrotopónimo castelán ao galego *Toxa* ou *A Toxa* sería *Toya*, nome dun afluente do Guadiana Menor, o cal flúe á súa vez cara ao Guadalquivir. Outra posibilidade que consideramos menos crible sería que *A Toxa* fose un fitotopónimo referido á planta chamada *toxó*.

Nunha atestación do ano 1568 do ACS cítase un tal *Domingo da Toja*, oriúndo do lugar da *Toxa* que nos ocupa. Noutra do mesmo arquivo (resumo ou rexesto), de 1730, aparece *Alberte da Toxa*, veciño de Requeixo. Na Comprobación do Catastro de Ensenada da parroquia (1763), o posible hidrotopónimo cesurés aparece repetidas veces coa súa forma castelanizada *la Toja*. Así, entre outras citas: “Benito Mouriño, casa, la en que vive, terrena, en el lugar de *la Toja*”.

O topónimo *A Toxa* repítese, á parte de nos concellos pontevedreses de Pontecesures, Silleda e O Grove, nos coruñeses de Santa Comba, Touro, Vimianzo e Zas, e o seu diminutivo *A Toxiña* en Lalín. Nos casos da provincia da Coruña, o topónimo *A Toxa* está, segundo puidemos comprobar, a carón ou moi preto de pequenas correntes de auga ou fontes. *A Toxiña* do concello pontevedrés de Lalín nomea un manancial de augas terapéuticas.



A fonte do lugar da Toxa |

Bibliografía

- Albertos Firmat, M^a Lourdes (1966). *La onomástica personal primitiva de Hispania. Tarraconense y Bética*. Salamanca: Consejo Superior de Investigaciones Científicas - Instituto Antonio de Nebrija.
- Álvarez Maurín, María del Pilar (1994). *Diplomática asturleonense. Terminología toponímica*. León: Universidad de León.
- Álvarez Pérez, Marta (2018). *Toponimia do Val do Fragoso*. 6. Bembrive. Vigo: Universidade de Vigo.
- Angueira, Anxo (2002). *Terra de Iria. Viaxe ó país de Rosalía de Castro*. Vigo: Promocións Culturais Galegas S. A.
- Angueira, Anxo (2012). *Iria*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Ares Vázquez, Nicandro (2013). *Estudos de toponimia galega*. 2 vols. A Coruña: Real Academia Galega. Vol. 1: <https://doi.org/10.32766/rag.245> Vol. 2: <https://doi.org/10.32766/rag.261>
- Bascuas, Edelmiro (2002). *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega. Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. Anexo 14. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Bascuas, Edelmiro (2006). *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia*. Sada: Edicións do Castro.
- Bascuas, Edelmiro (2014). *Novos estudos de hidronimia paleoeuropea galega*. Vigo: Universidade de Vigo.
- Beiró Piñeiro, Xosé Carlos (2001). A Xurisdicción de Padrón no ano de 1833. *El Museo de Pontevedra*. LV, 39-49.
- Beiró Piñeiro, Xosé Carlos (2018). *O Catastro de Ensenada na xurisdicción de Padrón*. Silleda: Edicións Fervenza.
- Borobó [Raimundo García Domínguez] (1992). *La tremenda niñez de la Bella Otero*. Biblioteca 114, *El Correo Gallego*. Santiago de Compostela: Compostela.
- Borobó [Raimundo García Domínguez] (2003). *O Cesures de Don Víctor*. Pontecsesures: Concello de Pontecsesures e Deputación de Pontevedra.
- Caamaño Gesto, José Manuel (1979). Marcas de alfarero en cerámica romana, encontradas en Galicia. *Gallaecia*. 5, 63-99.

- Cabeza Quiles, Fernando (s/d). *Estudo dos topónimos viarios e de advocacións xacobeanas do Camiño de Santiago Sur (Vía da Prata e Vereas Vella) e Itinerario de Chaves a Laza*. Inédito.
- Cabeza Quiles, Fernando (1980). Apuntes para el estudio de la vía marítimo-fluvial antigua del río Ulla y de la ría de Arousa (con atención a las invasiones de los pueblos germánicos). *Comunicaciones Germánicas*. 3, 9-28.
- Cabeza Quiles, Fernando (1985). En torno ó nome de Cesures. *La Voz de Galicia. Cuaderno de Cultura*. 5/IX/1985.
- Cabeza Quiles, Fernando (1992). *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Cabeza Quiles, Fernando (2000). *Os nomes da terra. Topónimos galegos*. Noia: Toxosoutos.
- Cabeza Quiles, Fernando (2018a). *Toponimia de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- Cabeza Quiles, Fernando (2018b). *Toponimia da Estrada*. Terra Nomeada 4. A Coruña: Real Academia Galega / Asociación Galega de Onomástica. <https://doi.org/10.32766/rag.336>
- Cabeza Quiles, Fernando (2020). *Toponimia de Carballo*. Terra Nomeada 6. A Coruña: Real Academia Galega / Asociación Galega de Onomástica. <https://doi.org/10.32766/rag.370>
- Cabeza Quiles, Fernando (2022). *Toponimia de Ribeira*. Terra Nomeada 9. A Coruña: Real Academia Galega / Asociación Galega de Onomástica. <https://doi.org/10.32766/rag.406>
- Carré Aldao, Eugenio (1980 [1928]). *La Coruña*. Vol. IV (1); V (2); VI (3); VII (4). En: Francisco Carreras y Candi, dir. *Geografía general del Reino de Galicia*. A Coruña: Ediciones Gallegas.
- Castro, Rosalía de (1969). *Cantares gallegos*. Madrid: Anaya. Introducción e notas de Ricardo Carballo Calero.
- Concepción Suárez, Julio (2007). *Diccionario etimológico de toponimia asturiana*. Oviedo: KRK Ediciones.
- Corominas, Joan e Pascual, José Antonio (1980-1991). *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. 6 vols. Madrid: Gredos.
- Cortizo Sónora, Justo (2013). O Rei Don Xohán II pon baixo a súa protección a Alix de Harcot, poseedora da ermida e oratorio de Santiaguíño do Monte. *Padrón: Feiras e Festas de Páscoa*. Padrón.
- Cange, Charles du Fresne de [et al.] (1883-1887). *Glossarium ad scriptores mediae et infimae latinitatis*. Niort: L. Favre. Disponible en ducange.enc.sorbonne.fr
- Fernández Rei, Francisco (1991). *Dialectoloxía da lingua galega*. 2ª ed. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Ferreira Priegue, Elisa (1988). *Los caminos medievales de Galicia*. Boletín Auriense. Anexo 9. Ourense: Museo Arqueológico Provincial.

- Ferro Ruibal, Xesús, dir. (1992). *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo.
- Flórez, Henrique, ed. (1965 [1765]). *Historia Compostelana*. España Sagrada XX. [Madrid]: Real Academia de la Historia.
- Fortes, Xosé (2022). *Torre do Monte, cinco siglos de mayorazgo*. Os Ánxeles-Brión: Editorial Guiverny.
- García Folgar, Antonio (1989). Ordenanzas de la villa de Padrón aprobadas a principios del siglo XVII (año 1604) por el arzobispo de Santiago, don Maximiliano de Austria. *Padrón: Ferias y Fiestas de Páscoa*. Padrón.
- García Rey, Verardo (1986 [1934]). *Vocabulario del Bierzo*. León: Ediciones Lancia.
- García-Sabell Torno, Teresa (1991). *Léxico francés nos cancioneiros galego-portugueses*. Vigo: Galaxia.
- Guitián Castromil, Javier e Guitián Rivera, Xoán (2001). Un acoutamento medieval na comarca Compostelá. *Anuario Brigantino*. 25, 103-106.
- Hoyo, Jerónimo del (1950 [1607]). *Memorias del arzobispado de Santiago*. Santiago de Compostela: Porto y Cía. Editores. Edición de Ángel Rodríguez Gonzalez e Bénito Varela Jácome.
- Kajanto, Iiro (1982). *The latin cognomina*. Roma: G. Bretschneider editore.
- López Alsina, Fernando (1998). *La ciudad de Santiago de Compostela en la alta Edad Media*. Santiago de Compostela: Ayuntamiento de Santiago de Compostela, Centro de Estudios Jacobeos e Museo Nacional de las Peregrinaciones.
- López Alsina, Fernando (2002). El encuadramiento eclesiástico como espacio de poder, de la parroquia al obispado. En: José Ignacio de la Iglesia Duarte e José Luis Martín Rodríguez, coords. *Los espacios de poder en la España medieval: Semana de Estudios Medievales*. Nájera: Instituto de Estudios Riojanos, 425-426.
- López Ferreiro, Antonio (1983 [1898-1911]). *Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago de Compostela (apéndices documentales)*. Santiago de Compostela: Editorial Sálvora.
- Lorenzo Baleirón, Manuel (2011). *Toponimia de Dodro e de Laiño. Os nomes na auga*. Dodro: Concello de Dodro.
- Madoz, Pascual (1845-1850). *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones en Ultramar*. 16 vols. Madrid: Est. Literario Topográfico de P. Madoz y L. Sagasti.
- Manso Porto, Carmen (1988). El documento de 1161 relativo a la supuesta intervención del maestro Mateo en la construcción del puente de Cesures. En: *Actas simposio internacional sobre "O pórtico da Gloria e a Arte do seu Tempo"*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 103-[114].
- Molina, Bartolomé Sagrario de (1998 [1550]). *Descripción del Reino de Galicia*. A Coruña: Supervisión y Control, S. A. Introducción, notas e comentarios de José Antonio Parrilla.

- Moralejo Laso, Abelardo (1977). *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela: Pico Sacro.
- Morales, Ambrosio de (1977 [1765]). *Viage de Ambrosio de Morales por orden del rey D. Felipe II a los Reynos de León, y Galicia, y principado de Asturias*. Oviedo: Biblioteca Popular Asturiana.
- Murguía, Manuel (1982 [1888]). *Galicia (I)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Navaza Blanco, Gonzalo (2009). Parroquias e toponimia. En: Fernando García Pazos e Manuel Gallego Priego, coords. *A parroquia en Galicia. Presente, pasado e futuro*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 181-201.
- Navaza Blanco, Gonzalo (2021). *Toponimia municipal. Os nomes dos concellos da provincia da Coruña*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.377>
- Pérez Constanti, Pablo (1993). *Notas viejas galicianas*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Pérez Rodríguez, Francisco (2004). *Os documentos do Tombo de Toxos Outos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Disponible en https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2004_Os-documentos-do-Tombo-de-Toxos-Outos.pdf
- Piel, Joseph-Maria e Kremer, Dieter (1976). *Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter.
- Piñeiro Ares, José (1972). *Historia de Puenteceures*. Puenteceures: [Edición do autor].
- Piñeiro Ares, José (1984). *La trágica infancia de Agustina Otero Iglesias*. Sada: Edicións do Castro.
- Piñeiro Ares, José (1989). *Historia das feiras do automóbil de ocasión. Puenteceures*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.
- Pokorny, Julius (2005). *Indogermanisches Etymologisches Wörterbuch*. 2 vols. 5ª edición. Tübingen und Basel: Francke Verlag.
- Pumar Gándara, Xosé (1989). Lecturas do texto do Pedrón. *Padrón. Feiras e Festas de Páscoa*. Padrón.
- Riesco Chueca, Pascual (2006). Anotaciones toponímicas salmantinas. *Revista de Estudios*. 53, 185-264.
- Rodríguez Dacal, Carlos (2003). *Xardín Botánico-Artístico de Padrón*. Padrón: Concello de Padrón.
- Rodríguez González, Ángel (1984). *Las fortalezas de la mitra compostelana y los irmandiños*. 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Sa Bravo, Hipólito de (1984). Los Cilenos en la comarca de Caldas. *El Museo de Pontevedra*. XXXVIII, 15-29.

- Sarmiento, Martín (1950). *Viaje a Galicia (1754-1755)*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudos Galegos P. Sarmiento. Edición de Francisco Javier Sánchez Cantón e José Manuel Pita Andrade.
- Sestay Martínez, Iván (2015). *Toponimia do Val do Fragoso*. 4. *Freixeiro e Sárdoma*. Vigo: Universidade de Vigo.
- Souto Cabo, José Antonio (2001). *Rui Vasques. Crónica de Santa María de Iria*. Santiago de Compostela: Cabido da S. A. M. I. Catedral de Santiago-Seminario de Estudos Galegos / Edicións do Castro.

Recursos electrónicos

- ACS = *Arquivo da Catedral de Santiago*. Santiago de Compostela: Catedral de Santiago de Compostela. Disponible en <https://a3w-catedralsantiago.odilo.es/portalArchivo/controladorconopac?usr=null>
- AGON = *Asociación Galega de Onomástica*. Santiago de Compostela: AGON. Disponible en <http://ilg.usc.es/agon/>
- AHUS= *Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Disponible en <http://www.usc.es/gl/servizos/arquivo/index.html>
- CAG = Boullón Agrelo, Ana I. e Sousa Fernández, Xulio, dirs. (2006-). *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en <http://ilg.usc.es/cag>
- CME = Ministerio de Cultura (2004-). *Catastro de Ensenada* [web]. [Madrid]: PARES. Disponible en <http://pares.mcu.es/catastro/>
- CODOLGA = López Pereira, Eduardo, dir. (2006-). *Corpus Documentale Latium Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Disponible en <http://corpus.cirp.es/codolga/>
- DdD = Santamarina, Antón, coord. (2006-2018). *Dicionario de Dicionarios. Corpus lexicográfico da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en <http://sli.uvigo.es/TILG/index.html>
- DRAG = González González, Manuel, dir. (2006-). *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. Disponible en <http://academia.gal/dicionario>
- Galiciana = Xunta de Galicia (2016-). *Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Disponible en <https://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/inicio/inicio.do>
- NG = Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (2003-): *Nomenclátor de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Disponible en <https://www.xunta.gal/nomenclator>

PARES = Ministerio de Cultura y Deporte (2008-). *Portal de Archivos Españoles*. Madrid: Ministerio de Cultura y Deportes. Disponible en <http://pares.mcu.es/>

TMILGa = Varela, Xavier, dir. (2007-). *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en <http://ilg.usc.es/tmilg/tes>

Nomenclátore

1864 = *Las poblaciones, grupos, edificios, viviendas, albergues, etc., de las cuarenta y nueve provincias de España, dispuesto por riguroso orden alfabético, entre las provincias, partidos judiciales, ayuntamientos, y entidades de población*. Tomo II. La Coruña. Madrid: Imprenta de José María Ortiz.

1888 = *Nomenclátor de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población de España en 1º de enero de 1888* / formado por la Dirección General del Instituto Geográfico y Estadístico. Madrid: Imprenta de la Dirección General del Instituto Geográfico y Estadístico, 1981-1985.

1920 = *Nomenclátor de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población de España* / formado por la Dirección General del Instituto Geográfico, Catastral y de Estadística con referencia al 31 de diciembre de 1920, Madrid. Talleres del Instituto Geográfico y Catastral, [1924?].

1970 = *Censo de población de España de 1970; Nomenclátor de las ciudades, villas, aldeas y demás entidades de población: Provincia de La Coruña* / Instituto Nacional de Estadística. Madrid: INE, 1973.

2003 = *Nomenclátor de Galicia (NG). Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Índice xeral

Toponimia de Padrón


Introdución	7
Explicación dalgúns termos	15
Parroquias e lugares do concello de Padrón	17
Estudo dos topónimos	19
Abelina, A	19
Aduana, A	19
Agronovo	21
Angueira de Suso	22
Anteportas	24
Areal, O	25
Arretén	25
Baiuca, A	26
Bandín	26
Barca, A	27
Barco, O	29
Bascuas	31
Berxaos	31
Calzada, A	32
Cambelas	33
Carcacía (San Pedro)	33
Casal	34
Casas Baratas, As	34
Castro Valente	35
Condes, Os	36
Confurco	37
Corral	37
Cortiñas	38
Couto, O	38
Cruces (Santa María)	39

Cruces	39
Cruxeiras de Abaixo	39
Cruxeiras de Arriba	39
Devesa, A	40
Escravidude, A	41
Estramundi de Abaixo	41
Estramundi de Arriba	41
Guimaráns	42
Herbón (Santa María)	43
Herbón	43
Horta, A	44
Igrexa, A	45
Iria Flavia (Santa María)	45
Iria Flavia	45
Lagos, Os	47
Lamas	48
Lapido, O	48
Lestido	49
Loureiro, O	50
Luáns	50
Matanza, A	51
Meda	51
Montiño, O	52
Morono	52
Muelle, O	53
Muíños, Os	55
Outeiro, O	55
Padrón (Santiago de)	56
Paraíso, O	57
Pazos de Iria	59
Pedreda	60
Pedreira, A	61
Pedroso do Norte, O	61
Pedroso do Vendaval, O	61
Picaraña, A	62
Piñeiro, O	62
Pombal de Abaixo, O	63
Pombal de Arriba, O	63

Ponte, A	63
Porta dos Mariños	65
Pousa, A	65
Pousada	65
Prada	65
Queiruga	66
Quintáns	67
Rego da Manga, O	67
Rial	68
Ribadulla	68
Río Vello, O	69
Rocha, A	69
Romarís	70
Roucón, O	70
Rúa, A	71
Rueiro, O	72
Rumille	72
Sande	73
Santa Cruz	73
Santiaguiño do Monte, O	74
Sar	76
Serra, A	76
Sinde	76
Sobrerribas	77
Souto, O	78
Tarrio	81
Torre, A	82
Toxeira, A	83
Trabanca, A	83
Vigo	84
Vilar, O	84
Vista Alegre	85
Xoane	85

Toponimia de Pontecesures	
Introdución	89
Explicación dalgúns termos	93
Parroquia e lugares do concello de Pontecesures	95
Estudo dos topónimos	97
Cagaxol, O	97
Carreiras	97
Castro, O	98
Condide	99
Couto, O	100
Fenteira	100
Galiñeiro, O	100
Grobas	101
Infesta	102
Paxareira, A	103
Pontecesures	103
Portarraxoi	105
Porto, Monte de	106
Porto de Abaixo	110
Porto de Arriba	110
Redondo	110
Requeixo (San Xulián)	111
San Lois	112
San Xulián	115
Souto, O	115
Tarroeira, A	116
Toxa, A	116
Bibliografía	121
Recursos electrónicos	125
Nomenclátoreos	126

CONCELLOS DE PADRÓN E
PONTECESURES



**REAL
ACADEMIA
GALEGA**

LEND A

SIMBOLOXÍA

-  Límite municipal
 Límite parroquial
 Límite provincial
 Curso fluvial
 Estrada
 Autoestrada

TOPÓNIMOS

- Lugares
- Parroquias
- Montes**
- Hidrografía





Sección de Lingua / Seminario de Onomástica

Fernando Cabeza Quiles, un dos principais estudosos e divulgadores da realidade toponímica do noso país, é socio fundador do Instituto de Estudos Bergantiñáns e membro da directiva da Asociación Galega de Onomástica. *Toponimia de Padrón e Pontecesures* é a súa cuarta contribución á colección Terra Nomeada, tras *Toponimia da Estrada* (2018), *Toponimia de Carballo* (2020) e *Toponimia de Ribeira* (2022). Tamén é autor de *Os nomes de lugar* (1992), *Os nomes da terra* (2000), *Toponimia de Galicia* (2008), *A toponimia celta de Galicia* (2014) e *A toponimia dos celtas brigantinos e doutros pobos da Gallaecia* (2024), entre outras publicacións. Nesta ocasión indaga na etimoloxía e no significado de 125 topónimos que designan as entidades de poboación dos concellos contiguos de Padrón (A Coruña) e Pontecesures (Pontevedra).

Asociación Galega de Onomástica



REAL
ACADEMIA
GALEGA



Asociación Galega
de Onomástica

